



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XII lexislatura  
Serie Pleno  
Número 14

**Sesión plenaria**  
26 de xuño de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA (continuación)

---

### Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

#### 6.1 5890 (12/POPX-000009)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre as medidas que o Goberno galego considera como as adecuadas para mellorar os problemas do sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

#### 6.2 5891 (12/POPX-000010)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar o financiamento de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

### Punto 7. Preguntas ao Goberno

#### 7.1 5121 (12/POP-000682)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f2, do 05.06.2024

#### 7.2 5266 (12/POP-000696)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**García Martínez, Fabiola e sete deputados/as máis**

Sobre as liñas de axudas que habilitou a Xunta de Galicia destinadas a facilitar a participación dos representantes galegos nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f2, do 12.06.2024

#### 7.3 5433 (12/POP-000722)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Abalde Alonso, Julio Ernesto e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de terreos no parque natural das Fragas do Eume

Publicación da iniciativa, BOPG nº 37f2, do 12.06.2024

#### 7.4 5881 (12/PUP-000031)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a política que desenvolve a Xunta de Galicia para loitar contra os comportamentos de odio cara á comunidade LGBTI

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024



**7.5 717 (12/POP-000060)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis**

Sobre a valoración do alcance do modelo de financiamento para Cataluña derivado dos acordos de lexislatura pactados entre o PSOE e Junts

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f2, do 12.04.2024

**7.6 5863 (12/PUP-000029)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Martínez, Roberto e dez deputados/as máis**

Sobre determinadas declaracións realizadas por responsables do Goberno central no que atinxe aos custos do rescate e da gratuidade da autoestrada AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

**7.7 1997 (12/POP-000314)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa dotación médica do Centro de Saúde do Valadouro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 17f1, do 25.04.2024

**7.8 5866 (12/PUP-000030)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a continuidade do Centro de Saúde de Doiras, no concello de Cervantes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.20.2024

**7.9 610 (12/POP-000040)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 4 deputados/as máis**

Sobre o impacto visual e paisaxístico que producirían no Camiño de Santiago as instalacións que proxecta a empresa Altri na Ulloa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10f1, do 12.04.2024



## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que o Goberno galego considera como as adecuadas para mellorar os problemas do sistema sanitario público de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 9.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S)*. (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 13.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar o financiamento de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 17.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela*. (Páx. 18.)

### ***Alteración da orde do día***

*O señor presidente anuncia que a seguir se van formular tres preguntas ao Goberno.* (Páx. 20.)

**Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do alcance do modelo de financiamento para Cataluña derivado dos acordos de lexislatura pactados entre o PSOE e Junts. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 20.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 21.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 22.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado)*. (Páx. 23.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio. (Punto sétimo da orde do día.)**

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 24.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 25.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (P)*. (Páx. 27.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 28.)



**Pregunta de D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas de axudas que habilitou a Xunta de Galicia destinadas a facilitar a participación dos representantes galegos nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Prieto Perille (P)*. (Páx. 29.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 30.)

Réplica do autor: *Sr. Prieto Perille (P)*. (Páx. 31.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso)*. (Páx. 31.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inicie todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Ríos Santomé (BNG)* (Páx. 34.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 37.)

*Nova intervención do señor López Font (S)*. (Páx. 39.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila e D<sup>a</sup> Ariadna Fernández González, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de acadar a gratuidade universal dos libros de texto en todas as etapas obrigatorias do ensino.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 40.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 43.) e *Sra. Vázquez Suárez (P)*. (Páx. 45.)

*Nova intervención da señora Fernández Davila (BNG)*. (Páx. 47.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que encargue no prazo máximo de tres meses os estudos necesarios para coñecer as vías de anulación da prórroga da concesión da autoestrada AP-9 e a viabilidade da xestión directa.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 48.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 48.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. López Font (S)*. (Páx. 51.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Rodríguez Martínez (P)* (Páx. 53.)

*O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 55.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que



a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que a cidade da Coruña albergue a futura sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gabriel Alén Castro e nove deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que, en colaboración con concellos e deputacións, desenvolva o Plan Pistas Abertas, orientado a poñer á disposición de clubs e familias as instalacións deportivas escolares: *aprobada por 37 votos a favor, ningún en contra e 35 abstencións.* (Páx. 57.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para lle dar pulo á promoción do deporte feminino: *aprobado por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 57.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inicie todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e 1 abstención.* (Páx. 58.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila e D<sup>a</sup> Ariadna Fernández González, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de acadar a gratuidade universal dos libros de texto en todas as etapas obrigatorias do ensino: *rexeitada por 34 votos a favor, 37 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 58.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que encargue no prazo máximo de tres meses os estudos necesarios para coñecer as vías de anulación da prórroga da concesión da autoestrada AP-9 e a viabilidade da xestión directa: *rexeitada por 35 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 58.)

### **Interpelación de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego. (Punto quinto da orde do día)**

Intervención do autor: Sr. López Font (S). (Páx. 59.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 61.)

Réplica do autor: Sr. López Font (S). (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso). (Páx. 66.)

### **Interpelación de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón de orientación sexual. (Punto quinto da orde do día)**



*Intervención da autora: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 68.)*

*Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 71.)*

*Réplica da autora: Sra. Carreira Pazos (BNG). (Páx. 74.)*

*Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Rodríguez González). (Páx. 75.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.*

**Interpelación de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos nos grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico.** (Punto quinto da orde do día)

*Intervención do autor: Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG). (Páx. 78.)*

*Resposta da Xunta: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 80.)*

*Réplica do autor: Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG). (Páx. 83.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza). (Páx. 85.)*

**Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de terreos no parque natural das Fragas do Eume.** (Punto sétimo da orde do día)

*Intervención do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 87.)*

*Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 88.)*

*Réplica do autor: Sr. Abalde Alonso (S). (Páx. 89.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Vázquez Mejuto). (Páx. 90.)*

**Pregunta de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro e D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política que desenvolve a Xunta de Galicia para loitar contra os comportamentos de odio cara á comunidade LGBTI.** (Punto sétimo da orde do día)

*Intervención da autora: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 91.)*

*Contestación da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 92.)*

*Réplica da autora: Sra. Longueira Castro (S). (Páx. 93.)*

*Réplica da Xunta: Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez). (Páx. 94.)*

**Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre determinadas declaracións realizadas por responsables do Goberno central no que atinxe aos custos do rescate e da gratuidade da autoestrada AP-9.** (Punto sétimo da orde do día)

*Intervención do autor: Sr. Rodríguez Martínez (P). (Páx. 95.)*



Contestación da Xunta: *Sra conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 96.)

Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Martínez (P)*. (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Martínez Allegue)*. (Páx. 97.) .

**Pregunta de D. Daniel Castro García e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa dotación médica do Centro de Saúde do Valadouro (Punto sétimo da orde do día)**

Intervención do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 100.)

Réplica do autor: *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 101.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a continuidade do Centro de Saúde de Doiras, no concello de Cervantes. (Punto sétimo da orde do día)**

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 103.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 104.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 106.)

*Remata a sesión ás cinco e cincuenta e nove minutos da tarde.*





Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reanudamos a sesión co punto sexto da orde do día.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que o Goberno galego considera como as adecuadas para mellorar os problemas do sistema sanitario público de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Gómez Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Bos días.

Moitas grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Señor Rueda, Galicia é a segunda comunidade que menos cartos públicos asigna á atención primaria de toda España; a segunda por baixo; soamente superamos o territorio de «*madame liberté*», de Ayuso, da Comunidade de Madrid. (*Murmurios.*) Non creo que sexa un bo dato inicialmente.

A situación do persoal do Sergas tampouco é das mellores de España en materia de retribución do persoal formado, do MIR; tampouco son as retribucións mellores de España.

En materia de formación, a Xunta de Galicia no ano 2023 deixou sen convocar máis de cen prazas formativas do sistema. Fronte ás 725 ofertadas polo Estado, soamente saíron 620. A imaxe é que parece que nos sobra persoal para formar en materia de atención de asistencia sanitaria. E durante os últimos anos deixáronse sen cubrir 180 prazas de médicos e médicas de familia, que hoxe poderían estar traballando.

Se botamos man das *ratios* en relación co resto de territorio, tampouco as cifras nos asignan unha boa posición. Galicia presenta un coeficiente de 5,6 médicos e médicas por cada 1.000 habitantes, fronte aos 6,2 de España. En enfermeiros e enfermeiras, a situación é exactamente a mesma: 5,2, fronte ás 7,2. Non é mellor a situación na *ratio* tamén dos profesionais da saúde mental —psiquiatría, psicoloxía— nin tampouco en relación coas matronas, que ocupamos a peor situación. E ante todo isto parece que a situación é: ideas singulares —agora que está de moda tanto a expresión «singular»— que van desde o monopolio sanitario de ofrecer vivendas durante o verán a outras cuestións en materia de acumulación formativa para os MIR, que xa veremos como se fai esa supervisión, se é directa, indirecta, ou, ao mellor, con intelixencia artificial, que é unha posibilidade que tamén parece abrirse agora de forma non digo prospectiva, pero parece que apuntamos agora a esa tutelaxe por intelixencia artificial. É unha opinión, en todo caso.

A verdade é que creo que a situación reflicte unha realidade do Partido Popular durante os últimos anos: a desatención da atención primaria; esa atención primaria que nós pedimos,



ademais, que se volva facer grande, que se volva fortalecer, porque durante eses últimos anos do Goberno do Partido Popular —e que parece que continúa—, efectivamente, esa atención primaria foi descoidada. Nese sentido, apostamos por aumentala, por aumentar o seu potencial e por aumentar o número de profesionais; por certo, non só de médicos e médicas, senón tamén doutros equipos profesionais, a que se sumen —como se está facendo noutras comunidades autónomas— a equipos multidisciplinares e abandonemos un pouco ese medicocentrismo no que se apunta e desenvolve a atención primaria. A atención primaria é fundamental, pero, ademais, hai unha imaxe pública de proximidade que se ten con ese veciño ou veciña, que, efectivamente, acode á sanidade pública antes de acudir á atención hospitalaria.

Por tanto, apostamos por esa potenciación da atención primaria e por incorporar novos profesionais e, sobre todo, por que se poidan facer máis cousas das que se están facendo na atención primaria: probas diagnósticas, acumulación das competencias dos enfermeiros e enfermeiras, por suposto, aumentar o número de enfermeiros e enfermeiras; en definitiva, facer da atención primaria unha parte máis forte do que é o sistema sanitario público, e, con todo isto, abandonar o que foi a perspectiva dos anos oitenta e noventa e centrarnos na realidade de Galicia hoxe, no ano 2024.

En definitiva, con todas estas cuestións, a pregunta que lle fago é se lle parece que se están adoptando as medidas correctas para mellorar a sanidade pública e, en concreto, a atención primaria. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Señor Besteiro, empezando pola pregunta que me facía ao final, contéstolle: nunca as medidas son dabondo, pero por suposto que estamos adoptando medidas, cunha continuidade, ademais, porque vostede fala tamén un pouco diso. Levan cinco ministros de sanidade en cinco anos. Ao final, deixaron ese tema en mans dunha ministra de Podemos, o cal quere dicir que non lles interesa moito controlar esa área, como non controlan no Ministerio ou no Goberno central ningunha das áreas dese bigoberno. Polo tanto, eu creo que isto ten a suficiente importancia como, polo menos, para darlla. Pero, xa digo, despois dunha rotación, que nalgún caso non chegou nin aos catro ou cinco meses, ao final, quedou en mans dunha ministra que fala de ocorrencias, que é unha comentarista da situación, que está aí asomada a ver que facemos as comunidades autónomas e que nunca aporta ningunha solución ao Goberno central. Iso si, fai críticas, di que vai abordar problemas, fai anuncios de cousas que vai facer a dous anos vista... Todo iso é o que estamos recibindo do Goberno central, e dígollo porque isto ten que ser unha tarefa entre todos.



A semana pasada xa preguntaba o BNG sobre sanidade. Parécenos moi ben. Oxalá estivésemos falando sempre de sanidade nas preguntas de control. Vostedes, iso si, demostran bastante pouca orixinalidade, porque, como comprenderá, dunha semana para outra as situacións non mudaron moito e, polo tanto, as respostas non poden variar moito, porque é que tampouco os problemas son tan diferentes, por moito que vostede se empeñe. Vostede empezaba a súa pregunta dando esa visión catastrofista que tanto lles gusta aos partidos da oposición sobre unha das mellores sanidades de Europa, que é a sanidade pública galega. *(Aplausos.)* Vostedes sempre están nesa visión tremenda, de hospitais de campaña, tercermundistas, que tanto lles gusta. ¡Alá vostedes! O principal problema que teñen todas as sanidades públicas en España e cada vez máis en Europa é a falta de médicos e, polo tanto, iso temos que solucionalo de xeito global. E iso condiciona moitas cousas.

Claro que nós estamos adoptando medidas, que vostedes chaman ocorrencias. Decía o conselleiro moi acertadamente que ocorrencias son ideas xeniais que teñen que plantexarse ante situacións que ás veces aparecen moi rápido e para as que ninguén está botando unha man. Polo tanto, temos que solucionar nós, e iso é o que estamos facendo. E o que vostede chama ocorrencias, man de obra barata..., con esa superioridade e ese desprezo co que falan de profesionais que levan moitos anos estudando, despois de superar unha oposición, é o que nós chamamos solucionar problemas. SE, mire, todos eses MIR do último ano que se apuntaron ao sistema que está implantando o Sergas, todo ese sistema de voluntariado, que polo de agora está funcionando, todos eses cartos que se están poñendo para solucionar o que é un problema, é o que nós chamamos medidas que funcionan. Son pioneiras, xa se están copiando en moitos sitios. Serían moito máis eficaces aínda en todas as comunidades autónomas se o Goberno central fixese algo máis que ser un comentarista.

Mire, é o mesmo Goberno central que no ano 2020 fixo unha mala planificación por mor da pandemia e que agora obriga, por ese tempo, a que os MIR non poidan acabar o tempo. Hai 153 médicos de primaria e pediatras que non poden acabar o tempo por culpa do Ministerio de Sanidade. É a mesma ministra que despois de dicir que eran tremendas as situacións do verán, en canto viu o que pasou en Cataluña —a peaxe que teñen vostedes que pagar—, empezou a dicir que é normal que se pechen camas, porque, como se estaban pechando en Cataluña, entón, xa é normal para todo. O dobre rasero, a dobre hipocrisía, é non entender os problemas porque non teñen que solucionarlos vostedes, señor Besteiro. *(Aplausos.)*

Mire, ao contrario do que fan vostedes, que son uns comentaristas sen aportar solucións, nós examinamos a situación, recoñecemos que hai que aportar solucións, pedimos axuda e, se non a temos, facemos todo o que podemos e buscamos onde poder mellorar. E claro que hai que mellorar, pero temos —e quero insistir niso— un sistema sólido de sanidade pública, un sistema sostido con máis orzamentos ca nunca, 5.200 millóns de euros —todas as cifras que dan vostedes son terxiversadas, falseadas, non son certas—, con máis profesionais que nunca, 43.700, e non só médicos —e non só medios, por suposto—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Os médicos son importantes, pero non só os médicos, e, por suposto, planificados.



É unha mágoa, xa lle digo, que non teñamos a colaboración que tiña que coordinarnos a todos, é unha mágoa que non se implique no que é un problema xeral e é unha mágoa que vostede, con tal de defender todo iso, outra vez queira dicir que todas as culpas están aquí. Nós aquí temos responsabilidades, pero a gran responsabilidade de coordinación non se está exercendo, señor Besteiro.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Besteiro.

**O señor GÓMEZ BESTEIRO:** Pregúntolle por mazás e vostede contéstame con peras.

Creo que estaba ben centrada a pregunta, falando da atención primaria, con propostas. E, ademais, creo que nese sentido desas propostas, especificamente mencionei que xa veremos como avanza esa cuestión dos MIR de último ano. Creo que nese sentido imos estar expectantes todos a esa supervisión que, evidentemente, hai que facer e a como se fai para dar cumprimento ao que é a legalidade.

Pregúntolle por un asunto de xestión de Galicia e vostede contéstame co de España. Esta é a tónica xeral, por certo, en todas as preguntas e en todas as sesións de control. Mire, esta imaxe (*O señor Gómez Besteiro mostra unha gráfica.*) reflicte o que foi a convocatoria por parte do Estado dos MIR en atención primaria. Fíxese, empeza no ano 2010 e remata no ano 2024. As liñas azuis, son vostedes; as liñas roxas somos nós. Fíxese como se duplica a cantidade: máis de duascenas anuais nos últimos tres anos, e que saiba eu a poboación non se duplicou nestes últimos quince anos.

Por tanto, haberá que imputarse algún déficit de xestión cando un ten máis profesionais e a poboación vén sendo a mesma. Quere dicir, asumamos a responsabilidade de se vostedes van apostar definitivamente pola atención primaria ou non; que non é unha cuestión soamente de profesionais, tamén é de xestión. Eu o que lle reivindicaba e lle pedía no meu primeiro turno, na miña primeira intervención, era, precisamente, ese compromiso para potenciar a atención primaria. Vostedes non están por iso e desvíano con outras cuestións que creo que non lle interesan francamente a ninguén. A aposta é se vostedes están en disposición de apostar verdadeiramente pola atención primaria, e, por certo, por aumentar a carteira de servizos desa atención primaria, que, como lle dicía, é a primeira liña coa que os cidadáns se encontran na sanidade pública, a que todos queremos e a que todos defendemos. A partir de aí, vostede conteste o que queira, que, evidentemente, está na súa liberdade, pero non me contesta ao que eu lle plantexo, e, por tanto, creo que botando balóns fóra as cousas non se solucionan.

Eu vou continuar nesa liña construtiva de ofrecerlle posicións de acordo, sobre todo para mellorar. Vostede poderá aceptala, poderá rexeitala ou poderemos compararnos, como sempre, co territorio de Madrid; como sabe, un territorio que en materia de sanidade pública é un territorio absolutamente bandeira. Nós queremos parecer nos aos mellores,



non aos peores. Estamos comprometidos coa sanidade pública, e especialmente tamén coa atención primaria. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Si, moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, non sei se sabe que ese cadro que me ensina responde ao esforzo que fixo a Xunta de Galicia neses anos convocando prazas. Vostede estaría en Madrid, pero quen toma a decisión de convocar somos nós. Polo tanto, grazas por pintar de vermello o esforzo azul que fai a Xunta de Galicia, señor Besteiro. (*Aplausos.*) ¡É que está moi ben que pense que pintando de cores diferentes cambia o protagonismo do esforzo! ¡Se non se trata de protagonismos! ¡Si, si, o esforzo da Xunta de Galicia! ¿Pero quen cre que decide as prazas que se convocan cada ano en cada comunidade autónoma, señor Besteiro?

Eu fállolle do Ministerio porque é a pata que falta. Pero é que isto llo din todas as comunidades autónomas, e é fundamental. É fundamental mentres se reserve competencias, que, se nolas traspasase ás comunidades autónomas, pois, entón, outro galo cantaría e eu estaríalle dicindo que é responsabilidade cen por cento nosa, pero non é así. Polo tanto, mire, ¡é que non hai que inventar nada! ¡Se se trata simplemente de cumprir o xa comprometido, que levan cada ano...! ¡Claro!, como cambian cada tres meses de ministro de sanidade, pois é moi difícil darlle unha continuidade a este asunto, pero é que levamos moitísimo tempo pedindo que se elimine a nota de corte nos MIR e que sexa un sistema de ordenación, non de eliminación. ¿Por que non o fan, señor Besteiro? Se o fan e as cousas seguen tan catastróficas como vostede comenta, pois, entón, a culpa será nosa. Pero, mentres non o fagan, entenderá que a culpa, como mínimo, é compartida; que non é compartida, é de que non toma esa decisión, que son os ministerios e os ministros e as ministras socialistas de Sanidade, señor Besteiro. ¿Por que non crean a especialidade de Urxencias e evitamos que moitos médicos que aproban o MIR en primaria despois vaian traballar aos hospitais? Pero, ¿por que non a crean? Levan mareando a perdiz moitísimos anos; pídello todo o mundo e non o fan. ¿Por que non flexibilizan os criterios das unidades docentes para que aquí poidamos formar máis profesionais, sobre todo MIR de medicina primaria? ¿Por que non o fan? ¿Por que non elevan a 72 anos a idade para estar no exercicio da medicina? ¿Por que non fan iso? ¿Por que non fan todas esas medidas ou por que non nos deixan facelas a nós? Comprenderá que, mentres estas cousas non se fagan, moitos problemas da primaria seguirán aí, e comprenderá que, mentres, nós tomaremos medidas eficaces, esas que vostedes chaman «ocorrencias» porque non saben como reaccionar.

Entón, todo ese catastrofismo o que demostra é que están vostedes moi desconectados da realidade. Miren, Galicia é a segunda comunidade autónoma que mellor valora a súa sanidade pública; ¡a segunda, señor Besteiro! Polo tanto, todo este discurso que fai vostede, ao mellor, está un pouco desconectado da realidade, como en tantas outras cousas, nos discursos que vostedes fan.



Os galegos somos os españois que menos consideramos que a sanidade funciona mal; os que menos, de dezasete comunidades autónomas. Valoramos o Sergas cunha das notas máis altas: dez puntos máis por enriba da media nacional respecto da valoración dos sistemas públicos de sanidade. *(Aplausos.)* Isto non quere dicir, señor Besteiro, que sexamos conformistas, nin moitísimo menos; temos que seguir traballando e seguiremos adoptando medidas, as que poidamos, as que sexamos capaces de facer, as que se nos ocorran no bo sentido, por moito que vostedes —pexorativamente e sempre dende a oposición— estean intentando descualificalas sen aportar nada.

Eu dígolle unha cousa: non faga como esta ministra de Podemos e os anteriores ministros e ministras socialistas; sexa algo máis que un comentarista crítico do esforzo dos demais e entenda que isto é un esforzo de país e que todas as comunidades autónomas estamos pedindo que se tomen medidas que vostedes non toman. Se fai todo iso, empezará a marcar unha identidade propia, empezará a demostrar que lle importa máis Galicia que o seu partido e faralles un favor a todos os galegos e tamén —se mo permite— a vostede mesmo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para mellorar o financiamento de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señorías.

Señor Rueda, 13.975 millóns de euros. ¿Sabe con que se corresponde esta cifra? É o burato que nos deixa o actual modelo de financiamento, aprobado coa sinatura de Alberto Núñez Feijóo. Eu imaxino que vostede coñece este dato, porque figura no informe elaborado polo Consello de Contas, no que analiza o funcionamento deste sistema entre os anos 2009–2021 en termos de equidade e de suficiencia, ou, dito noutras palabras, canto gasta Galiza nos seus servizos públicos e canto está recibindo a cambio.

A conclusión deste informe é demoledora: Galiza perde, e perde moito, concretamente 13.975 millóns de euros; é dicir, cada galego e cada galega recibe 391 euros menos do que lle correspondería, e así ano tras ano desde 2009. E eu preguntolle que fixo o Goberno do Partido Popular para poñer fin a un modelo de financiamento que nos discrimina e que, ademais, leva dez anos caducado. A resposta coñecémola todos e todas: nada; absolutamente nada. *(Aplausos.)*

O Partido Popular é cómplice desta discriminación e non moveu un dedo para solucionala; ao contrario, vostedes, en vez de pelexar por un sistema de financiamento xusto con este país, foron os campións dos recortes nos servizos públicos. Ademais, é que este informe do Consello de Contas tamén di algo que é moi importante, porque critica a súa política fiscal;



esa que consiste en rebaixarlles máis os impostos aos máis ricos, porque o que está é incrementando ese burato do déficit que ten o financiamento en Galiza.

Polo tanto, señor Rueda, as conclusións son: o Goberno do Partido Popular nin quere nin sabe defender os intereses de Galiza en materia de financiamento; por iso perdemos cada ano mil millóns de euros. ¡E aínda nos falan de defensa da igualdade! *(Aplausos.)*

O Goberno do Partido Popular foi o campión dos recortes nos servizos públicos, mentres triplicaba a débeda do noso país, e o Goberno do Partido Popular non usou o escaso autogoberno fiscal que temos para mellorar o financiamento; o que fixo foi agasallos fiscais, mentres deixa nunha situación moi preocupante os nosos servizos públicos.

Señor Rueda, nós temos claro que hai que acabar con esta discriminación, por iso defendemos que Galiza necesita un sistema de financiamento propio e singular —chámelle como queira—, adaptado á nosa realidade e que nos permita ter a chave dos nosos cartos, porque a factura do centralismo que vostede defende nos sae moi cara, señor Rueda: son 14.000 millóns de euros.

Por iso, hoxe preguntolle: ¿que vai facer para defender un mellor sistema de financiamento para Galiza?; ¿ou simplemente vai seguir recibindo ordes de Génova?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Señora Pontón, «o Partido Popular» —a ver se apuntei ben— «é cómplice de que o Estado lle furete a Galicia». Isto dimo a responsable dun partido que apoiou todas as investidas de Pedro Sánchez e que non lle apoia os presupostos porque non os fai, que, se non, tamén llos apoiaría. *(Aplausos.)* Polo tanto, señora Pontón, ¡home...! Ademais, ¡noraboa!, porque creo que... Bueno, noraboa para vostede, porque se confirma todo o que supoño que lle gustará, pero non noraboa para Galicia.

Hoxe na sesión de control —segundo me comentan— vostedes preguntáronlle a Pedro Sánchez sobre cando ía empezar —levamos unha lexislatura— a cumprir sequera con algunha cousiña para lavarlles un pouco a cara dese fabuloso pacto de investidura que, por segunda vez, fixeron e que, por segunda vez, non lles cumpren. Creo que dixó que si, si, que tranquilos, que todo vai moi ben e que xa falarán máis adiante. ¡O de sempre...! Son vostedes os grandes timados; o malo é que a quen timan é a Galicia, señora Pontón. ¡O malo é que a quen se tima é a Galicia! *(Aplausos.)*

Mire, déixese de falar de ofrecementos singulares. ¡Se non llo van ofrecer!, ¡se a quen llelo ofreceron é a quen lles interesa, que é a Cataluña, que é a quen valoran de verdade, ao independentismo catalán! Vostedes son unha muleta, unha comparsa.



Vén aquí reclamarme a min que pida un financiamento singular. Iso non serve para Galicia. E tamén lle digo unha cousa: se tan importante é, ¿por que non o conseguiu vostede cando apoiaba a investidura? ¿Non se dá conta de que os toman como unha broma? ¡Menos mal!, ¡menos mal, señora Pontón!

Vostede pregúntame «que vai facer o Goberno da Xunta para impulsar o financiamento de Galicia e para mellorar o funcionamento de Galicia» —leo textualmente—. Pois, mire, xusto o contrario do que vostedes apoian: fuxir de particularidades, fuxir de egoísmos e fuxir de plantexamentos antigalegos. Todo o contrario do que fan os seus socios, que lles birlaron un escano nas eleccións europeas á última hora —por moito que non lles guste— e aos que vostedes seguen apoiando. E rexeitar unha política que para Galicia é letal e demoledora e que vostedes —incriticamente— seguen apoiando en Madrid. *(Aplausos.)*

Mire, no meu afán de intentar contestarlle coa máxima exactitude posible, por deixar sentado un principio: ¿vostede está de acordo comigo en que o financiamento dos servizos públicos, a suficiencia, ter cartos dabondo, é o que debe enmarcar o que lle temos que pedir ao Goberno central en materia de financiamento autonómico? ¿Está de acordo en que falar de financiamento autonómico non é para falar de ideoloxías, non é para comprar gobernos nin para comprar investiduras? Iso é o que vostedes apoian e nós rexeitamos absolutamente.

Mire, xa o sabemos, cada galego sabe o que nos custou a investidura do señor Sánchez: catrocentos euros por galego e galega. ¡Si, si, señor Besteiro! ¡Ao mellor é máis, eh! Eu quero ser un pouco prudente na estimación. Agora imos saber canto nos custa a investidura do señor Illa. Dende logo, o que estamos vendo é que aquí non temos claro o que se está ventilando, e o que se está ventilando é a igualdade dos territorios en España e, polo tanto, a igualdade de Galicia co resto de comunidades autónomas.

O demais son inxustizas. E non hai terceiras vías, señora Pontón. Os que falan de terceiras vías son os que están amparando o que lle queren facer a Galicia e ao resto de territorios leais coa Constitución e leais coa solidariedade que ten que haber entre territorios.

Mire, nós temos moi clara a nosa postura —clarísima—, e, cando nos chamen, ímola contar, sen ningunha dúbida. Custa máis prestar os servizos públicos en Galicia —moitos máis servizos públicos— que noutras comunidades autónomas, e queremos financiamento para todo iso. Ímolo pedir, iso non parte de sentarnos todos unilateralmente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** ...e empezar a falar, non parte de facer capeliñas á parte, de facer previas e de ir quitando parte da torta, porque niso imos perder, seguro, señora Pontón.

Polo tanto, se nos chama como anunciou... Agora parece que a señora Montero non era capaz nin sequera de dar unha data do Consello de Política... Decía que a ver, que si, que se ía reunir, pero a ver de que iamos falar. Nós queremos que se reúna de xeito multilateral e para falar en serio. Se queren falar en serio, terán unha comunidade leal, unha comunidade solidaria.





Se nos chaman para repartir as migallas que van quedar despois dese festín singular que se queren dar algúns, entón, que non conten con Galicia.

Señora Pontón, dicía o seu socio de Esquerra Republicana que xa vai sendo hora de que deixen de saír cousas de Cataluña, e que non saia nada máis e que a Cataluña vaia todo. Polo tanto, ese todo é á custa dos demais. Simplemente lle pregunto para responderlle ben na réplica: ¿está vostede de acordo con iso ou está de acordo cos intereses reais de Galicia?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Si, señor xefe da oposición, encantada lle respondo ás súas preguntas. *(Risos.) (Aplausos.)*

Señor Rueda, a súa resposta hoxe é un retrato da incapacidade política até límites que eu non pensei ver neste Parlamento. Si, si, ría, pero é que me está pedindo a min que faga o seu traballo como presidente para negociar o financiamento de Galiza. ¿Pero dáse conta de en que papel se deixa quedar, señor Rueda? *(Aplausos.)* Claro, constantemente, cada vez que falamos de algo que se decide en Madrid, ten que falar do acordo de investidura do BNG, porque é que vostede non consegue absolutamente nada para este país, señor Rueda. *(O señor presidente da Xunta de Galicia, Rueda Valenzuela, ri.) (Protestas.) (Murmurios.) (Aplausos.)* Ría, si, si.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Perdón?

**A señora PONTÓN MONDELO:** Non se poñan nerviosos e nerviosas, que a verdade xa sei que lles molesta, pero aquí teñen que escoitala. *(Aplausos.)*

Mire, señor Rueda, ¿quen negociou o sistema de financiamento que lle fai perder a Galiza catorce mil millóns de euros? ¿Negociouno o BNG? Non, non. É que o BNG en Madrid votou en contra deste modelo de financiamento porque era prexudicial para os intereses de Galiza. ¿Sabe que fixo o PP? Abstívose para que se aprobase un modelo que ía en contra dos intereses deste país. *(Aplausos.)* ¡Señor Rueda, por favor! ¡Pero se o asinou o señor Núñez Feijóo!, ese señor Núñez Feijóo que fixo —asinando este modelo de financiamento, do que é cómplice o Partido Popular— que perdamos catorce mil millóns de euros. E non llo di o BNG, jé que llo está dicindo o Consello de Contas, señor Rueda!

É un tema o suficientemente serio como para que non veña aquí darnos outra das súas leccións do Club da Comedia. Sobre todo, e o máis importante, señor Rueda, é que o financiamento de Galiza non se decida con criterios que van en contra do noso país. Mire, a multilateralidade o que xa está provocando é que perdamos mil millóns de euros cada ano, e isto é responsabilidade e complicidade do PP, porque lle lembro que desde o ano 2014 está caducado. ¿Fixo algo o PP para cambiálo? ¿Reclamoulle a Mariano Rajoy —que tiña a maioría



absoluta— que cambiase un sistema de financiamento que era letal para os servizos públicos deste país? Estiveron calados, sempre ao servizo do centralismo. *(Aplausos.)*

Mire, ao final, o sistema de financiamento co seu modelo vaise votar nas Cortes. ¿E que vai defender o Partido Popular desde Génova? Mire, o novo líder do Partido Popular, o señor Feijóo, asume agora como prioritario o criterio de poboación que combatía cando era presidente da Xunta, e vostede, calado, señor Rueda, sen defender os intereses do noso país. *(Aplausos.)* Explíquenos tamén por que o PP defendía un financiamento singular para Cataluña e por que está defendendo un financiamento singular para Aragón...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...pero o que nos receita o señor Rueda, o líder do galeguismo e da multilateralidade, é un sistema que fai que perdamos catorce mil millóns de euros neste país, mil millóns de euros cada ano. De verdade, señor Rueda, empece a tomar en serio este país e empece a tomar en serio o que significa ser presidente da Xunta.

O que non pode ser...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...é que non coñezamos, no día de hoxe, que criterios defende o Goberno galego en materia de financiamento e que veña a unha sesión de control ao Parlamento de Galiza pedirlle ao BNG que faga o seu traballo. Gañe o salario que lle pagan os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta ten a palabra o señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, o de que lle dei unha resposta abraiante e que vostede fica abraiada por unha resposta que nunca pensou escoitar dimo en todas as respostas. Vostede, como sempre, está brillantísima, que lle aplaude moito o seu grupo, e eu non lle podó dicir nada, pero de verdade, señora Pontón, un pouco de seriedade para plantexar os temas.

Dime que son o xefe da oposición. Si, si, por suposto, fronte ao Goberno central, porque aquí hai un grupo que xa ninguén espera máis que que lle tape as vergonzas ao señor Sánchez, e outro grupo absolutamente cómplice e vergonzante que foi timado e que non é capaz de dicir nada. *(Aplausos.)* Polo tanto, si, eu son o xefe da oposición de Galicia fronte ao Goberno central, señora Pontón, ¡e a moita honra! *(Aplausos.)* Vostedes chegan alí e calan como cordeiriños. Xa llelo digo moitas veces, veñen moi bravos aquí, pero están moi mansos alá, señora Pontón, e así lles vai e así lles toman o pelo. ¡Alá vostedes! Eu xa sei, e non espero, porque se tivese que esperar que vostede fixese o traballo de reivindicación ante o Goberno central,



javiados iamos en Galicia, señora Pontón! Polo tanto, iso ímolo facer nós, non se preocupe, pero con sentidiño e con rigor.

Vostede fala de 6 mil millóns e fala dun sistema de cupo que todos os expertos económicos que non son do BNG —e aínda así moitos do BNG— lle din que é un disparate, e que con ese sistema Galicia perdería moitísimo máis do que está recibindo agora. Nós non queremos perder, aspiramos a recibir máis. Polo tanto, pasee vostede por aí con ese sistema no que ninguén cre máis que o BNG, que leva anos e anos repetindo as mesmas teimas e as mesmas matracas en materia de financiamento, señora Pontón. Nós somos serios.

A min non me estraña, vostede é a deputada que máis tempo leva aquí, 25 anos, e nunca manexou un carto público; polo tanto, dálle exactamente igual o que nos transfiran no fondo. O que quere é facer ruído. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, é así. Pero eu teño unha responsabilidade; efectivamente, son o presidente da Xunta. Elixíronme os galegos, e eu teño que conseguir que os cartos que nos manden desde Madrid sexan dabondo para financiar os servizos públicos. Vostede fai ruído e matraca, e leva 25 anos na oposición. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza, señora Pontón, ¡esa é a diferenza!

Polo tanto, se vostede quere coller este tema coas teimas de sempre do Bloque, ¡alá vostede! Eu considero que o financiamento autonómico é unha cuestión de Estado que hai moito tempo que tiña que estar xa enriba da mesa, pero ao Partido Socialista non lle interesa.

Todos sabemos que non lle interesa, porque se plantexase isto como hai que plantexalo, falando con todas as comunidades autónomas, non podería facer o que está facendo, que é negociar pola porta de atrás o sostemento, primeiro da investidura, e agora, durante toda a lexislatura, de Pedro Sánchez. Por triste que sexa, isto é o que hai, e con isto é co que hai que rachar. Polo tanto, non se pode falar de cuestións de Estado cos que non cren no Estado, e é o que está pasando agora mesmo. Polo tanto, non imos tolerar que nos queiran dar todas esas migallas despois de arreglar o que lles interesa realmente, co apoio do Partido Socialista e tamén co seu apoio.

Eu propóñolle unha postura común —é moi sinxelo—, e ademais é unha postura non só das comunidades autónomas do PP, senón tamén doutras comunidades autónomas. É certo que a Declaración de Santiago xa ten tres anos, pero estou seguro de que na inmensa maioría, se non é no cen por cento, segue absolutamente vixente. Esta di —e léolle a declaración final que asinaron oito presidentes e presidentas autonómicos— que «a reforma do sistema debe blindar a igualdade entre territorios no que se refire á protección dos servizos públicos». ¿Está de acordo con isto, señora Pontón? ¿Cre que isto é o fundamental?, ¿cre que a igualdade e a solidariedade entre as comunidades autónomas é o que debe primar e presidir calquera negociación en materia de financiamento autonómico? Se cre isto, entón, estará do lado de Galicia. Se cre que este é o camiño polo que temos que transitar, estará coa maioría dos galegos. Se segue con iso, como vostede non ten responsabilidade e dende a oposición non hai que financiar os servizos públicos, que é o que fai que a xente teña estado do benestar, e segue coas súas teimas, coas súas proclamas, coas súas teorías, nas que ninguén cre...



**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela):** ...está facéndolle perder tempo a Galicia. Nós niso non estamos, por iso estamos gobernando e por iso vostede leva tantos anos na oposición.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### *Alteración da orde do día*

**O señor PRESIDENTE:** Imos substanciar agora tres alteracións da orde do día, son preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do alcance do modelo de financiamento para Cataluña derivado dos acordos de lexislatura pactados entre o PSOE e Junts**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días.

O tempo pasa moi rápido, pero hai cousas que nin nós nin os galegos esquecemos. O señor Besteiro, líder do Partido Socialista e voceiro nesta Cámara, formou parte do equipo que negociou a investidura de Pedro Sánchez co independentismo catalán. No documento, que el tamén pactou con Junts, poñía textualmente: «O PSOE apostará por medidas que permitan a autonomía financeira de Cataluña». Pouco antes, acordou con Esquerra que cada galego teña que pagar nin máis nin menos que catrocentos euros para condonar a débeda con Cataluña. Isto si que é un dato demoledor.

Ese é o Partido Socialista de Galicia, un partido que pon un galego a negociar que lle dean máis a Cataluña que a Galicia; un partido que sempre aposta por Pedro Sánchez e que nunca aposta polo futuro da nosa comunidade; un partido que prima as disputas internas fronte á estabilidade dos gobernos; un partido ao que o «G» de Galicia lle queda moi grande. Menos mal que os galegos e as galegas, sempre que teñen a oportunidade, responden nas urnas a estes agravios; agravios dos que hoxe se esqueceron algunhas cando non dixeron, en toda esta memoria histórica do financiamento, que durante cinco presupostos consecutivos apoiaron os orzamentos de Zapatero que tanto dano lle fixeron a Galicia e que tantos agravios lle fixeron á nosa comunidade.

Esta semana tivemos que aguantar un ministro dicindo que había suficiencia de recursos para todas as comunidades autónomas; unha afirmación que lembra moito outra doutra ministra que dicía que os fondos europeos nos ían saír polas orellas. Pero o mesmo día que o



ministro Cuerpo dicía que hai diñeiro para todos, os expertos do Foro Económico de Galicia deixaban claro que facer unha excepción con Cataluña comprometía a viabilidade económica de España. Leo outra conclusión: «a asimetría entre o modelo común e o modelo foral representa unha anomalía sen parangón no panorama internacional». Paréceme que está bastante claro. O curioso é que un deses expertos é un vello coñecido desta Cámara, Xaquín Fernández Leiceaga, primeiro colega dos nacionalistas e logo colega dos socialistas. Eu creo que ben lle podería explicar o insulto que supón para Galicia o financiamento singular para Cataluña. Este é o Goberno do Partido Socialista —apuntalado polo Bloque Nacionalista Galego— que temos que soportar.

Por iso, señor conselleiro, eu pregúntolle: ¿que valoración fai o Goberno galego sobre o modelo de financiamento singular presentado recentemente polo Goberno da Generalitat e recollido nos acordos de lexislatura pactados polo Partido Socialista e Junts?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Señor presidente, señoría, agradezo a oportunidade que me ofrece para falar en sede parlamentaria desta posibilidade dun financiamento singular para unha comunidade autónoma como consecuencia do acordo entre PSOE e Junts, neste caso.

O primeiro que me gustaría deixar ben claro é que esta proposta, ao meu xuízo, non encaixa no marco constitucional vixente. En efecto, a proposta de crear un réxime distinto do común non ten cabida no actual marco legal, xa que tanto a Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas como a Lei de financiamento 22/2009, elaboradas ao abeiro da Constitución española, non permiten ningunha singularidade en materia de financiamento para as comunidades autónomas —agás as dos sistemas de concello e de concerto do País Vasco e de Navarra, recollidas na disposición adicional primeira da Constitución española—, precisamente, por entender que esta singularidade atentaría contra o principio de igualdade entre os españois que consagra o artigo 2 da Carta Magna.

O segundo que me gustaría salientar é que, por este mesmo motivo e porque sería lesivo para os recursos da facenda pública autonómica, esta proposta é inaceptable para Galicia, xa que atentaría contra a igualdade de trato que acabo de dicir e levaría á consideración de cidadáns de primeira e cidadáns de segunda.

Dende o Goberno galego lamentamos que o presidente do Goberno de España estea mercadeando de novo coa igualdade dos españois a cambio de votos.

Xa é a segunda vez que o fai; fíxoo na súa investidura e agora pretende voltar facelo para a investidura do señor Illa en Cataluña.



Galicia non pode aceptar estas negociacións bilaterais entre o Goberno de Pedro Sánchez e os independentistas cataláns, que logo tentan trasladar como algo beneficioso para todos; aínda estou ollando a ver onde atopo ese beneficio para a nosa comunidade autónoma. Xa o tentaron coa proposta de condonación da débeda de máis de quince mil millóns de euros para Cataluña —da que nada sabemos nesta comunidade autónoma— que se tentou vender como algo positivo para todos os territorios, cando en realidade —como acaba de dicir o señor presidente— suporía un prexuízo de catrocentos euros por cada cidadán galego. Agora, se Cataluña saíse do réxime común do sistema de financiamento autonómico, o que pasaría sería que se remataría co Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais, porque non aportaría a ese fondo, e só tres comunidades autónomas son as que achegan recursos a ese fondo: Cataluña, Madrid e Baleares; e Galicia recibe dese fondo nada máis e nada menos que 1.700 millóns de euros ao ano, contía coa que non podería contar de saír Cataluña do réxime xeral. Polo tanto, esta proposta, ao meu xuízo, non é nin constitucional nin viable.

Por iso, o verdadeiramente importante é que o Goberno de España se poña a traballar axiña para poñer enriba da mesa, nun foro multilateral axeitado —como pedimos—, un novo modelo e máis recursos para financeiro; un modelo que garanta —como dicía— máis recursos para acadar esa suficiencia na que estamos de acordo todas as comunidades autónomas e que garanta tamén unha prestación equitativa de servizos en todas as comunidades autónomas, polo que debería reflectir o custo diferencial que custa prestar determinados servizos no noso territorio. Isto será posible se o Goberno central convoca de forma urxente o Consello de Política Fiscal e Financeira ou a Conferencia de Presidentes, como temos pedido desde Galicia, cunha orde do día que implique revisar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(O conselleiro de Facenda e Administración Pública, Corgos López-Prado, pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Ten outro turno despois.

Para a réplica, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señor conselleiro, como di o Foro Económico de Galicia, ao Goberno central non lle importa renunciar ao control fiscal dunha parte de España. Por iso mesmo, o Goberno o que ten que facer é poñer canto antes data para ese Consello de Política Fiscal e Financeira. Ese debería ser o inicio do acordo para garantir, dunha vez por todas, a igualdade de todos os españois.

Hoxe asistimos a outra manipulación da información e da historia; neste caso, da historia do financiamento. Como vostede acaba de dicir, este financiamento vén dun acordo do ano 2009, cando, unha vez máis, o Partido Socialista acorda con Esquerra para facer presidente a Montilla —daquela era Montilla e non Illa—, de xeito que se que prexudicou a Galicia



moitísimo. Lonxe do que acaban de dicir na outra bancada, o Partido Popular votou en contra no Congreso dos Deputados, jen contra! (*Aplausos.*) O que si que fixo foi absterse a comunidade autónoma, porque, se non, o Goberno de Zatero —ese que foi tan apoiado polos nacionalistas— o que quería era pasar ao proceso anterior, que ese si que nos prexudicaba moito máis. Polo tanto, entre o malo é o peor, escollemos o malo.

Pedro Sánchez e os seus ministros e as súas ministras teñen que parar de facer tantas declaracións para a galería, e deixar de deixarse querer polo independentismo catalán. Pedimos algo moi sinxelo: pedimos igualdade para todos. Como dicía o presidente Rueda esta semana, se hai tanto diñeiro, que o Goberno nos dea ás comunidades o que nos debe. Os galegos e as galegas non poden traballar cada día para financiar o independentismo catalán. Xa dixeron en catro procesos electorais consecutivos neste último ano que non queren nin as amizades do Partido Socialista e do señor Besteiro, nin as alianzas do Bloque Nacionalista Galego. Os galegos e as galegas queren o mellor para Galicia...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e por iso hai que empezar a traballar nese modelo de financiamento...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o tempo.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...que non nos prexudique.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** Grazas, presidente.

Pois si, efectivamente, estou de acordo con vostede, señoría. Penso que Galicia precisa axiña a revisión do modelo. En contra do que se acaba de dicir hai un intre, Galicia ten ben clara cal é a súa posición, fronte á revisión do modelo; explicitouna en todas as ocasións nas que tivo a ben formar parte. Primeiramente, comezando coa Comisión de avaliación do actual sistema de financiamento, alá polos anos 2015 e 2016; logo, solicitando que comezasen xa os traballos para a revisión do sistema de financiamento; logo, formando parte do Comité de Expertos, que aprobou un libro branco para a reforma do sistema de financiamento; e, logo, solicitando periodicamente axiña este comezo de revisión do sistema. Pero quen ten a competencia para iniciar esta revisión é o Goberno de España —como ben sabe—, señoría.

Galicia precisa a revisión porque está infrafinanciada, como o resto das comunidades autónomas. Por poñerlle un exemplo, o incremento da recadación tributaria recadada pola Axencia Tributaria de todas as administracións entre os anos 2009 e 2023, o último exercicio liquidado, medrou un noventa por cento practicamente. Os ingresos do sistema de finan-



ciamento para todas as comunidades autónomas apenas chegaron a crecer un trinta por cento. Por tanto, o incremento de recursos non corre de xeito equitativo para as comunidades autónomas e, en xeral, para todas as administracións do país.

Existe unha coincidencia no feito de que o actual modelo non serve porque é insuficiente —como acabo de dicir— e debe ser modificado nun marco de negociación consensuado e multilateral; isto é, practicamente consensuado entre todas as comunidades autónomas, agás unha. Así o fará Galicia, expoñendo as nosas necesidades e as nosas aspiracións, pero sendo conscientes de que isto é un proceso negociador no que todas as comunidades deben participar e deberán baixar da súa posición de máximos. Defenderemos os intereses dos galegos, como levamos facendo dende o primeiro momento —como xa dixen—, e buscaremos puntos de encontro con outras comunidades autónomas, tendo en conta que o imprescindible é contar cun consenso para poder dotarnos dun modelo de financiamento válido e duradeiro.

Este Goberno xa foi quen de poñer un acordo enriba da mesa —como tamén se comentou hai uns intres— alá por novembro do ano 2001. Ese é o camiño: poñernos de acordo entre todas as comunidades autónomas. Insisto, a maioría das comunidades defenden que este modelo non acada a suficiencia, precisa máis recursos e que tamén precisa unha repartición equitativa destes que garanta a mesma calidade de prestación dos servizos, con independencia de onde se resida. Para iso, o criterio de repartición debe ter en conta o custo diferencial da prestación de servizos; esta tamén é a posición da nosa comunidade autónoma.

A igualdade sería imposible cun acordo das características que anuncia o Goberno agora entre o Goberno de España e os partidos independentistas cataláns. Sería contrario á Constitución —como xa dixen—, incumpriría o modelo actual e faría que houberse cidadáns de primeira e de segunda. Galicia non o permitirá e fará todo o que teña na súa man para evitar verse prexudicada polos intereses partidistas do PSOE. No último Consello de Política Fiscal e Financeira, celebrado no pasado mes de decembro, o Goberno dicía que non estaba a negociar bilateralmente con Cataluña. Medio ano despois, estas negociacións bilaterais intensifícanse e van a bo ritmo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado):** ...para buscar este modelo diferenciado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o tempo.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a señora Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Bo día, conselleiro.





Hoxe trasládolle aquí ao Parlamento unha reivindicación, e ademais de facelo no nome do meu grupo, tamén o fago en nome propio, porque fun, durante moito tempo, letrada da quenda de oficio, da quenda especial de violencia de xénero, e comparto e apoio totalmente o que se está a exixir. E aproveito para saudar as miñas compañeiras letradas que se atopan hoxe no hemiciclo.

Ao mellor, a cidadanía dende fóra non coñece o que estes profesionais están a pedir, pero se o extrapolamos a outra profesión igual é máis fácil de comprender. Ninguén entendería que a un cirurxián non se lle pagase se entra en quirófano e ao final decide non intervir, ou a unha enxeñeira polos tramos pares unicamente dunha estrada ou a un perito só parte dun informe. Estes son exemplos surrealistas, pero que o están a sufrir na realidade as letradas e os letrados que prestan servizo na quenda de oficio de asistencia xurídica gratuíta.

Estes profesionais están a exercer un servizo público para dar cobertura a un dereito constitucional e non están a ser retribuídos en moitas das súas actuacións, porque o baremo actual, ese que remata no ano 2024, segue sen prever intervencións como a asistencia ao detido en dependencias xudiciais se pasa máis de 24 horas, a asistencia na fase de instrución, se despois se decreta o sobresemento, os desprazamentos a centros penitenciarios ou de menores, ou o recurso de reposición na xurisdición contencioso-administrativa e un longo etcétera, que forma parte das actuacións, cuxa cobertura están a demandar, e non son outra cousa que demandar á Xunta o abono do traballo prestado, porque os letrados e as letradas non teñen o vicio de traballar gratis.

Señor conselleiro, penso que vostedes deberían reconsiderar a súa postura e sentar a falar para ampliar os supostos de cobertura cara a ese novo baremo do ano 2025. Tamén deberían revisar á alza a porcentaxe que se destina a sufragar as achegas aos colexios profesionais para a xestión da quenda de oficio, porque é claramente insuficiente, ou establecer como retribucións o que agora son indemnizacións ou compensacións, ou aboar ao letrado o traballo realizado no caso de denegación ao xusticiable do dereito de asistencia xurídica gratuíta, aínda que despois poida utilizar a Xunta o dereito de repetición.

Se a unha persoa, ao final, se lle denega este dereito, non pode ser que o avogado teña que buscarse a vida para cobrar todo o traballo realizado. O normal é que a Xunta, que a golpe dun clic ten acceso a todos os datos fiscais e económicos de toda a cidadanía, sexa quen aboe este traballo prestado. A precariedade das retribucións da quenda de oficio segue a ser a grande asignatura pendente; unha falla total de consideración ao esforzo dos profesionais, á súa entrega e á súa dedicación. Adiántome, non me vale a resposta do Partido Popular botando balóns fóra cara á necesidade dunha nova regulación estatal, porque este problema se arranxa en Galicia se existe vontade política.

Non entendemos o desprezo da Xunta de Galicia cara a este colectivo, que leva sete meses xa de folga. Non entendo que non se intente acadar un diálogo e un consenso, nin sequera reunirse cos representantes das persoas afectadas.

Por iso traemos hoxe esta pregunta, para preguntarlle ao Goberno da Xunta se entende que os letrados da quenda de oficio teñen garantidas as súas condicións laborais, económicas, dignas e xustas e se se van reunir con eles e elas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.

Señorías, o Servizo de Asistencia Xurídica en Galicia é eficaz, pioneiro e tamén é unha referencia no resto do país, señora Castro. Cando faga as súas críticas, tente non meter no mesmo saco a todos, a xustos por pecadores. Gran parte das demandas dos avogados da quenda de oficio fan referencia directa á Lei de asistencia xurídica gratuíta ou a outros textos lexislativos de competencia estatal, como á Lei de axuízamento civil, ao Código penal, á Lei de seguridade social ou á Lei do IVE.

Vostede acaba de dicir que non digamos que se soluciona coa reforma da lei, que a grande asignatura pendente está aquí en Galicia. Eu pregúntolle: ¿como é posible que todos os avogados da quenda de oficio de toda España teñan os mesmos problemas, pero que a solución estea en Galicia? Pois, en certa medida ten razón. ¿Sabe como? Se o resto de comunidades autónomas copiasen o sistema que temos en Galicia. (*Aplausos.*) Iso aliviaría —aliviaría, que non solucionaríaa— bastantes problemas.

A Lei de asistencia xurídica gratuíta é do ano 1996 e necesita ser reformada. Eu mesmo llo pedín ao ministro na penúltima reunión sectorial que tivemos en Palencia. Foi, por certo, Galicia a única comunidade autónoma que sacou este tema. O resto de comunidades autónomas non dixeron nada. O ministro xa se ten comprometido en varias ocasións coa necesidade de reformala. Na Comisión sectorial da semana pasada —que foi en Zaragoza—, o propio secretario de Estado, falando con el, tamén me dixo que é unha necesidade imperante para poder empezar a solucionar os problemas. En fin, isto é o que temos.

Fala vostede dun orzamento insuficiente. Mire, polo que respecta á Xunta de Galicia —por iso lle dicía o de tentar mirar cara aquí—, dende o ano 2010 o incremento medio anual foi do 3,58 por cento. Non hai moitas partidas na Xunta de Galicia, en calquera consellería, que aumenten nos últimos catorce anos o 3,58 por cento; non as hai. O último acordo, de feito, supuxo o quince por cento nese período 2021-2024 ao que vostede facía referencia. Nestes anos a Xunta dedicou á asistencia xurídica gratuíta máis de cento sesenta e sete millóns de euros. E non só actualizamos os baremos, desde xaneiro aplícase a revalorización en función do IPC; unha das cousas que piden os avogados de oficio en toda España, pero que en Galicia xa está firmada dende o ano 2021; esa revalorización do IPC que entraba no ano 2024.

Son moitos os exemplos nos que Galicia está por riba dos pagos previstos en territorio competencia do Ministerio e, mesmo de comunidades socialistas veciñas, como pode ser Asturias: en procedementos penais por asistencia ao detido, no procedemento ordinario por delito, no procedemento penal abreviado, no procedemento rápido, nos procedementos civís, no procedemento ordinario, por xuízo verbal, por procesos de familia, por medidas provisionais en familia, por división xudicial de patrimonios, por execución de título xudicial, en



procedementos contencioso-administrativos polo procedemento ordinario, en procesos sociais, por procedemento íntegro, por recursos de suplicación, etcétera. Tamén... *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois.

Para a réplica, a señora Castro.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidente.

Quero —que na outra quenda me esquecín— aproveitar que estamos falando de xustiza para dicir que onte foi un día moi importante para o noso sistema democrático con esa firma do acordo para a renovación do Consello Xeral do Poder Xudicial. Alégrome moitísimo de que o PP voltase á senda da constitucionalidade. *(Aplausos.)*

Quero dicir tamén, señor conselleiro, que a competencia para a aplicación e a xestión deste dereito corresponde ás comunidades autónomas con competencias transferidas, como a nosa. Vostedes están actualizando os IPC que tiveron conxelados ata o ano 2017. Polo tanto, tampouco é un gran logro, aínda imos moi atrás. É que a Xunta non pode cumprir coa obriga constitucional de prestar este servizo público á custa da precariedade dos avogados e das avogadas. Comparto o que di vostede desa Lei de defensa, que ademais hoxe se está a tramitar no Congreso dos Deputados, na Comisión de Xustiza, o debate das emendas parciais a esta lei que está saíndo adiante no Estado.

Pero a pesar da posibilidade de mellora do marco legal estatal —que a compartimos—, a responsabilidade directa do funcionamento deste servizo público é do Goberno da Xunta. É necesario que o Goberno da Xunta asuma a responsabilidade de solucionar as numerosas eivas e os desaxustes que existen na aplicación deste dereito en Galicia, comezando polo incremento orzamentario, que permitiría aboar ás profesionais da quenda de oficio unhas retribucións dignas, ou a asignación aos colexios de avogados para a xestión dese servizo.

En definitiva —e xa conclúo—, dende o Grupo Socialista apoiamos a xusta reivindicación que está a facer este colectivo de avogados de oficio por entender que se atopan dentro do mínimo exixible: unhas condicións laborais e económicas, que se aboen todas as súas actuacións e o recoñecemento e a visibilización das súas funcións. Decía que se atopan dentro do mínimo exixible para un colectivo que está a proporcionar á cidadanía un dereito básico, como é o acceso á xustiza, e garantindo unha efectiva defensa dos dereitos de todos os sectores da poboación.

Quizais o que fai falla é máis sensibilidade por parte dos poderes públicos para responder de forma axeitada a quen fai accesible e efectivo este dereito. Sente a falar coas plataformas, coas asociacións e co sindicato Venia para chegar a un baremo no ano 2025 froito do consenso e do diálogo. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Terminou o tempo.

Peche da pregunta, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.



**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.

Esa sensibilidade ¿que é?, ¿a que demostra o Goberno central falando do problema da mutua, que, por certo, se esqueceu de nomear? ¿É esa a sensibilidade da que vostedes falan e a do Goberno socialista? Pois saiba vostede que ese é un dos principais problemas que teñen os avogados da quenda de oficio, pero vostede aí non di absolutamente nada, nin o cita. *(Aplausos.)*

Mire, nós estamos en contacto permanente, señora Castro, cos colexios profesionais. Estamos en contacto permanente cos colexios profesionais, temos moitas reunións para seguir avanzando nese convenio de cara á posterior firma do que vén e estamos introducindo en cada momento novos conceptos. Temos moitos convenios cos colexios, que son os que sufragan gran parte dese traballo, e sufráganse a través dun convenio. Iso vostede sábeo ou debería sabelo.

Pero, ¿de que se nos acusa realmente nesta pregunta?, ¿de garantir os avogados de oficio, aínda que se trate de casos de denegación de asistencia xurídica gratuíta?

Hai un convenio que cobre eses casos, señora Castro. ¿Acúsasenos de negociar co Consello Galego de Avogacía e co Consello de Procuradores os conceptos polos que deben cobrar os avogados da quenda de oficio?

Somos conscientes de que aínda quedan conceptos sen retribuír, que, por certo, noutros territorios de España non se retribúen tampouco. En Galicia retribúense máis conceptos que na media do resto de comunidades autónomas; iso vostede tamén o sabe.

Claro que hai reclamacións para incrementar o importe desas retribucións, claro que si.

Niso estamos negociando co Consello da Avogacía e cos colexios profesionais, ata tal punto que acabamos de propoñer ao Consello da Avogacía poder pagar por entradas e por rexistro, pola asistencia á prisión en centros de internamento de menores en réxime pechado, o incremento de cantidades percibidas nos procedementos de especial complexidade da xurisdición social e civil e mesmo recoñecemos como conceptos autónomos para o seu cobro, o concurso de acredores de persoas físicas, liquidación de sociedades de ganancias, previa división xudicial por herdanza, e procedemento verbal de impugnación de inventario ou de caderno particional nos procesos de división xudicial de patrimonios.

¿De que se nos acusa? Acúsasenos, en comparación co resto do territorio, en competencia directa do Ministerio de Xustiza —Castela-A Mancha, Castela e León, Extremadura, Murcia, Baleares, Ceuta, Melilla e incluso outras comunidades—, ¿de pagar máis que a media? ¿Estannos a acusar diso?, ¿de ser das poucas comunidades autónomas que temos incorporada a defensa e a representación de persoas xurídicas nos procedementos penais a través dun convenio? ¿Acúsasenos diso? ¿Acúsasenos de tardar soamente entre quince e vinte días para pagar unha vez que nos presentaron a xustificación aos colexios? ¿Quince ou vinte días? Bueno... ¿Acúsasenos de incluír na quenda de oficio o acompañamento inicial a determinadas vítimas especialmente vulnerables máis aló da violencia de xénero? ¿Acú-



sannos diso?, ¿de insistir ante o Goberno central da necesaria reforma da Lei de asistencia de xustiza gratuíta?

Pois, claro, todo iso facémolo en Galicia, e así llelo trasladamos tamén a todos os colexios.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Fabiola García Martínez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as liñas de axudas que habilitou a Xunta de Galicia destinadas a facilitar a participación dos representantes galegos nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Prieto Perille.

**O señor PRIETO PERILLE:** Moitas grazas, presidente.

Bos días, señor conselleiro.

O deporte galego vive un momento crucial ante os Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024. Galicia contará cunha representación récord nesta cita para dar o mellor de si mesma, e así o mellor da nosa terra. Son unhas olimpíadas que unha vez máis xeran unha enorme expectación mundial e social, e por iso son unha oportunidade para apoiar as persoas deportistas, proxectar a imaxe de Galicia e de España, tanto a nivel nacional como internacional, e promover a práctica deportiva en todos os seus ámbitos, desde o deporte popular e de base ata o deporte de competición de alto nivel.

Os Xogos Olímpicos e Paralímpicos son un bo escaparate para mostrar os nobres valores do deporte e da sociedade, como o esforzo, a confianza ou o traballo en equipo, e para apoiar as persoas deportistas, verdadeiros protagonistas desta gran cita mundial.

Na miña condición particular de xestor deportivo, quero recoñecer o papel esencial dos comités olímpico e paralímpico no desenvolvemento do deporte e na difusión dos ideais e valores asociados aos movementos olímpico e paralímpico, así como no exercicio das funcións de representación, inscrición e participación das persoas deportistas nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos ou noutros eventos relacionados. Por suposto, hai que dar importancia ás empresas patrocinadoras, que tamén teñen un gran cometido nesta cita mundial, pero tamén desde as administracións pode darse un apoio decidido. De feito, xa o está a facer a Xunta. Co fin de facilitar a participación dos nosos deportistas nestas competicións de alto nivel, o Goberno galego, o Goberno presidido por Alfonso Rueda, puxo en marcha diversas convocatorias de bolsas e axudas dirixidas a cubrir os gastos dos nosos deportistas. Este ano, ademais, introduciuse unha novidade e nalgún caso abriuse a posibilidade de que tamén os membros do corpo técnico, xuíces ou árbitros poidan beneficiarse delas.



Señor conselleiro, sobre este particular vai a nosa pregunta de hoxe: ¿que liñas de axuda habilitou a Xunta para facilitar aos representantes galegos a súa participación nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.

Señoría, unha das principais prioridades do Goberno galego é dar respaldo aos deportistas de alto nivel para que poidan compatibilizar a preparación da práctica competitiva co desenvolvemento do resto dos seus plans vitais. Entre estas medidas de apoio atópanse as becas, que permitirán a súa participación en competicións e especialidades olímpicas e non olímpicas de ámbito nacional, europeo ou incluso mundial. Somos moi conscientes das exixencias apareladas á práctica deportiva de alto nivel. Esa sensibilidade da Xunta fixo que Galicia fose pioneira, tanto na posta en marcha deste tipo de axudas, acordes coas necesidades propias de cada idade e das distintas etapas do progreso deportivo, como na paulatina ampliación dos colectivos aos que ían dirixidas.

Así, a raíz de que se regulase a cualificación dos deportistas de alto nivel, en Galicia fomos dos primeiros en igualar as becas dos deportistas con e sen discapacidade, en incluír os deportistas guías para os deportistas con discapacidade e en ampliar as axudas públicas, tamén ao corpo técnico, como dicía vostede: técnicos adestradores, xuíces e tamén árbitros. Podemos presumir de dar forma a un sistema realmente protector do conxunto dos axentes que interveñen no alto nivel deportivo; un sistema que foi acompañado co paulatino incremento da canteira galega —moi ampla— e con representantes en disciplinas tan dispares como atletismo, baloncesto, balonmán, fútbol, pasando polo boxeo, escalada, judo, natación, patinaxe, piragüismo e ata remo, tiro con arco, trampolín ou vela.

Das 76 axudas concedidas na primeira edición do ano 2005, pasamos a 461 na última convocatoria. Destas, das 76 iniciais que lle dicía do ano 2005, 25 eran para mulleres. No día de hoxe temos 185 mulleres; é dicir, un incremento dun 640 por cento. E, se falamos do deporte adaptado, pasamos de 5 a 27. Polo tanto, un bo incremento e unha boa evolución.

Non hai dúbida de que a este crecemento —que desexamos e agardamos que sexa imparable— tamén contribuíu un plan de patrocinios dos equipos de alta competición en Galicia, que, despois de quince edicións, permite aos principais equipos galegos competir en igualdade de condicións nas máximas categorías. Pasamos de patrocinar 84 equipos en Galicia a patrocinar no día de hoxe 228 equipos en toda Galicia. Iso —non hai dúbida— redonda no beneficio dos deportistas e de cada unha das entidades patrocinadas.



En conclusión, a Xunta de Galicia concedeu 3.638 becas nos anos de vixencia deste programa de axuda aos deportistas de alto nivel por un importe de 7,3 millóns de euros. Este ano temos 600.000, que están a piques de ser resoltas na partida do ano 2024, das que se beneficiarán os convocados a participar nas Olimpíadas de París do vindeiro mes. Os parámetros que rexen esta nova convocatoria son os habituais para as citas olímpicas e paralímpicas. É xa un feito que temos a maior delegación da nosa historia nunhas olimpíadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para a réplica, o señor Prieto.

**O señor PRIETO PERILLE:** Grazas, presidente.

Moitas grazas, señor conselleiro, pola información que nos acaba de facilitar. No Partido Popular sempre estaremos orgullosos dos éxitos do deporte e dos deportistas galegos e tamén da súa participación, con independencia do resultado en competicións da importancia dos Xogos Olímpicos e Paralímpicos. Pero, sobre todo, estamos orgullosos de que estas mulleres e homes teñan perfecta conciencia de que o Goberno galego —e a Administración da Xunta— é un aliado máis neste gran reto mundial; un aliado decisivo, cos apoios económicos precisos para que poidan concentrarse no importante, que é participar na competición e intentar chegar ao máis alto. Pero, como vostede explicou, non só os nosos deportistas olímpicos, a Xunta está a carón do deporte galego, dos deportistas galegos individuais, tamén para todos aqueles que adquiren a consideración de alto nivel, alto rendemento e rendemento deportivo de base.

O pasado maio a Xunta resolvía estas axudas e Galicia acadaba o seu récord de deportistas recoñecidos en todas as categorías. ¿Como é posible isto? Pola calidade e os compromisos dos nosos deportistas, pero tamén —cómpre non esquecerlo— froito do apoio decidido da Xunta ao deporte de base.

Nesta segunda quenda, señor conselleiro, quixera pedirlle unha valoración da delegación galega nos Xogos, que todo apunta a que vai ser relevante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Para o peche da pregunta, o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Moitas grazas, presidente.

Señoría, a verdade é que, como dicía vostede, nós tamén estamos moi orgullosos de todos os nosos deportistas. Seguramente a delegación galega en París superará a de Toquio, que xa batera



récords, e non digamos se falamos de resultados, porque en Toquio conseguimos 6 medallas e 10 diplomas; é dicir, unha de cada tres medallas conseguidas por España nos Xogos de Toquio en 2020 corresponderon á delegación galega; unha de cada tres. Xa escribiron unha folla importante na nosa historia os medallistas Teresa Portela, Rodrigo Corrales, Nico Rodríguez, Iván Villar, Ana Peleteiro, Rodrigo Germade e Carlos Arévalo. E tamén os diplomados, os que obtiveron diploma: Niko Shera, Raquel Carreira, Tamara Abalde, Alberto Abalde, Iago López Marra, Támara Echegoyen —que, por certo, pode ser a abandeirada, se todo se confirma, da delegación española—, Adrián Ben, Antía Jácome, Carlos Arévalo, Emmanuel Reyes e Caetano Horta.

O vindeiro 26 de xullo chegará a París a delegación galega máis avultada da historia. Así que, con independencia dos resultados finais, ese día —que todos sabemos que se pode deber a multitude de factores— será un grande éxito para o deporte galego. *(Aplausos.)* Polo momento, teñen confirmada a súa praza para competir 36 deportistas na delegación olímpica e 12 na paralímpica, pero este número estou seguro de que vai seguir crescendo nos próximos días e semanas.

O traballo, dedicación e sacrificio dos nosos deportistas de alto nivel é digno de admiración, e deben servir como exemplo ao resto de deportistas que participen nos programas de promoción do deporte. Neste eido, quero aproveitar a ocasión para salientar especialmente un plan que nós consideramos que ten un éxito ineludible, que é o Xogade. Grazas a este programa, ao programa Xogade, no que participaron o curso pasado 135.000 escolares, adquiríronse hábitos saudables e educouse en valores tan importantes como o compañeirismo, a disciplina, a igualdade e o respecto. Estou seguro de que desta canteira que empeza no Xogade —nos primeiros anos da súa vida— saíron moitos deses máis de mil deportistas galegos de alto nivel que hoxe temos en Galicia, e tamén estou seguro de que algún que vai estar na delegación olímpica e paralímpica en París tamén participou no Programa Xogade inicialmente.

Polo tanto, temos que felicitarnos polo apoio constante que damos ao deporte, pero sobre todo temos que felicitarnos polos clubs que apostan por levar a cabo a súa función, polos patrocinadores, como dicía vostede, que tamén axudan a que as competicións e os clubs poidan saír adiante, e sobre todo, polo esforzo tamén dos pais e nais todas as fins de semana cos seus fillos, pero sobre todo, sobre todo, polo esforzo que fan os deportistas galegos conseguindo grandes méritos para Galicia. Por certo, oxalá hoxe teñamos un equipo de fútbol sala feminino tamén campión da Liga.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Retomamos o punto cuarto.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inicie todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57**





**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

A realidade é que os galegos soportamos día a día catro autoestradas de peaxe. Ponse o acento na AP-9, pero a AP-53, de titularidade estatal, e a AG-55 e AG-57, tamén condicionan —e moito— a vida e a economía de miles de galegos. É precisamente agora, cando estamos inmersos nun debate sobre a AP-9, cando polo menos aos socialistas nos piden que reivindicemos a igualdade de todos os galegos e as galegas. Non poden existir galegos de primeira e galegos de segunda.

Centrando só o debate na AP-9, estamos a esquecernos dos usuarios das outras tres autoestradas de peaxe. Tan importante é para un usuario o custo da da Coruña a Vilagarcía pola AP-9 como para o que ten que aboar a peaxe de Carballo á Coruña, na AG-55, ou a peaxe de Vigo a Baiona, na AG-57.

Por iso os socialistas incluimos no Pacto de investidura co BNG a bonificación para a AP-53, na liña que desenvolvemos para a AP-9; unhas bonificacións que teñen a meta final da gratuidade, porque non nos enganemos, iso é o que queren os usuarios. A transferencia, a xestión directa etcétera, serán consecuencia paralela do levantamento efectivo das peaxes.

Moito debatemos neste Parlamento sobre a AP-9 e moi pouco sobre a AG-55 e a AG-57, de xestión directa autonómica, e por tanto coa posibilidade de decidir o Goberno galego sobre todo o relativo á súa explotación, incluídas as tarifas. Percíbese que ao Goberno galego e ao grupo parlamentario maioritario neste Parlamento non lles fai moita graza e séntense incómodos no seu debate.

Escoitando o Goberno galego do PP sobre a petición da gratuidade da AP-9, parecería tan fácil como tomar a decisión de hoxe para mañá, darlle á tecla e encargar a retirada das cabinas de peaxe. O sorprendente é que o Goberno galego non se impuxo esta mesma cuestión para as autoestradas que xestiona e non atende ao debate sobre a mesma, como lle expuxo o señor Besteiro na última sesión do Parlamento na pregunta dirixida ao presidente da Xunta, fuxindo do debate e botando balóns fóra como sempre.

Os socialistas apostamos tamén por chegar á meta da gratuidade nas autoestradas de peaxe propiedade da Xunta. A política de bonificacións na Xunta nestas dúas autoestradas, da que se presume moito, é claramente insuficiente e comparativamente coas bonificacións desenvolvidas polo Goberno central son moito menores —diríamos— que a metade. Na AP-9 a bonificación é do cincuenta por cento, e nas citadas autonómicas é do vinte e cinco por cento. É un despropósito que para chegar ao cincuenta por cento se teñan que realizar dúas veces a viaxe no mesmo día, como se os usuarios estivesen en tránsito continuo todo o día.

É ilustrativo realizar un cálculo de canto lle custa a un usuario traballador durante douscentos sesenta días ao ano o traxecto A Coruña-Carballo, ida e volta. Coa bonificación actual



do vinte e cinco por cento convértese en case mil douscentos euros; un custo moi importante para unha economía familiar, porque é máis que un salario mínimo actual. Un usuario de Vigo-Baiona tería custos similares na proporcionalidade das tarifas.

A gratuidade é o obxectivo, pero dado que a Xunta presume de bonificacións, se aplicase o mesmo sistema que na AP-9, esa cantidade anual de case mil douscentos euros reduciríase en case douscentos euros. Bo sería que, de entrada, tomasen nota e optasen polo sistema aplicado na AP-9. As áreas poboacionais que soportan estas peaxes nos ámbitos da contorna de Vigo, o Val Miñor, A Coruña e Bergantiños, son cuantitativamente moi importantes como para que a Xunta as teña en consideración e aplique de forma inmediata, polo menos, estas bonificacións. Así atenderíanse as reclamacións permanentes dos alcaldes e alcaldesas, que consideran que a gratuidade sería un estímulo moi importante desde o punto de vista económico para os seus territorios.

Resulta indignante que o presidente Rueda non lle conteste ao señor Besteiro no pleno anterior sobre o concreto. A pregunta era sobre a gratuidade, e o señor Rueda, ao facer o discurso que lle vale para todo, pois dá o mesmo falar da *Vespa velutina* que da descarbonización, non se comprometeu a avanzar nesa gratuidade que lle parece tan fácil de decidir polo Goberno central para a AP-9.

Por iso, sometemos á aprobación deste Pleno un acordo sinxelo e concreto en favor de todas as galegas e os galegos, que literalmente di: «O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a que inicie de inmediato todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas AG-55 e AG-57, de titularidade autonómica». Parécenos un acordo —como digo— sinxelo e que debe ser asumido polo Goberno galego.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda do Grupo Parlamentario Mixto, que renuncia á súa quenda de intervención.

Pasamos entón ao Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidenta.

Camiñar cara ao horizonte da gratuidade destas dúas autoestradas de competencia autonómica é algo que entendemos razoable. Xa o BNG, no ano 2022, trouxo esta iniciativa a esta Cámara, vetada polo Partido Popular, e o que dicíamos no ano 2022 das razóns que poñiamos enriba da mesa para camiñar cara a esta gratuidade das peaxes segue en vixencia.

Hoxe quizais pouco se falou das cuestións concretas, sobre todo da importancia que tería para as catro comarcas que toca cada infraestrutura neste caso no país, se falamos a nivel de nós loxísticos, a nivel de concentración de poboación, de concentración tamén de tráfico,



loxicamente, e tamén dunha intensa actividade industrial e comercial por onde pasan estas autoestradas. Falamos das comarcas do Val Miñor e de Vigo, falamos da comarca de Bergantiños e da Coruña, dous polos fundamentais e que necesitan tamén de medidas como estas para teren un estímulo a nivel económico. E non só iso, senón que tamén —como dicía antes— estamos falando de comarcas do país cunha gran densidade de poboación e con moitos movementos diarios e desprazamentos entre concellos para ir traballar ou para acceder a un centro de saúde, neste caso hospitalario; en fin, para calquera tipo de cuestión.

E se entendiamos ou alguén pode entender que estas peaxes nas autoestradas autonómicas poderían disuadir da utilización do coche particular e que se fomentase por ese lado o transporte público, vemos como iso tampouco é así, debido tamén ás deficiencias no propio servizo do transporte público por estrada, que nos fai que teñamos, segundo un estudo da Universidade da Coruña, máis de cento cincuenta mil persoas que se desprazan a diario no seu vehículo particular simplemente para ir traballar; un desprazamento regular, un desprazamento continuado. E entendiamos que esas peaxes poderían chegar a facer ese efecto disuasorio, pero ao non ter un servizo de transporte por estrada decente, que funcione e que se adapte ás necesidades dos usuarios e das usuarias, que teña boas conexións tamén cos parques industriais que teñen nestas zonas e cos nós loxísticos, pois loxicamente a xente segue tendo que sufrir e soportar estas peaxes.

Ben que é certo que se aplicaron bonificacións, que para nós entendemos como insuficientes, e tamén por parte da Xunta de Galiza, non é menos certo que nos enfrontamos a unha nova vaga de suba dos carburantes anunciada para este verán, o que aínda dá máis razóns e máis forza á necesidade de camiñar cara á gratuidade destas peaxes.

E ata aquí digamos que as cuestións que non se comentaran na iniciativa, porque isto ao final vai de Goberno central e Xunta, vai dun pulso AP-9/AG-55 e AG-57, e eu quero lembrar que o señor Font, que o fixo na súa intervención, aínda que por escrito na iniciativa parece outra cousa, que se falamos de bonificacións nas peaxes, se falamos das peaxes da AP-9, tivo que ser o BNG quen forzase a man ao Partido Socialista para poñer esta cuestión enriba da mesa, igual que tivo que ser o BNG durante máis de vinte anos quen trouxera insistente e recorrentemente o debate da AP-9 ao Parlamento galego, (*Aplausos.*) porque, se non, se o BNG non estivese facendo iso, nin a uns nin a outros lles tería acordado.

Efectivamente, nós imos apoiar esta iniciativa. Entendemos que camiñar cara á gratuidade da AG-55 e da AG-57 é importante. Pero tamén, xa que na iniciativa todo se fala de comparativas entre o estado do tema da AP-9 e da AP-53 e demais, hai que recordar ao Partido Socialista dúas cousas, cando vimos con estas iniciativas, que están ben, aínda que loxicamente saen nun contexto determinado para intentar aplicar unha táctica de «y tu más» ou «vós tampouco» neste caso cando se lle recrimina algo ao Goberno do Estado logo dúas cousas:

A primeira, e a máis fundamental, o Partido Socialista ten que entender que ten que cumprir os seus acordos. É algo tan sinxelo coma iso. Xa non é unha cuestión política ou non política, é que alguén sen ningún tipo de palabra e alguén que non respecte os acordos aos que chega con outra persoa ou, neste caso, con outra forza política, pois está condenado a pasar polo



que está pasando agora o Partido Socialista, que é moi difícil manter segundo que posicións e explicar segundo que cuestións cando non se cumpren, e sobre todo cando hai un incumprimento manifesto. Primeira cuestión: os acordos están para cumprilos. No BNG facemos o noso traballo, cumprimos coa nosa parte, seguimos reivindicando o que temos que reivindicar. O Partido Socialista ten que facer o mesmo, e non só con palabras, senón con feitos. A AP-9 galega e sen peaxe ¡xa! (*Aplausos.*)

E isto lévame á segunda cuestión que lle teño que dicirle hoxe ao Partido Socialista, e é que cando se traen estas cuestións para intentar espallar un pouquiño o tema, por non dicir outra palabra, é bo vir cos deberes feitos, vir cunha proposta real de eliminación de peaxes e de transferencia da AP-9, non un baile de cifras, non se a ver quen o vai pagar, non escusas de mal pagador, senón unha proposta real para facelo.

E o Partido Popular, loxicamente, que tampouco se quede atrás con esta cuestión. Témololo dito e defendido en moitísimas ocasións, que segundo quen estea no Goberno e segundo a quen meterlle o dedo no ollo son máis ou menos valentes aquí e en Madrid. O mesmo que nos din a nós, pero neste caso con vostedes, e ademais aínda por riba certo; á parte de certo, verdade, como se soe dicir.

Eu si que veño dunha comarca que a súa veciñanza foi capaz de levantar unha peaxe, neste caso a de Rande, na comarca do Morrazo, e fíxose a base de moita loita social, a base de moitas reivindicacións e a base tamén de torcer o brazo aos gobernos. E eu lembro —dígoo para que tampouco o Partido Popular pense que a defensa da AP-9, da AP-9 sen peaxes e galega é deles, ou teñen algo que dicir ao respecto—, e ademais sempre o poño de manifesto, o día 30 de decembro do ano 2017 —incluso ao mellor algún dos que están aquí ou algunha das que están aquí sentados hoxe estaban alí—, o señor Feijóo, o señor Rajoy e a plana maior do Partido Popular inaugurando o carril da ponte de Rande, inaugurando o carril da Ponte de Rande o 30 de decembro. As obras aínda seguiron uns cantos meses máis. Pero o 30 de decembro vostedes foron inaugurar o novo carril da ponte de Rande para que o 1 de xaneiro do ano 2018 Audasa puidese subir as peaxes e tiveramos que pagar aínda máis polas peaxes. Eu lembro, ademais eu estaba alí, non no caso con Feijóo e con Rajoy alí sobre Rande, que estabamos un pouquiño máis abaixo levando porrazos da Policía Nacional. Pequenas diferenzas, ¿non? Vostedes fixeron alí unha inauguración totalmente fraudulenta desa infraestrutura, para que ao día seguinte a concesionaria puidese ingresar máis e seguir mallando sobre os galegos e as galegas no pago da AP-9, e agora eríxense totalmente defensores e defensoras da liberación da peaxe.

En todo caso, é necesario camiñar cara á liberación da peaxe das autoestradas autonómicas, e apoiaremos esta iniciativa.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.



Ten a palabra don Gonzalo Trenor.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** Moi bos días, señorías.

Nesta mañá, nesta escasa hora e media que levamos de debate xa falamos de sanidade e do modelo do financiamento autonómico, e hai un elemento común a todos eles e tamén neste debate, que é un Partido Socialista que sempre traizoa Galicia, sempre que pode; incluso, ás veces, parece que ten unha motivación especial, que lles produce un pracer do que vostedes están a desfrutar cando máis dano poden facer a Galicia, e fano de moitísimas formas, fano vía orzamentaria, fano xerando confusión nos debates e fano incluso ás veces presentándonos demandas á Xunta de Galicia para que ao final a opinión pública, a cidadanía, os galegos non saiban realmente de quen son as competencias. Nese barullo, ao final, sempre teñen vostedes algo máis que gañar. Que si os galegos son plenamente conscientes de como traizoan vostedes os intereses de Galicia.

Pero é que tamén é un elemento común que o Bloque Nacionalista Galego sempre sexa cómplice do Partido Socialista. (*Aplausos.*) É verdade que despois vostedes aquí lle sinalan as contradicións, sinalan que é verdade que din aquí unha cousa e logo van a Madrid e fan outra contraria, que a súa decisión que fixeron que nos prexudica. Quero dicir que ese papel o fan moi ben, pero ao final sempre están vostedes aí de muleta, de *pagafantas* do Partido Socialista.

E, señorías, eu creo que os galegos merecemos tamén un pouco máis de rigor nos debates e, sobre todo, un pouco máis de lealdade coa propia Galicia. É alucinante que os socialistas de Galicia traian á Cámara a solicitude de gratuidade das peaxes autonómicas cando non son quen de manter esta mesma demanda en Madrid.

Veñen aquí moi valentes, veñen aquí moi crecidos, veñen aquí facendo cálculos de se gañan e perden os galegos, e sen embargo están vostedes vendo como se están levantando as peaxes das autoestradas do resto das comunidades autónomas, e aquí en Galicia o seu Goberno non fai nada, e aplauden, están felices, parece que lles gusta iso.

Solicitan vostedes á Xunta de Galicia a gratuidade coa lóxica de que como pedimos a gratuidade da AP-9 e da AP-53, tamén teremos que pedir a da AG-55 e da AG-57, para evitar que haxa galegos de primeira e galegos de segunda. ¿Sabe cal é a diferenza? Que a Xunta de Galicia non negocia investidas coas peaxes das autoestradas. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza do Partido Popular e do Partido Socialista. E que lles quede clara unha cousa: que non hai galegos de primeira e de segunda, o que si que hai é un Goberno central socialista discriminatorio, que fai que haxa españois de primeira e españois de segunda.

Vostedes solicitan a gratuidade das dúas únicas autoestradas galegas que teñen peaxe, cando vostedes non foron capaces de exixir ao Goberno de Pedro Sánchez nin sequera bonificacións para a AP-53, que é a única autoestrada nacional onde non se aplica ningún tipo de bonificación.

Ademais, piden iso á Xunta de Galicia cando vostedes tamén se abstiveron na votación da iniciativa presentada no Congreso para demandar unha AP-9 galega e libre de cargas, cualificando —que iso é o peor— o debate de *teatrillo* e ao que vostedes non se ían prestar. Iso



é o que é para vostedes unha reclamación de gratuidade das autoestradas: un *teatrillo*. Iso é como vostedes entenden a política e como vostedes entenden as reclamacións lexítimas de Galicia fronte ao Goberno central.

Pero fronte os agravios do Goberno central a Galicia, Galicia ten as autoestradas autonómicas coas taxas máis baixas de España grazas ás bonificacións que aplicamos, non porque nolo exixise ninguén, senón porque nós consideramos que era o xusto cos galegos, e aplicámolas desde o 2010. E por segundo ano consecutivo conxelamos as peaxes das dúas autoestradas autonómicas: a AG-55 e a AG-57. Unha medida á que a Xunta de Galicia está a destinar este ano 5,5 millóns de euros, e que beneficia a case trinta mil usuarios cada día.

Ademais, incrementamos nun setenta por cento, ata chegar case aos dous centos vinte quilómetros, as novas estadas libres de peaxe completamente, que permiten que oito de cada dez galegos vivan a menos de quince minutos dunha vía de alta capacidade. Xusto o contrario do que pasa coas autoestradas xestionadas polo Goberno central: a AP-9 e a AP-53, que son as autoestradas de competencia estatal máis caras de toda España. A AP-9 ten un custo para o usuario máis alto que o das autoestradas autonómicas, e é ademais a que máis subiu as súas tarifas en España, máis do catro por cento este último ano. E a comezos deste ano o Ministerio de Transportes volveu subir tamén a peaxe da AP-53, a de Lalín-Santiago, un cinco por cento, pasando de 6,4 a 6,70 euros. É o tramo de autoestradas estatal máis caro de todo o país. ¿Onde está, señor Font, o desconto para esta autoestrada que acordaron o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista para poder investir a Pedro Sánchez? (*Aplausos.*)

En febreiro, o Senado aprobou pedir a gratuidade total, e vostedes abstivéronse. Suponse que os ourensáns que usan esta vía para comunicarse coa capital da comunidade, seguindo a súa propia terminoloxía, son cidadáns de segunda, porque vostedes queren que sexan cidadáns de segunda. Resulta cando menos rechamante que sexa o Grupo Socialista o que veña a esta Cámara poñerlle deberes á Xunta de Galicia, cando seguimos a soportar día tras día a discriminación e o trato inxusto do seu Goberno. O bloqueo da transferencia na xestión da AP-9, unha infraestrutura que vertebra de norte a sur o setenta por cento do noso territorio, señor Font, é o maior agravio que o Goberno central está a facerlle a Galicia.

¿Por que, señor Font? Explíquelles a esta Cámara, explíquelles a todos os galegos por que hai cartos para rescatar a autopista do Mediterráneo, a AP-7, por un importe de 400 millóns de euros, e non os hai para liberar de peaxe a AP-9. Voulle responder, voulles responder. A vostedes Galicia non lles preocupa absolutamente nada. Pasa coa AP-9 pero pasa con moitísimos outros temas. A súa única finalidade nesta Cámara é defender e servir de coartada ao Goberno central, e non haberá aquí xamais un posicionamento do seu grupo defendendo os intereses de Galicia.

En Galicia temos coñecemento, temos experiencia de xestión, temos a vontade política necesaria para incorporar a AP-9 á nosa Rede autonómica de estradas e garantir, á parte da súa gratuidade, o seu mellor funcionamento.



De calquera xeito, señorías, mentres chega a transferencia, seguiremos exixindo que se cumpran os compromisos aos que chegou o Partido Socialista na investidura, que prometen implantar a gratuidade das peaxes das autoestradas estatais, tanto da AP-9 como da AP-53.

Desde o Partido Popular seguiremos traballando na defensa dos intereses dos galegos e dando a batalla para lograr unha AP-9 galega e gratuíta, e tamén continuaremos a reivindicación ante o Goberno para a liberación da peaxe da AP-53, de forma que se iguale o percorrido Santiago-Lalín co treito Lalín-Ourense, que a Xunta de Galicia mantén gratuíta.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor TRENOR LÓPEZ:** E xa para rematar, que lle quede claro, señor Font, que seguiremos a defender os intereses de todos os galegos en relación coas autovías construídas con pago aprazado polo Bipartito e que seguiremos reducindo progresivamente a débeda, tamén provocada, negándonos aos reequilibrios inxustificados, como os solicitados polas concesionarias pola caída de tráfico derivada pola covid-19.

Señorías, seguiremos defendendo os intereses de Galicia pese a quen pese e por moitas manobras de distracción que o Partido Socialista pretenda traer a esta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Peche do autor da proposición.

Ten novamente a palabra don Carlos López Font, por un tempo de tres minutos.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidenta.

Bo día de novo.

Gústalle ao señor Rueda ir acompañado e convida reiteradamente o señor Besteiro a ir á capital do Estado. Pois estou seguro de que ao señor Besteiro lle encantaría asistir á firma polo presidente da Xunta do decreto que fixa a gratuidade da AG-55 e da AG-57. E felicitaríao e diríalle que é un éxito de todos. Rueda é o campión da concreción cando pide aos demais e escapa cando lle preguntan a el.

Se alguén que descoñeza totalmente a política de Galicia asiste ás respostas do señor Rueda ás preguntas que lle formulan, seguro que exclamaría que este señor non sabe o que lle preguntan ou que despreza ao que lle pregunta. Pero os que sabemos de que vai a política de Galicia, sabemos que o señor Rueda non despreza ao que lle pregunta, senón que despreza a todos os galegos e as galegas.

Señor Trenor, o dano a Galicia fíxoo o señor Aznar coa súa complicidade, coa complicidade do portavoz do seu grupo, que cando soubemos o que fixo o señor Aznar xustificou a decisión nuns informes que seguro que descoñecía. *(Aplausos.)*



Ao Partido Socialista non se lle pode cuestionar o empeño polo traballo en favor de Galicia, seguimos na mesma demanda co Goberno central. E si que lles poñemos deberes a vostedes, porque vostedes son os que nas autoestradas autonómicas teñen que tomar a decisión, e non escapen. O seu discurso é absolutamente baleiro, dado que seguro que votarán que non. E votando que non, claro que hai galegos de primeira e galegos de segunda, señor Trenor. *(Aplausos.)*

O PP non negocia, claro que non negocia, impón, e impón na AP-9 unha prórroga ata o 2048, que estamos pagando todos os galegos. Iso é o que fai, señor Trenor, o seu partido.

Señor Ríos, estou seguro de que cando o BNG firmou o acordo de investidura co Partido Socialista estaba seguro e confiaba en que se cumpriría. Isto de espallar esta teoría de sempre do BNG, de que isto é unha cuestión entre o Goberno central e o Goberno galego, entre o PP e o PSOE, non vale. O único que vale é que apoiemos esta proposta que traemos a este Parlamento, porque, efectivamente, os galegos que utilizan a AG-55 e a AG-57 o merecen. O que vote en contra, evidentemente, está en contra deses galegos e galegas.

Grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila e D<sup>a</sup> Ariadna Fernández González, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de acadar a gratuidade universal dos libros de texto en todas as etapas obrigatorias do ensino**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** A esta proposición non de lei non se presentou ningunha emenda.

Para defendela, por un tempo de oito minutos, ten a palabra dona Cristina Fernández.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** Grazas, presidenta.

Bos días a todas e a todos.

No ano 2008, os meus fillos tiñan oito e doce anos cando comezou o curso escolar en setembro, eu mesma e o resto das nais e pais dos cursos onde estaban matriculadas, terceiro de primaria e primeiro da ESO, non tiñamos ningunha outra preocupación que pasar o verán, non preocuparnos de ningunha axuda de libros, de ningún trámite, nin sequera de ter que pensar en que había que facer un copago ou un pago para ter ese lote de libros. A principios de curso tivemos todos os libros para todas as materias, pero tamén para todo o alumnado. Non escoitaba a ninguén falar de trámites. Toda a nosa preocupación era chegar ese día e ir co noso coche particular recoller os libros, porque pesaban un montón e os rapaces e rapazas non podían con eles.





¿E que pasou dende o ano 2009? Ben, cambiou moitísimo a situación debido a unhas eleccións. As familias volven ter unha morea de gastos a principios de cada curso, por moito que vostedes, os señores do Partido Popular, digan que ofrecen todos os anos numerosas axudas de libros para material escolar. En realidade, a situación é ben diferente, porque hai moitas familias que pasando un pouco dos limiares desa renda que vostedes establecen para optar ás axudas pois quedan fóra da convocatoria. E son familias das que os seus recursos económicos son bastante pequenos e, por tanto, seguen tendo que asumir ano tras ano o custo tanto dos libros como do material escolar e deportivo. Afectadas son tamén neste intre aquelas familias con fillos e fillas matriculados en cursos que teñen por parte dos centros ese apoio do proxecto educativo E-Dixgal; tamén precisan mercar parte dos seus libros a maiores que non están incluídos dentro desa plataforma dixital e seguen sendo incompatibles coas axudas de libros que vostedes sacan de xeito ordinario.

O ano pasado o Bloque Nacionalista Galego presentaba unha iniciativa en setembro aquí neste Parlamento que propuña axudas complementarias para atender á situación e puña en evidencia unha realidade da que vostedes ou non son conscientes ou non queren recoñecer. Como dicíamos daquela, numerosas persoas tomaban a decisión de pedir prestado á familia para asumir o custo de todo o relacionado cos gastos de comezo do curso escolar das súas fillas ou fillos, ou ben financialo en mensualidades.

¿Coñecemos cal é a situación en todo o Estado? Ben, a inflación, como saben, tocou o seu máximo en xullo de 2022, cando o IPC subiu ata un 10,8 por cento. E aínda que os incrementos interanuais foron indo a menos, os prezos non se teñen reducido. O último dato do INE, do Instituto Nacional de Estatística, é do mes de maio —ben recente—, cunha alza do 3,6 por cento con respecto ao ano pasado. Coñecemos tamén a subida dos alimentos respecto a hai un ano, que son o 4,4 por cento máis altos.

Segundo a Comisión Europea, o aumento dos salarios, o crecemento continuado do emprego e a caída da inflación durante todo este tempo deberían impulsar o poder adquisitivo para este ano 2024, incluso para o que vén, 2025, o que debería tamén estimular o consumo, pero isto en realidade non está a acontecer. O último barómetro do consumo de Cetelem, que é o banco de crédito ao consumo, indica que o gasto da enerxía, alimentación e transporte se disparou nos últimos doce meses. Tres de cada cinco persoas no Estado víronse obrigadas a destinar moito máis orzamento para a alimentación que hai agora un ano.

Polo tanto, todas as familias teñen adoptado estratexias para preservar o seu poder adquisitivo. Mentres que o 69 por cento dos fogares con rendas baixas renunciaron a todo tipo de actividade de ocio, un 39 por cento víronse obrigadas ademais a reducir o consumo da enerxía.

Igual acontece cos hábitos alimentarios. As familias que menos gañan van prescindir de produtos como son a carne ou o peixe, para reducir o custo da compra mensual.

Mesmo se ven a prensa de hoxe, eu teño aquí por exemplo o Faro de Vigo e comenta que «*el IVA de los alimentos básicos y el aceite de oliva seguirá al cero por ciento hasta octubre. Pan, huevos, verduras o fruta, además del aceite de oliva, se mantendrán hasta el 30 de septiembre a un cero por*



*ciento*». Ben, ¿isto que quere dicir? Que as familias neste momento xa se está mirando que teñen un problema importante para adquirir estes alimentos básicos.

Pero o máis preocupante non é soamente iso; é que un 42 por cento tiveron que reducir a inxesta de alimentos en xeral; é dicir, están a comer menos. Deste xeito estase reducindo non só a calidade dos produtos que compran, senón tamén a cantidade e renúnciase á compra de produtos ecolóxicos, que nos últimos anos estaba á alza.

Aumenta así a pobreza entre as familias que dispoñen de emprego. Isto xa non é só preocupante, senón que é vergoñento e precisa unha solución inmediata. ¿Como pode permitir o Goberno da Xunta que no país vivamos este tipo de situacións, persoas que con traballo tamén están na pobreza?

Este ano non vai ser diferente ao 2023, xa o estamos mirando, ao contrario. Ao custo da bolsa da compra súmase o importe elevado do alugueiro, o recibo da luz, da calefacción e, incluso, do transporte. Á vista está que a situación foi a peor en lugar de mellorar e teremos un novo comezo de curso escolar aínda moitísimo máis duro para todas as familias. De novo terán que asumir o gasto extraordinario dos libros, do material escolar e deportivo, como dicía, e deixan as familias sen recursos para asumir os demais gastos básicos nese mes.

Na nosa iniciativa de setembro plantexabamos xa a reflexión sobre un cambio no sistema que mellorara esta situación de cara ao vindeiro curso 2024-2025, que agora temos aí ás portas.

O Partido Popular, seguindo a súa liña de votar «non» a todo o que propoña o Bloque Nacionalista Galego, aínda que sexa para beneficio da cidadanía galega, posicionouse evidentemente en contra daquela, e fíxoo tamén hai ben pouco na Comisión de Educación.

Dende o BNG pensamos que xa é tempo de que, despois de quince anos á fronte da Xunta de Galiza, o Partido Popular asuma dunha vez por todas a gratuidade universal dos libros de texto e material escolar que precisa o alumnado no ensino obrigatorio, pero todo, todo o alumnado. Un sistema que xa demostrou o seu acerto entre 2005 e 2009, que permitiu que todo o alumnado optara ao fondo de libros neses catro anos e que liberou de moitísima burocracia os centros educativos, ademais coincidindo en plena campaña de matriculación. Porque, ademais, é un dereito de todas as persoas a educación, que está consagrada como dereito fundamental na Constitución española, e vostedes así o aplican na gratuidade ás escolas infantís entre 0 e 3 anos a todas as familias. Neste caso dos libros de texto vostedes poderían facer exactamente o mesmo que coas escolas infantís. ¿Por que non o fan? Só é cuestión de vontade política, está claro, pero non o fan e deciden abandonar numerosas familias nesta situación tan precaria.

Por todo o exposto, o BNG formula as seguintes propostas. Primeiro: programar e planificar para o vindeiro curso escolar un sistema de gratuidade para todo o alumnado e así dispoñer de libros de texto nas etapas educativas obrigatorias por un número mínimo de anos. Segundo: tendo en conta os novos sistemas educativos innovadores, reducir ao máximo posible o número de libros de texto, pero, aínda así, garantindo a equidade entre o alumnado con respecto ao acceso dixital e tecnolóxico das familias. E terceiro e último:



reforzar a plataforma e contidos do proxecto educativo dixital para ofrecer tanto ao persoal docente como ao alumnado e ás súas familias a formación e información suficiente como apoio e consulta do resto dos materiais educativos utilizados.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

O voceiro do Grupo Mixto reitera a renuncia a intervir.

E avanzamos entón co Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e ten a palabra don Julio Ernesto Abalde.

**O señor ABALDE ALONSO:** Bos días, vicepresidenta.

Deputados e deputadas.

Ben, esta proposición non de lei de gratuidade dos libros de textos vén sendo debatida e vén sendo defendida polo Partido Socialista, e tamén polo BNG, reiteradamente todos os anos de todas as lexislaturas. De feito, recentemente, por unha proposta do Partido Socialista, foi discutida na Comisión de Educación e foi rexeitada polo Partido Popular.

Polo tanto, creo que é un claro exemplo de que en moitas ocasións o Partido Popular se preocupa máis de temas absolutamente propagandísticos en vez de solucionar a situación das familias que teñen que enfrontarse á realidade de escolarizar os seus nenos a principios de cada curso.

Xa a representante do partido do BNG explicou claramente a situación económica na que nos atopamos, claramente prexudicada pola situación non só da pandemia, senón posteriormente das guerras que se están librando preto do noso Estado, e, polo tanto, non vou reiterar esa parte —digamos— económica da repercusión do incremento do IPC nas familias, e, por suposto, nas familias máis vulnerables, que son as familias que deberían de ser o primeiro obxectivo para traballar na nosa Comunidade Autónoma e debería ser a primeira prioridade do Goberno da Xunta de Galicia.

Non é así. Prefiren financiar a gratuidade noutros estamentos ou noutros niveis non obrigatorios, e ademais gratuidade que xa está a través dos programas de bolsas e simplemente dedicar os fondos da Xunta de Galicia a dar gratuidade a persoas que poden facilmente pagar eses niveis educativos.

Ben, como dicíamos, supón practicamente o inicio do curso ao redor de 600-700 euros por cada neno e nena das familias de Galicia. No caso de que haxa dous rapaces na familia, supón un desembolso ao inicio de curso só en libros e material escolar de preto de 1.500 euros. Como poden supoñer, para moitas familias que están nunha situación económica complicada pois iso supón facer fronte a un reto moi importante desde o punto de vista económico.



Pero a min preocúpame máis unha cuestión que ten que ver sobre dereitos e sobre educación, e é o feito de que estamos falando de tramos de educación obrigatoria e, polo tanto, que se establece claramente na nosa lexislación que debe ser obrigatoria e gratuíta, polo tanto universal.

Polo tanto, as administracións o que temos que velar é precisamente para que sexa gratuíta, pero que sexa gratuíta non só porque non se lles cobra as matrículas correspondentes, senón porque se lles aporta practicamente todo o material necesario para facer fronte a esas cuestións.

Como saben, eu procedo do mundo universitario e no mundo universitario, en que se pagan as taxas, curiosamente todos os libros e o material que se necesita apórtanse a través das bibliotecas das universidades; polo tanto, apórtanse de forma gratuíta para todas as persoas. E, por certo, nese nivel si que se fixo o esforzo de facer matrículas gratuítas.

Ben, polo tanto, creo que é necesario, como xa se fixo aquí en Galicia entre 2005 e 2009, aportar eses fondos para que esas familias poidan facer fronte á adquisición destes libros de texto.

Pero hai que facer máis cousas. Como se dicía pola representante do BNG, hai que intentar que non haxa unha dependencia tan grande sobre os libros de texto nos centros educativos. E para iso é necesario que o profesorado teña o apoio necesario para facer esa necesaria transformación desde o punto de vista pedagóxico, de utilización de metodoloxías e de técnicas diferentes que non faga que sexa tan necesaria a dependencia dese material impreso, que moitas veces dependerá da editorial onde se estea utilizando, e que, polo tanto, hai que facer un esforzo para a formación do profesorado.

Pero tamén, como dicía, está claro que non podemos —digamos— estar de costas ás novas tecnoloxías. E, polo tanto, é necesario, efectivamente, implantar as novas tecnoloxías nos centros educativos. Pero hai que intentar introducir esas novas tecnoloxías con sentidiño, esta palabra que tanto lle gusta ao Goberno da Xunta de Galicia. Iso quere dicir que hai que intentar convencer, formar, facer que as novas tecnoloxías sexan un complemento da formación tradicional, non sexan unha substitución, non haxa que tomar unha decisión dicotómica de que vou pór un sistema de libro electrónico ou vou pór un sistema de libro físico. Porque iso trae como consecuencia o que está pasando neste momento: que, a pesar do esforzo que se está facendo para implantar este sistema dixital de educación, pois resulta que cada vez son máis os centros que rechazan participar nese programa que os que se incorporan a ese programa.

En arredor de 613 centros en Galicia que o están utilizando —este ano houbo creo que 14 ou 15 incorporacións— houbo vinte e tantos centros que renunciaron a este programa. ¿Por que? Porque sinxelamente xera rechazo, porque os profesores, as profesoras, as familias non están neste momento —digamos— preparadas para utilizar ese sistema.

E, despois, por outra realidade: porque en moitas ocasións o que estamos facendo é simplemente transformar uns textos que estaban en formato papel en formato dixital, e, polo tanto, os contidos que están nesas plataformas pois son simplemente unha repetición dos libros. Non hai novos contidos pedagóxicos, non se fai un esforzo de formación do profesorado,



non se fai un esforzo de tratar de explicar ás familias como poden funcionar. Hai —de feito segue existindo— unha importante brecha dixital en moitos casos entre os distintos fogares e entre as distintas zonas xeográficas de Galicia.

E, polo tanto, o que supón para eses centros onde se implantan eses libros é que supón máis prexuízos que vantaxes. Iso é un fraco favor que se fai á extensión destes sistemas dixitais. Temos que ser capaces de que eses sistemas dixitais convivan no mesmo centro cos sistemas tradicionais e que pouco a pouco a xente vaia vendo as vantaxes deses novos sistemas.

E para iso —repito— formación, motivación, un sistema que non sexa dicotómico, que non obrigue as familias e os profesores a elixir e tamén un esforzo por parte da Consellería de xerar contidos, xerar contidos que vaian nesas plataformas e que poidan estar dispoñibles para que os profesores e as profesoras os poidan utilizar e para que os nenos e as nenas os poidan seguir utilizando.

Poñer un *Moodle* onde se colgan materiais iso é o máis sinxelo, é o máis fácil, pero é o que máis propicia o rechazo por parte dos usuarios. ¿Por que? Porque simplemente o que complica é a utilización e non mellora, para nada, o contido.

Polo tanto, nós, desde aquí, como non podía ser doutra maneira, imos apoiar en todos os seus termos a proposición non de lei do Bloque Nacionalista. Eu espero que nalgún momento sexamos capaces de atopar o apoio do Partido Popular, porque iso sería bo para as familias dos nosos nenos e as nosas nenas e sería moi bo para o sistema educativo obrigatorio da nosa Comunidade Autónoma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Cecilia Vázquez.

**A señora VÁZQUEZ SUÁREZ:** Moitas grazas, señora presidenta, e moi bo día.

En primeiro lugar, nunca existiu un modelo do Bipartito. Foi un Goberno do Partido Popular no ano 2003 o que iniciou un sistema de préstamo de libros de texto. (*Aplausos.*)

Pois ben, as propostas da Xunta en materia educativa para axudar as familias, señor Abalde, con moito sentidiño. Estamos entre as comunidades autónomas que máis invisten por alumno e temos o orzamento máis alto da Consellería de Educación da historia, por terceiro ano consecutivo. (*Aplausos.*) En total, temos en marcha medidas que lles aforran máis de 100 millóns de euros ás familias, 200 millóns de euros se temos en conta o transporte gratuíto. Investimos o dobre que antes da pandemia en libros e material escolar e conxelamos os prezos de comedores e taxas universitarias dende hai máis dunha década.



O presidente Rueda acaba de blindar unha medida única en España —repito: única en España—: ofrecer a matrícula gratuíta a todo o alumnado de grao dende o primeiro ata o último curso.

O modelo de axudas da Xunta é máis xusto, un sistema redistributivo e organizado a partir das rendas das familias e que beneficia sete de cada dez alumnos. No curso 2023-2024, que acaba de rematar, máis de 96.500 alumnos tiveron os libros de balde e máis de 121.000 accederon aos vales de material escolar. A Xunta de Galicia defende a utilidade e idoneidade do programa de gratuidade solidaria de libros de texto e das axudas para a adquisición de material escolar. ¿Por que? Porque é un sistema progresivo, axuda a quen máis o precisa, abrangue libro de texto e material escolar e ten en conta a realidade actual do ensino.

No Consello da Xunta do pasado 29 de abril blindouse este sistema cunha achega de 17 millóns de euros para o próximo curso 2024-2025, co obxectivo de seguir facilitando ás familias a adquisición de libros de texto e material escolar. O Goberno galego mantén as melloras habilitadas nos dous últimos cursos polo aumento dos prezos, que na práctica se traduce nun incremento na achega que reciben os estudantes.

Como dicía ao principio, a Xunta está comprometida coas familias e con que a volta ás aulas non sexa un problema económico para ninguén. Para iso levamos dous cursos reforzando as axudas e apoiando a quen máis o necesita. Non todas as familias teñen as mesmas necesidades, por iso establecemos un sistema de repartición progresivo moito máis xusto que o do Bipartito, grazas ao cal reciben máis axudas as familias que máis o precisan.

Temos un sistema que funciona ben, e así nolo veñen transmitindo os centros e as propias familias. O Fondo solidario de libros é unha ferramenta de éxito, co que, ademais, alongamos a vida útil dos manuais. Cada ano, como dicía, a través de distintas medidas, aforramos ás familias uns 100 millóns de euros.

Pedro Sánchez chegou a ser investido presidente do Goberno grazas a unha serie de pactos, unha nova coalición de goberno progresista no que se incluía o seguinte acordo: «*Impulsaremos, en colaboración con las comunidades autónomas, el programa de gratuidad de libros de texto y ayudas para el material escolar*». No día de hoxe non temos constancia de que se mantivese nin unha soa reunión cos responsables da Comunidade Autónoma ou se fixera a mínima xestión para realizar isto. ¿Que opinan os socios do BNG disto? En Galicia fan moito ruído, pero en Madrid calan. (Aplausos.)

O Goberno central non reparte por igual entre as comunidades autónomas as achegas para libros, o que deixou Galicia nunha peor situación fronte a outras comunidades.

E miren, o luns 17 de xuño foi a Consello da Xunta a contratación dos novos contidos de E-Dixgal. A Xunta de Galicia destinará 10,3 millóns de euros á contratación de diferentes contidos dixitais, unha iniciativa que mantén e reforza o principio de autonomía dos centros, que a emprega voluntariamente, e permite o emprego de contidos dixitais de calidade nos seus proxectos educativos. Máis de seiscentos centros educativos de Galicia contan con proxectos de educación dixital integrados no E-Dixgal, dos que se benefician máis de 64.500



estudantes. O proxecto de educación dixital de Galicia permitiu así mesmo a construción colaborativa dun repositorio no portal Espazo Abalar de cerca de tres mil contidos dixitais libres en sete idiomas e para diferentes niveis educativos.

Por iso, señora Abalde, con moito sentidiño, acábolles de expoñer todas as medidas que ten a Xunta de Galicia neste senso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, a señora Fernández Davila.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** A señora deputada Cecilia Vázquez pois pensa que dar todas esas cifras aquí vai ser suficiente. Direille que os datos que temos é que na época do Bipartito, por exemplo o ano 2008–2009, nese curso, se investiron 23 millóns, e con 23 millóns de euros deuse entregado libros a todo o alumnado da etapa obrigatoria, a todo. Vostedes o ano seguinte, 2009–2010, 26 millóns, e con iso só están utilizando os libros en préstamo para unha parte do alumnado. De feito, é a primeira vez que escoito que é mellor que teñan libros sete de cada vez que os teñan todos os alumnos. É increíble, pero ¿que fan? (*Murmurios.*) Si, é o que acaba de dicir, que é un sistema máis xusto porque beneficia sete de cada dez alumnos, que iso é moito máis e moito mellor para todas as galegas e galegos que que a Xunta lle dea os libros a todo o alumnado; pois perfecto, perfecto, vale.

Acaba de dicir tamén vostede que é un invento seu, que o Partido Popular xa no ano 2003 facía préstamo de libros. Pois retome iso, fágao, continúe agora, pero para todos, que é o que lle pedimos nesta iniciativa, non é nin máis nin menos, e para todos.

E acaba de dicir —é certo— que van subir todos os contidos dixitais por 10,3 millóns de euros —que hai que ter narices para dicilo aquí—, cando levan anos, sobre todo desde a pandemia, o profesorado e as centrais sindicais reclamándolles que preparen como debe ser unha plataforma para subir todos os contidos que tiñan preparados xa e que se incrementaron moitísimo na época da pandemia por parte de todo o profesorado, que son contidos que están moi ben e que pode utilizar todo o mundo. Ben, pois agora gastan 10,3 millóns. Alégrome, porque o que ten que funcionar, e ben, é esa plataforma E-Dixgal, que o que debe dar é un apoio consistente e bo, eficaz para todo o profesorado e para todo o alumnado.

Pero ben, está claro que vostedes a quen están intentando apoiar son as grandes empresas multinacionais, como sempre —non nos estraña nada—, e din vostedes que son os mellores e os que dan máis cartos para todas as familias e tal. Pois ben, acaban hai pouco, no mes de maio, de facer un cambio orzamentario da aplicación que está destinada ao Fondo solidario de libros de texto, ao que estaban destinados para este ano 14.862.000 euros; pois acábanlle de facer unha mordida de 600.000 euros precisamente para pagarlles ás empresas os cartos que se necesitan para pagar a cotización da Seguridade Social nas prácticas da formación profesional, que está moi ben. A lei estatal di que hai que pagar esa cotización; evidentemente, para iso traballan os rapaces e rapazas; pero que llo vaia pagar a Xunta está ben,



pero que encima llo estean quitando ao Fondo solidario de libros de texto, ben, pois xa nolo explicará nalgún outro momento, a ver que pasa con isto.

O que está claro é que agora lles vai saír de balde. Xa o dicíamos nós co tema da FP, que o que pretendían era subir o número de horas, porque así...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** ...as empresas se ían aproveitar moitísimo máis dese traballo gratuíto.

Iso debe ser que o que lles importa a vostedes e o que lles reporta eses réditos. Hai que recoñecer que é unha cuestión totalmente ideolóxica. A súa prioridade é beneficiar esas grandes empresas, aquelas que cando abandonan os seus escanos pois lles permiten entrar a formar parte dos seus consellos de administración e que lles reportarán, aí si, beneficios persoais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**A señora FERNÁNDEZ DAVILA:** ...de moitos miles de euros ás portas xiratorias.

Pois o que fixeron coas axudas foi un corta e pega. E sempre se mostraron de perfil; pois póñanse do lado de todas as galegas e galegos. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que encargue no prazo máximo de tres meses os estudos necesarios para coñecer as vías de anulación da prórroga da concesión da autoestrada AP-9 e a viabilidade da xestión directa**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Carlos López Font, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto, que terá o seguinte contido:  
«3. Encargar á Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses, un estudo xurídico e un estudo de avaliación de custos económicos que permitan a gratuidade da peaxe da AP-53, de titularidade estatal, e da AG-55 e AG-57, de titularidade autonómica.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:**

Grazas, presidente.





Moi bo día.

A verdade é que, escoitando no anterior debate das autoestradas o portavoz do Partido Popular, señor Trenor, hai que ter valor, *(Aplausos.)* hai que ter valor para saír aquí e atreverse a dicir o que dixo vostede. Dixo vostede, señor portavoz do Partido Popular, que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*(Murmurios.)* Xa, xa, cambiara de bando, temporalmente. *(Aplausos.)*

Só foi momentaneamente. Decía vostede nesta tribuna, señor portavoz do Partido Popular, que o BNG saía aquí a denunciar as contradicións do Partido Socialista, porque dicía unha cousa aquí e outra cousa en Madrid. E eu teño que facerlle unha aclaración: o BNG denuncia as contradicións do Partido Socialista e do Partido Popular por dicir aquí unha cousa e facer o contrario en Madrid, *(Aplausos.)* por votar a favor da transferencia da AP-9 aquí e vetala en Madrid. É que son absolutamente miméticos; fan o mesmo, exactamente o mesmo.

O Partido Popular, nos anos 2016, 2017 e 2018, vetou a transferencia da autoestrada e a partir dese momento estao facendo o PSOE, pero son exactamente iguais. No ano 2017, o señor Íñigo da Serna, ministro de Fomento, dixo que non se podía transferir a AP-9, porque rompía España. E ¿que dixo o Partido Popular galego, o señor Feijóo? Aplaudiu coas orellas. Dixo que ían crear unha comisión de seguimento da xestión da autoestrada. ¿Como se chama iso, señor portavoz do Partido Popular? É que é unha vergoña absoluta. E tamén dixo vostede aquí, con absoluto desparpajo, que é unha aldraxe que se manteñan as peaxes noutras autoestradas coetáneas da AP-9 mentres se manteñen en Galiza

¿E sabe por que pasa isto? ¿Sabe por que pasa esta discriminación e esta aldraxe? Porque vostedes ampliaron a concesión por 25 anos, ata o 2048; *(Aplausos.)* esa é a verdadeira razón de que haxa esa discriminación e esa aldraxe, isto é, por unha decisión do Partido Popular que estamos pagando todos os días desde o 18 de agosto do ano 2023. E, ademais, porque o Partido Popular do señor Rajoy, cando gobernou en Madrid, rescatou as radiais madrileñas, pagando das arcas do Estado máis de catro mil millóns de euros e negando o mesmo para Galiza; *(Aplausos.)* por iso, falo de discriminación e de aldraxe. E vostedes deberían saír aquí, en primeiro lugar, e pedir perdón; deberían pedir perdón ás galegas e aos galegos por estas aldraxes.

Pero, ¡claro!, como isto permanece, porque uns e outros se comportan exactamente igual cando gobernan —por iso temos que volver traer aquí, unha e outra vez, estas demandas xustas de Galiza—, é grazas ás demandas que trae aquí o BNG que se vai movendo algo. Nós marcamos o paso; imos impulsando acordos, e o último foi no pleno do 14 de maio, que xa deu algo de si porque se tomou un acordo semellante no Congreso. E agora traemos aquí unha iniciativa que consiste, basicamente, en concretar e en poñer prazos a eses dous mandatos que puxemos á Xunta de Galiza, que é facer un estudo económico do rescate da concesión e un estudo xurídico das vías para anular a concesión; e poñemos un prazo de tres meses, e non imos aceptar por suposto a emenda do Partido Socialista porque desvía a atención do obxecto concreto desta iniciativa, que é poñer deberes á Xunta nesta materia.



Ben, sobre o estudo xurídico, a estas alturas quedou claro que a prórroga concedida no ano 2000 polo Goberno de Aznar foi un absoluto cambalache e un pelotazo maiúsculo; iso díxoo xa o Tribunal de Contas do Estado, no ano 2005, que falou concretamente dun «*cuantioso volumen de recursos proveniente tanto de los mayores beneficios tributarios y económicos como de los mayores volúmenes de ingresos por peajes*». É dicir, que por facer un treito da autoestrada de nove quilómetros se deu unha concesión por 25 anos máis, pola que agora se fala de que habería que indemnizar por máis de catro mil millóns. É que, ¿como se chama a isto? Por iso nós acabamos de pedir unha comisión de investigación para que haxa luz e taquígrafos sobre todo isto que pasou, (*Aplausos.*) porque tamén a Comisión Europea está dicindo agora que houbo unha fraude porque xa se prevía a privatización da autoestrada; por certo, unha privatización dunha concesión ampliada polo señor Rafael Arias-Salgado, ministro de Fomento, quen, despois, no ano 2005, foi fichado pola concesionaria Sacyr como membro do seu Consello de Administración, no Consejo de Concesiones. (*Risos.*) ¡É que é alucinante! Vostedes non se cortan nin un pelo coas súas portas xiratorias e con estes pelotazos.

Outra cuestión a debate é o estudo económico sobre o custo deste rescate, que é outro tema que está dando moito que falar — xa leva moito tempo dando que falar—. Basicamente, o que pedimos aquí é seriedade e rigor e que non nos tomen o pelo coas contas que uns e outros fan —uns e outros—, porque agora vostedes, do Partido Popular, se alarman porque o señor Puente, que ten certa incontinencia verbal —hai que dicilo— (*Murmurios.*) fixo unhas contas un pouco aí —como dicía o interventor do meu concello—... *de picos, palas y hazadones*. Falou de 4.000 millóns de euros que custaría o rescate da concesión; despois, ao cabo dunha semana, subiuno a 6.000 millóns. Pero é que é exactamente a mesma conta que fixo o Goberno do Partido Popular do señor Rajoy, cando, nos anos 2016 e 2017, vetou o debate da Proposición de lei dicindo que tería un custo de máis de catro mil millóns. É que son exactamente iguais e miméticos; vostedes compórtanse exactamente igual cando gobernan no Goberno do Estado.

Por iso queremos que se faga un estudo serio e rigoroso, porque, ademais, estes datos que están dando vostedes, parece que os están dando para facerlle o traballo á concesionaria. É que a concesionaria está dicindo que reclamará, cando menos, 1.000 millóns, e vostedes din que lle hai que pagar 4.000, 5.000, 6.000 millóns. ¿Están facendo méritos para que os contraten tamén no Consello de Administración?! É que, se non, non se entende. Cando a concesionaria vaia a un litixio, esta dirá: «É que o Ministerio fixo uns cálculos de 6.000 millóns». ¡Claro!, ¿que fixeron? Multiplicaron os ingresos de cada ano por 25 e así calquera. Non se fan así as contas, sobre todo se foi unha concesión irregular, ilegal, nula de pleno dereito como, por certo, dixo a Comisión Galega da Competencia, cun informe que vostedes... ¿Sabe que fixeron con ese informe da Comisión Galega da Competencia? Mandaron unha carta ao Ministerio, ao Goberno epistolar.

Con cartas non se goberna; gobiñase con valentía, con decisións, facendo estudos serios e poñéndoos enriba da mesa. (*Aplausos.*) E como a conselleira de Infraestruturas foi recentemente á Radio Galega e dixo que a Xunta ía facer un estudo serio sobre o custo que tería o rescate e que o farían en un ou en dous meses —curiosamente dixo iso un pouco antes de que se debatesese esta iniciativa no Pleno—, supoñemos que non terán ningún problema en aprobar a nosa iniciativa. Nós dámoslle tres meses. A conselleira dixo un ou dous meses;



nós propoñemos tres meses. Somos xenerosos. Polo tanto, entendemos que non terán ningún problema para aprobar tanto o estudo xurídico como o estudo económico, que xa se aprobou no pleno do 14 de maio, pero agora poñendo un prazo de tres meses para que se execute e se concrete.

Polo tanto, diante desta parálise, diante destes vaivéns, destes cambios de postura duns e doutros, o BNG trae aquí, como vén facendo sempre, iniciativas en positivo, e non para defender, como fan vostedes, os intereses da concesionaria, senón para defender os intereses de Galiza.

Nós estamos marcando o paso para conseguir ese obxectivo irrenunciabile, que é unha AP-9 galega e libre de peaxes. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Na exposición de motivos desta PNL faise mención ao acordo adoptado neste Pleno no pasado 14 de maio deste ano. Convértese esta PNL —como dicía o señor Bará— nun desenvolvemento do aprobado, porque aínda que é certo que nós coincidimos nos puntos aprobados, concluíamos que non deixaba de ser unha contradición —aínda que exercicio de realismo— o feito de que era necesario poñer os pés na terra e analizar se o que se pedía era viable xurídica e economicamente.

E esta PNL o que fai é reforzar a nosa teoría e a novidade é que pon o prazo de tres meses. Nós estamos na mesma liña e segue sendo necesario hoxe aquí volver lembrar de onde vimos e o que fixemos cada un. E seguimos reivindicando aquí a nosa coherencia nas posturas políticas que mantivemos.

A actual situación da AP-9 remóntase á ampliación e á privatización da concesión que fixo o Goberno de Aznar, cando Feijóo era conselleiro de Obras Públicas aquí, en Galicia. Non existe referencia na hemeroteca de que nin Feijóo nin o PP se opuxesen nin á privatización nin á prórroga de 25 anos. Entendo que se chama «memoria selectiva». Aznar prorrogou por 25 anos a concesión, que caducaría no ano 2023; e prorrogouna ata o 2048, mentres que outras autoestradas da mesma época xa regresaron ao público e xa se levantaron as peaxes.

Ao PP, que lle gusta moito as investigacións, indagar e, posteriormente, sacar as conclusións que lle interesa, imaxino que estará moi decepcionado despois de coñecer os tejemanejes de Aznar. Claro que Bruxelas está a investigar a actuación do Goberno de Aznar. Sexamos respectuosos —nós, os primeiros— ata coñecer todos os detalles, pero, polo medio, decatámonos de que Aznar ampliou a concesión da AP-9 antes de privatizala. Non fai falta ser un grande economista para darse conta do negocio e do pelotazo que Aznar propiciou. Isto é,



adoptou unha decisión —a ampliación—, desde o ámbito público, que debe velar polos intereses dos cidadáns, para logo privatizala. Foi unha estafa indigna dun presidente do Goberno de España.

Se o PP de Galicia, tan preocupado como está polo custo diario das peaxes da AP-9 para os galegos, tivese dignidade política, este sería un pleno histórico porque pedirían perdón a todos os galegos e galegas e reprobarían aquí a decisión de Aznar, porque esa decisión invalida, deputadas e deputados do PP, todo o que din vostedes aquí de forma reiterada.

Miren, podemos debater aquí de forma reiterada; podemos propoñer todas as fórmulas posibles, pero aí na rúa, na mente dos galegos, cando se achegan a unha peaxe e aparece a cifra do tramo que están a percorrer, o único que lles importa é a gratuidade, e iso é o que nos piden: que no canto de ver reflectida a cara de Aznar no monitor, non teñamos que reducir a velocidade e as cabinas sexan só un recordo.

Hoxe os galegos non só están preocupados pola peaxe da AP-9, dado que en Galicia —como dixen anteriormente— soportamos catro peaxes. Os socialistas reivindicamos a gratuidade nas catro estradas de peaxe e damos exemplo cos nosos acordos políticos. O pacto alcanzado co BNG para a investidura de Pedro Sánchez é un exemplo e compromete as dúas formacións políticas. E é, nin máis nin menos, que o camiño ata lograr a gratuidade, que é o que nos demandan, e as bonificacións progresivas iniciadas no ano 2021 son o mellor exemplo. Por iso, non esquecemos a AP-53, responsabilidade do Goberno do Estado, e sobre a cal tamén queremos chegar á gratuidade. Non sería xusto, por moita importancia que teña a AP-9, esquecernos dos que pagan a diario pola AP-53; por iso, por pedimento dos socialistas, inclúese no acordo co BNG. Os acordos, señor Bará —xa llo dixen— non teñen nin nai nin pai; son vontade das dúas partes. E tamén para que todos os galegos teñamos os mesmos dereitos, reivindicamos a gratuidade, como anteriormente, da AG-55 e da AG-57. Por iso é imprescindible que esta fórmula de estudo xurídico e económico tamén se aplique no relativo á AP-53 e ás autoestradas de xestión autonómica, a AG-55 e a AG-57, porque o interese debe ser o mesmo; por iso propoñemos a emenda de adición para estender a AP-53 e para que a Xunta tamén se encargue do estudo para lograr a gratuidade nesas dúas autoestradas.

Por iso propoñemos unha emenda de adición. Debemos aproveitar esta situación que vostedes propoñen para coñecer a viabilidade xurídica e económica nun exercicio de realismo. Aínda que é unha pena que non acepten a emenda, porque, señor Bará non é descentrar; é centrar, precisamente, en todo o que afecta as peaxes que sofren os galegos e as galegas. É unha pena —como dicía— que a emenda de adición que presentamos, e que paso a ler, fose rexeitada previamente polo seu grupo. E nós, propoñiamos, dado que vai ser rexeitada: «Encargar á Xunta de Galicia, no prazo máximo de tres meses, un estudo xurídico e un estudo de avaliación de custos económicos, que permita a gratuidade da peaxe da AP-53, de titularidade estatal, e da AG-55 e da AG-57, de titularidade autonómica». É unha pena, porque permitiría coñecer a situación real e tamén a responsabilidade futura e inmediata do Goberno da Xunta de Galicia cos galegos e coas galegas.

Moitas grazas. (Aplausos.)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

¿Señor Ojea? (*Negación.*) Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Rodríguez Martínez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

«*Es catalán aquel que paga peajes*». Supoño — non poñan esa cara — que ten que soarllas esa cita porque é de Josep-Lluís Carod-Rovira, exvicepresidente da Generalitat e expresidente, entre 2004 e 2008, de Esquerra Republicana de Catalunya, un dos seus socios preferentes. Cando menos, aínda que pasaron vinte anos, á súa voceira e presidenta do seu Goberno virtual, a señora Pontón, debería soarlle porque xa daquela era deputada nesta casa.

O certo é que a cita é acaída porque pode que teñamos sido inxustos con vostedes. Explícome. Durante a recente campaña ás eleccións europeas denunciámos unha realidade que vostedes pretendían agochar: que quen votara o Bloque Nacionalista Galego estaba a votar, en primeiro lugar, un independentista catalán; en segundo lugar, un condenado por terrorismo e, en terceiro lugar, se cadraba, a candidata do Bloque Nacionalista Galego. E iso que, en campaña, nin nós nin os galegos sabíamos aínda que ese voto, en terceiro lugar — se cadraba —, á candidata do BNG era, aínda por riba, a tempo parcial; (*Aplausos.*) unha estafa electoral aos galegos por partida dobre. (*Aplausos.*) E onte, dinos unha deputada do Bloque Nacionalista Galego que a señora Miranda xa está a traballar. ¡Home claro, home claro!, e que non deixe para dentro de tres anos o que poida facer hoxe. Non vaia ser que non lle dea tempo.

Pero digo, e explico, por que penso que podemos ter sido inxustos con vostedes. Porque mesmo podería ser que os intereses dos galegos os defenda mellor un independentista catalán que un nacionalista do Bloque Nacionalista Galego porque, señorías do BNG, Cataluña non paga peaxes por autoestradas e por autovías estatais dende setembro do 2021. Non paga e Galicia si; os galegos si pagamos e eles non pagan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E vostedes prometéronlles exactamente iso aos galegos: (*Aplausos.*) non pagar pola AP-9, e nós seguimos a pagar (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) — non se preocupen; non se poñan así, que aínda van dous minutos—; e vostedes prometéronlles exactamente iso aos galegos: non pagar pola AP-9. E non só seguimos a pagar; é que neste 2024 sufrimos a maior suba no que vai de século, e que converte a AP-9 nunha das autoestradas máis caras de Europa e na máis cara de España.

Vostedes non poden vir a esta Cámara, pleno tras pleno, falar da AP-9, como se a situación actual non fose con vostedes; como se pasasen por alí, tentando coarnos que o fracaso dos seus pactos de investidura con Sánchez fose de todos. Non, son seus. Vendéronlles aos galegos o seu papel decisivo en Madrid para a transferencia e a gratuidade da AP-9. E o único que foron capaces de rebaixar foron as súas reivindicacións; e o único gratuíto foi o seu apoio a Sánchez. E, por iso, aínda que non lles guste escoitalo, son vostedes o nacionalismo que



máis barato lle sae a Sánchez, pero máis caro lle sae a Galicia, señores do BNG. (*Murmurios.*)  
(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Imos agora co Partido Socialista. Están vostedes, señor Font, para falar da indignidade dos presidentes de España. Mire, ¿temos que ser nós, novamente, os que veñamos aquí defender o compromiso electoral do señor Besteiro, é dicir, a gratuidade da AP-9? Prometeunos a gratuidade da AP-9 e da AP-53 e cada vez semella máis que estamos ante outra estafa electoral. E non porque o digamos nós; é que llelo di o seu propio Goberno por boca do ministro Puente: «*Es inasumible para el Estado. No tenemos 6.000 millones, pero si alguien los pone, encantados*». Á parte de mesturar transferencia, rescate e peaxes, o ministro Puente dixo en maio que o custo do rescate da concesión era de entre 2.500 e 4.000 millóns e, un mes despois, son 6.000 millóns. ¡Como está a inflación!, pero se o único que neste ano subiu máis que o rescate á AP-9 foi o aceite de oliva: un 53 por cento fronte a un 50 por cento. ¡Sexamos serios, por favor!

E tentan despistar os galegos, reivindicando agora a gratuidade da AG-55 e da AG-57, de titularidade autonómica, e que están entre as autovías de peaxe máis baratas de España e de Europa, mentres, ao mesmo tempo, calan ante Sánchez, que está a deixar o señor Besteiro de mentireiro, cando prometeu a gratuidade da AP-9 e da AP-53, de titularidade estatal, e que son das dúas máis caras de España e de Europa. Pero, ¿que respecto é este aos galegos, señorías do Partido Socialista de Galicia?

Pero é que hai máis. Hai un mes esta Cámara aprobou por unanimidade unha iniciativa, demandando ao Goberno central o inicio dos trámites para a anulación da prórroga da concesión, e a gratuidade e a transferencia da AP-9. Tres semanas despois o Congreso dos Deputados aprobou unha moción cun texto idéntico, pero xa non houbo unanimidade. Tres semanas despois abstivéronse en Madrid. Tres semanas duroulles, señores do Partido Socialista de Galicia, a defensa da transferencia e da gratuidade da AP-9. ¡Tres semanas! E a pregunta é: ¿esta abstención é o anticipo doutras quince prórrogas na tramitación da transferencia?, ¿é o anticipo doutros cinco anos de boicot socialista á transferencia da AP-9, coa compracencia dos seus socios do BNG? Iso é o que teñen que responder hoxe aos galegos e ás galegas. (*Aplausos.*)

Están vostedes, con razón, moi interesados en falar do pasado e non do que teñen actualmente enriba da mesa. Nós queremos unha AP-9 galega, que permita unha xestión máis eficiente e adaptada ás necesidades de Galicia. Non podemos seguir cunha concesionaria que se está a enriquecer á custa dos galegos, co consentimento expreso do Goberno de Pedro Sánchez, máis preocupado en protexer os intereses da propia concesionaria que o interese xeral dos galegos, que non temos porque pagar nin peaxes en sombra nin subas extraordinarias, cortesía de Zapatero; por certo, asinada por un ministro socialista, máis concretamente de Lugo, e por un presidente da concesionaria que fora secretario de Estado dun Goberno socialista. Xa que nos lembramos, lembrémonos de todos.

Un Goberno ao cal exiximos transparencia porque é inexplicable que, no día de hoxe, a Xunta non coñeza nin a resposta nin a documentación do Goberno de España a Europa. Sabemos, a través dos medios, que acaban de solicitar a días de que venza o prazo unha moratoria de



dous meses, pero non sabemos —por non saber— nin sequera se van argumentar a favor ou en contra das prórrogas. No día de hoxe, a Xunta tamén descoñece se se realizou un estudo sobre o custo económico do rescate da concesión da AP-9, que levara ás conclusións do ministro Puente; por iso concordamos en exixir un estudo serio e rigoroso do Estado sobre ese custo real, e así o acordou hai tres semanas o Congreso dos Deputados.

Señorías, o Goberno da Xunta —remato xa— está disposto a poñer as ferramentas e os medios para clarexar a situación da concesión, pero, para iso, é preciso demandar ao Estado unha maior transparencia, tendo en conta que a concesión, de que estamos a falar, ten un impacto vital nos galegos e na economía de Galicia. E por iso non podemos apoiar hoxe a súa iniciativa.

En relación co primeiro punto porque, como expuxen, o Congreso dos Deputados, facendo seu o acordo desta Cámara, xa instou o Goberno do Estado —que é quen ten no seu poder toda a información— a realizar ese estudo, e porque tampouco parece ter moito sentido facer o estudo con carácter previo á resolución da Comisión Europea sobre os expedientes abertos por razón das prórrogas da concesión. En relación co segundo punto porque é innecesario; porque xa se está a facer, tal e como a propia conselleira xa anunciou e fixo público esta fin de semana, indicando que estará rematado en dous meses. En relación coa emenda do Partido Socialista, toda vez que xa foi rexeitada, remito ao que xa se expuxo cando se tratou ese tema hai uns minutos.

Remato como empecei, isto é, con outra cita, neste caso do dramaturgo Miguel Mihura, que deixou escrito que «*las carreteras son películas con letreros*». Nós traballamos para, cando menos, eliminar da AP-9 un dos seus letreros, nomeadamente o que reza «peaxe». Para iso, é dicir, para apoiar a transferencia e a gratuidade da AP-9, para unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuítas, poden contar sempre con nós e co noso voto; para cortinas de fume, con que tapar as súas vergoñas dos pactos de investidura incumpridos, por suposto non.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moito uso dan ás citas da Wikipedia, señores do Partido Popular. Mira que consultan a Wikipedia.

Vostedes, a verdade, é que son inasequibles ao desalento. E a verdade é que teñen moito mérito, e aínda non lles pasou a pataleta —a súa pataleta— polo extraordinario resultado que o BNG tivo nas eleccións europeas; (*Aplausos.*) o segundo mellor resultado da historia. Canta máis pataleta teñen vostedes, máis nos reafirmamos no bo traballo do BNG e no gran resultado do BNG. E moita Ana Miranda que roer lles queda a vostedes nos próximos anos no Parlamento europeo, descubriendo toda as súas contradicións e todas as súas trampas (*Aplausos.*) así que «a roelo». «Hai que roelo», como dicía —aí non entra a Wikipedia— o acervo popular.



Dicía o portavoz do Partido Popular: «Cataluña non paga as peaxes». ¡Non!, é que non paga Cataluña, tampouco paga Valencia, non paga Alacant e non paga Madrid por decisións do Partido Popular. (*Aplausos.*) E paga Galiza por decisións do Partido Popular, que concedeu a vergoñenta prórroga de 25 anos. Por esa razón estamos nós pagando unhas peaxes, e aínda teñen vostedes aquí a cara dura de saír a dicir outra cousa. É que hai que ter valor, de verdade.

O único bo que pasou na AP-9 nos últimos anos foi grazas ao BNG, é que é incuestionable. Grazas ao acordo impulsado polo BNG, as galegas e os galegos pagan ou non pagan a viaxe de volta; é gratis, señorías do Partido Popular, que parece que non se enteran. Foi grazas a un acordo impulsado polo BNG, (*Aplausos.*) que fai que as galegas e os galegos que usan a AP-9 aforren 37 millóns de euros cada ano; 37 millóns que aforran de pagar as galegas e os galegos. Este é un avance histórico conseguido pola BNG, que é un deles, porque haberá moitos máis e por iso estamos aquí tamén falando da AP-9.

Porque, efectivamente dicía vostede que a concesionaria se está enriquecendo. (*Risos.*) É que é inconcibible que veñan aquí coa santa cara de dicir isto, cando a concesionaria se está enriquecendo por decisións do Partido Popular, (*Aplausos.*) por unha prórroga —que teño aquí o BOE; que habería que lerllo en voz alta, aquí, para a súa vergoña, porque é algo absolutamente indecente—, porque puxeron no texto do BOE... —voullo ler porque isto merece a pena—: «*Se suprime el artículo 2 del Real Decreto 1984, la referencia a que el capital de la sociedad será en todo momento exclusivamente estatal*». É dicir, vostedes ampliaron a concesión e puxeron no mesmo DOG que a concesionaria deixaría de ser estatal; é dicir, xa estaba tramada a privatización, (*Aplausos.*) como agora acaba de descubrir o comisario de Comercio Interior da Unión Europea, que acaba de dicir que a prórroga do ano 2000 se extingui coa privatización. É que é branco e en botella, xa teñen o informe xurídico feito.

É que lle están centrando o balón, e vostedes néganse porque claro, pelota para seguir, non queren asumir a súa responsabilidade como Goberno galego para facer o traballo que teñen que facer, e por iso está aquí o BNG, para impulsar acordos, para poñerlles as pilas, para facer o que vostedes non fan, e seguiremolo facendo ata o final, ata conseguir a AP-9 galega e libre de peaxes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos, polo tanto, á votación das proposicións non de lei. Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor García Comesaña.

Hai un texto transaccionado, ¿coñéceno todos os grupos? (*Asentimento.*) Si, pois entón votamos este texto transaccionado.





*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe realizar ao Goberno central co obxecto de que a cidade da Coruña albergue a futura sede da Axencia Española de Supervisión da Intelixencia Artificial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Prieto.*

*Non se aceptan as emendas nin do Grupo Parlamentario Socialista nin do Bloque Nacionalista Galego.*

*Votamos.*

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gabriel Alén Castro e nove deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que, en colaboración con concellos e deputacións, desenvolva o Plan Pistas Abertas, orientado a poñer á disposición de clubs e familias as instalacións deportivas escolares.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; abstencións, 35.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro.*

*Hai tamén unha transacción á que chegaron os grupos. ¿Coñécena todos?; (Asentimento.) entón, votamos esta transacción.*

*Votamos.*

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey e D<sup>a</sup> Patricia Iglesias Rey, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para lle dar pulo á promoción do deporte feminino.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor López Font.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que inicie todas as accións necesarias para conseguir a eliminación das peaxes nas autoestradas autonómicas AG-55 e AG-57.*

*Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37; abstencións, 1. O resultado da votación é negativo. En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Cristina Fernández Davila.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila e D<sup>a</sup> Ariadna Fernández González, sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxectivo de acadar a gratuidade universal dos libros de texto en todas as etapas obrigatorias do ensino.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 37; abstencións, 1. O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e dous deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que encargue no prazo máximo de tres meses os estudos necesarios para coñecer as vías de anulación da prórroga da concesión da autoestrada AP-9 e a viabilidade da xestión directa.*

*Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Remataron aquí as votacións. Poden abrir as portas.

Continuamos co punto quinto da orde do día, neste caso interpelacións.

**Interpelación de D. Carlos López Font e D<sup>a</sup> Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o desenvolvemento do transporte público de competencia do Goberno galego**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación, ten a palabra o señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, «o que mal empeza mal acaba», sentenciaba a deputada do PSOE na anterior lexislatura señora Patricia Otero, á mantenta de todo o relacionado co transporte público en Galicia.

Por situarnos nos antecedentes, a finais de 2009 entraba no Parlamento de Galicia a Lei de medidas urxentes para a modernización do transporte público, que marcaba o camiño para prorrogar durante dez anos as concesións en Galicia de transporte de viaxeiros por estrada.

A pesar de que a Comisión Nacional da Competencia e o PSdeG-PSOE advertían á Xunta de que estaban a quebrantar a legalidade europea, o Goberno galego, en abril de 2010, prorrogou todas as liñas —129— de autobuses de Galicia a través dunha lei urxente.

Por non facer todo o relato xudicial deste proceso, finalmente o Tribunal Supremo, en 2016, anula as prórrogas, que remataban en 2020, ao que responde o Goberno da Xunta do PP en xullo de 2016 cunha Proposición de lei de medidas urxentes para actualizar o sistema público de transporte de Galicia que incluía a elaboración dun Plan de transporte de Galicia, marcándose o prazo de vinte e un meses desde a entrada en vigor da Lei 10/2016, do 19 de xullo.

Nese debate, nun exercicio de responsabilidade, o Grupo Parlamentario do PSdeG votou a favor para liquidar as consecuencias das anulacións da prórroga. A nosa responsabilidade contrastaba coa irresponsabilidade do PP, culpando o Bipartito e cuestionando as decisións xudiciais, como sempre fai o PP. Cando as decisións xudiciais os favorecen, son un gran triunfo que non paran de pregoar, pero, cando son contrarias aos seus intereses, cuestionadas; propio do ADN do PP.

Durante a elaboración dese plan desde o PSdeG advertíase de que a Xunta se reservaba demasiado poder discrecional para introducir criterios políticos, que non era un plan consensuado e que non daba resposta ás necesidades de mobilidade das galegas e dos galegos, sobre todo no rural.

Tamén denunciámos a escasa ou nula transparencia á hora de levar a cabo os procedementos de adxudicación. O que mal empeza mal acaba. As queixas de usuarios son numerosas e o servizo non está a funcionar como sería necesario.



Practicamente todo o que este grupo parlamentario foi denunciando foi ratificado polo propio Consello de Contas no seu informe.

Comprobei que, cando se debate neste Parlamento, dá o mesmo Pleno que comisións, sobre informes do Consello de Contas, parece que as lecturas non coinciden, e, escoitando membros do Goberno da Xunta e deputadas e deputados do PP, parecería que estamos a falar de cousas ben diferentes.

Na formulación desta pregunta na Comisión 2ª á directora xeral de Mobilidade limitouse, primeiro, a criticar o transporte urbano das grandes cidades —iso si, nas que non goberna o PP; tamén é certo que son a maioría de Galicia— e a dicir que todo estaba ben e a non atender ás cuestións que expón o informe do Consello de Contas e que son innegables e non inventadas por este grupo parlamentario.

O informe, exhaustivo e detallado, céntrase en catro aspectos moi concretos, que son os que xustifican a nosa interpelación, no ánimo de coñecer a situación de legalidade actual e a mellora do servizo prestado aos galegos e ás galegas, que, en suma, é o que nos ten que preocupar.

No primeiro lugar fala o Informe do Consello de Contas e di: «abdicación das súas competencias de inspección e control nos contratos asinados». A abdicación resulta especialmente grave e é o que o informe do Consello de Contas constata, que a obrigação que teñen as concesionarias de ingresar en xaneiro o canon de explotación do servizo a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da anterior lexislatura non o estaba exixindo, causando así un grave prexuízo ás arcas da Administración autonómica e a sospeita de se había un acordo coas empresas de non cobrar, o cal evidentemente sería dobremente grave.

En segundo lugar, queixas dos usuarios. As queixas dos usuarios darían para chegar por centos de páxinas; das non tramitadas formalmente vemos a diario nos medios de comunicación, pero das que se tramitan oficialmente o Consello de Contas reprocha no seu informe que a maior parte desas queixas quedan sen contestar, ou, se contestan, de forma tardía e cunha falta total de solidez —diríamos nós que para saír do paso—. Cabe lembrar aquí a obrigação —a obrigação— da Administración de contestar en noventa días.

En terceiro lugar, fala o Informe e establece penalidades. Detecta o Informe que existen procedementos de infracción abertos pero que non se impoñen as penalidades correspondentes, lembrando que estas poden chegar á rescisión de contratos.

En cuarto lugar, establece e sinala falta de planificación. Esta conclusión do Informe refírese a un aspecto cualitativo moi importante e que afecta a xestión do Goberno. Detecta este informe unha falta de planificación para dar resposta ás necesidades de mobilidade —precisamente o que advertían os socialistas— e recomenda o Informe do Consello de Contas ao Goberno da Xunta que reforce o seguimento dos contratos das concesións para levar a cabo os axustes necesarios.

Este informe, na nosa opinión, é un completo tirón de orellas do Consello de Contas á acción do Goberno —continuada— do PP na Xunta de Galicia. E éo porque apunta a problemas de



incumprimento da legalidade, moi grave para nós, pero tamén a cuestionar de forma cualitativa a xestión que se vén realizando en algo tan importante para os galegos e as galegas como é o transporte público en Galicia.

Todo isto require a adopción de medidas polo Goberno de Galicia e do cumprimento da legalidade, a que está obrigado o Goberno da Xunta, e a que nos digan que medidas están a adoptar para mellorar o servizo.

Neste aspecto o retorno que chega día a día dos viaxeiros dinos que inclusive empeorou. Por iso a necesidade de que vostedes respondan e se poñan a traballar nun goberno que di o propio presidente Rueda que non necesita os cen días de cortesía.

Polo tanto, as nosas cuestións que planteamos aquí, conselleiro, son, a primeira: tendo en conta este informe do Consello de Contas, se o Goberno segue a pensar que os problemas detectados no plan de transporte son problemas puntuais, como defenden vostedes. En segundo lugar, se vai o Goberno galego reforzar o seguimento dos contratos das concesións, para levar a cabo os axustes necesarios na orientación de obxectivos dese Plan de transporte de Galicia. En terceiro lugar, preguntarlle se existía un acordo entre o Goberno galego e as empresas concesionarias para que estas non aboaran o canon pola explotación do servizo. E, finalmente, a cuarta é se vai o Goberno galego analizar e dar resposta ás queixas dos usuarios e usuarias do transporte público que é competencia do Goberno galego.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo Pouso.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.

Señoría, con esta interpretación pretende vostede que vivamos permanentemente no día da marmota. Está ben practicar a reciclaxe, pero debe intentar actualizar a información e ter en conta as nosas explicacións, que damos ben no Pleno ou ben nas comisións. E sinto desenganalo xa dende o principio, pero saiba que unha mentira, por moitas veces que se repita, segue sendo unha mentira. Porque vir ao Parlamento, mes tras mes, afirmar categoricamente as mesmas cousas cando está acreditado que o que di non é verdade, non é serio ou cando menos responde a unha lectura terxiversada do que di o informe, e iso non é serio, é facer política da mala. Abrazarse á demagogia sen pudor non é un bo camiño.

En calquera caso, non vou escatimar esforzos para tentar convencelo, de novo, de que Galicia ten un transporte público moderno e de calidade. E debería sentirse orgulloso, ademais, sentirse orgulloso como galego, de que o transporte público dependente da Xunta siga incrementando os usuarios, preto de 3,7 millóns de viaxes o pasado mes de abril; que segue incentivando o seu emprego entre os mozos, coa Tarxeta Xente Nova, entre xaneiro e abril 2,5 millóns de viaxes, un 15 por cento máis que no mesmo período do ano anterior; ou que



se introduzan vantaxes para outros grupos de idade, como o +65, que entre xaneiro e abril tivemos bonificados case un millón de viaxes.

E se ten a esperanza de pillarnos nun renuncio, asegúrolle que non o vai conseguir. O que dixemos onte dicímolos hoxe e dirémolos mañá, e non todos poden facer o mesmo. *(Aplausos.)*

Pero hai que contextualizar o informe ao que vostede fai referencia para intentar desacreditar o transporte público, ese informe do Consello de Contas que fixo público o pasado mes de outubro e que, como recoñece o seu título, é un informe de fiscalización do Programa de ordenación e inspección do transporte nos exercicios 2019 e 2020.

Fágolle constar que a implantación do Plan de transporte público de Galicia culminou en decembro do ano 2020 e ata hoxe foron introducíndose novas funcionalidades, que estaban previstas pero que non estaban activadas no período ao que se refire o informe. E vostede iso sábeo e, se non o sabe, debería sabelo. Xa sei que é novo nesta lexislatura, pero deberían de terlle pasado eses apuntamentos aos que vostede facía referencia para saber este tipo de cousas, para saber as explicacións que se foron dando en cada momento e como era a evolución. Así que vaian pensando noutro asunto.

Di vostede que o informe aduce que a Xunta abdica das súas competencias de inspección e control nos contratos asinados e saca a colación o canon por explotación, poñendo en dúbida incluso a legalidade da actuación da Xunta; díxoo por escrito e volveuno dicir aquí hai uns minutos. Entendo que isto é un exabrupto, fóiselle, veuse arriba e dixo este tipo de cousas. Eu pídlle sinceramente que o retire, porque non temos coñecemento de que foran ao xulgado en ningunha ocasión, porque se fose así e vostede o segue mantendo debería de ir ao xulgado, e se non é así, pois entendo que, ben, un se vén arriba cando chega aquí, pero debería de controlar o que di.

En plena pandemia da covid, con 127 concesións de servizo adxudicadas, a prioridade para a Xunta de Galicia foi manter operativos autobuses, que, coas limitacións que había á mobilidade, houbera todas as liñas de autobús dispoñibles, a pesar desas limitacións que había naquel momento. Non sei se acertamos ou non; dende logo, é a nosa aposta. Outros gobernos fixeron o contrario; por exemplo, o Goberno do Partido Socialista o que fixo foi eliminar frecuencias dos trens; por certo, catro anos máis tarde seguen sen ser repostas esas frecuencias. Iso fíxoo o Partido Socialista onde goberna; nós optamos por outra vía distinta.

E algunhas concesionarias non ingresaron en tempo o canon correspondente aos nove días do ano 2020. É certo que non o ingresaron a tempo. Estamos a falar de 4 das 127 concesións —4 de 127, non está mal— e insisto: daquela no Goberno estabamos noutras cousas, ás cousas que había que estar, ou polo menos nós entendíamolo así. Pero a Xunta actuou en prazo para reclamar a débeda e cobrouna, e así o recolle o informe do Consello de Contas, que vostede ás páxinas non chegou a elas, por iso di o que di aquí; se lese esas páxinas, non diría o que di aquí. O pago do canon, ademais, non é unha obriga que caduque, non caduca, pódese pedir o pago en calquera momento.



Así que sexan vostedes elegantes, eliminen esa coletilla, que di que seguramente había un acordo coas empresas de que non se lles cobraría. Non, o acordo era do Goberno do Estado con Renfe, con todos os operadores ferroviarios, para que non puxera de novo as frecuencias. Tamén coas empresas de transporte aéreo pasou o mesmo, porque seguen sen estar todas as frecuencias que había antes.

Di vostede que segundo o informe as queixas dos usuarios quedan sen resposta e nas infraccións abertas non se pon imposición de penalidades. Non é certo, e sábeo. O Plan de transporte público de Galicia dispón de varias ferramentas, e ademais funcionan. As queixas e as peticións dos usuarios son atendidas. Ao afirmar o contrario deixa claro que non está a facer un seguimento demasiado exhaustivo.

Non está ao día das adaptacións que estamos a realizar constantemente, case semanalmente, en liñas, en servizos, en horarios, en paradas, por toda Galicia. E boa proba diso son os 5.300 expedientes de modificación que levamos tramitado, co obxectivo de mellorar o servizo, queixas presentadas ou alegacións ou mellor as presentadas por particulares, colectivos, traballadores, concellos, que son analizadas e, se son viables, loxicamente se levan a cabo, porque o que queremos é que os usuarios estean contentos con ese servizo. (*Aplausos.*) Son moitos os exemplos.

Esta semana reestruturamos os servizos do corredor A Coruña-Oleiros-Sada, por petición da concesionaria e do Concello de Oleiros, porque cremos que é bo ese cambio que propoñen, e, efectivamente, estúdase e lévase a cabo tan pronto o propoñen. Imos sacar a licitación, aprobamos no Consello da Xunta a concesión A Coruña-Lugo-A Mariña, por 5,7 millóns de euros. Os servizos que se viñan prestando, ademais, vanse ver reforzados coa liña directa entre A Coruña e Lugo, liña directa que vai aumentar loxicamente a oferta que tiñamos ata agora. Iso sempre atendendo ás demandas que nos fan e tamén os compromisos que nós tiñamos.

Realízanse inspeccións en rutas. Neste primeiro semestre controláronse seiscentas expedicións. En Galicia, de feito, realízanse a metade dos controis que se fan en España do transporte de pasaxeiros, a metade de toda España realízanse en Galicia, e se a infracción detectada require unha imposición dunha sanción, pois loxicamente levamos máis de quíntos expedientes de penalidades incoados.

Está en probas, ademais, o sistema de axuda á explotación, para que os usuarios saiban en todo momento, en tempo real, información que é relevante para eles, como canto tempo tarda en chegar un autobús; neste momento está en varias zonas e esperamos telo aplicado a toda Galicia moi pronto. Por tanto, Galicia será a primeira comunidade de España en implantar este sistema en todo o transporte interurbano. Por tanto, hai seguimento, hai control e hai sancións.

Di vostede que nese punto do informe no Plan de transporte público de Galicia falta planificación para dar resposta ás necesidades de mobilidade. É obvio que ten un problema e que só le as páxinas que lle interesa ler, porque o que di o Consello de Contas é totalmente o contrario. Salienta que o Plan de transporte de Galicia puxo en marcha as áreas



de transporte metropolitano, coas que se fomentou o uso do transporte público no contorno das cidades, e que se aplicaron unha serie de beneficios comúns para todos, como a aplicación de bonificacións ou transbordos gratuítos, en case toda Galicia, porque hai unha zona de Galicia na que non se poden levar a cabo. ¿Sabe vostede onde é? En Vigo. En Vigo non hai transbordos gratuítos porque o alcalde non quixo entrar na área metropolitana.

O Plan de transporte público de Galicia é un instrumento de planificación e coordinación que integra os avances que supón o transporte metropolitano para esa futura área de transporte de Galicia.

E o Consello de Contas tamén di no seu informe que a Estratexia galega de mobilidade é un novo avance; novo avance, utiliza estas palabras nesta materia, e di iso pese a recoñecer que son actuacións posteriores que non se teñen en conta no seu informe, posto que se refire aos anos 2019 e 2020. E isto é obvio para todos salvo para aquel que quere ler de maneira terxiversada, ou interesada cando menos, un informe.

Nós aprobamos a Estratexia de mobilidade o pasado mes de maio e nesa estratexia non só se contemplan os obxectivos, senón tamén as medidas que imos poñer en marcha para conseguilos e ademais a implicación de todas as administracións públicas. Un plan con 99 medidas para garantir uns desprazamentos sostibles, seguros e adaptados, co apoio da innovación e da tecnoloxía, para seguir impulsando o emprego do transporte público.

Permítame un consello: non insista máis co das sentenzas xudiciais, porque creo que se equivoca. Decía vostede que o que mal empeza mal acaba, e vostede está empezando mal; e doulle un consello, que sabe que lle teño respecto.

A sentenza e a posterior sanción á que se refire na súa iniciativa non cuestiona o Plan de transporte público de Galicia, cuestiona as posibles prácticas de dúas empresas en termos de competencia, pero non cuestiona o Plan de transporte público. O proceso de contratación do transporte público de Galicia está avalado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Todas as resolucións dos tribunais foron favorables á Xunta.

E deixe de tarabear co protagonismo que se lles deu ás pemes, porque lea a páxina 206 do informe, na que se di textualmente que «non se pon en dúbida que todas as decisións da Administración estiveron enfocadas á participación das pemes neste concurso». A licitación dividiuse en 127 lotes; en 70 só eran necesarios 10 vehículos; en 110 lotes están vinculadas as pemes e as pemes xestionan o 46 por cento dos contratos.

En definitiva, céntrese no presente, deixe de darlle voltas a un informe que non di o que a vostede lle gustaría que dixese e, aínda por riba de todo, xa é obsoleto.

A mellora permanente é o noso principal compromiso, que cumprimos con feitos cada día. Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*





**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica do señor López Font.

**O señor LÓPEZ FONT:** Grazas, presidente.

Entende moi mal, señor conselleiro, o que lle corresponde á oposición. Non trato de desacreditar, trato de analizar un informe do Consello de Contas no que se apuntan cuestións de legalidade e se apuntan cuestións de funcionamento, e vostede pode vir aquí con moitos números e con moitas referencias, pero o descontento co transporte público en Galicia está na rúa. Polo tanto, os apuntamentos que me pasaron, efectivamente, son correctos, e son correctos porque vostede é o que le as páxinas que lle interesan.

Mire, o informe do Consello de Contas di o que di. Este debate sempre vai ser aquí, pero, como sempre, vostedes tratan de sacalo de contexto. Non me sorprende, porque desviar a atención é marca deste goberno. É evidente que os catro apartados que sinalamos veñen no informe do Consello de Contas. E, como queira que este tema é moi importante, por iso o interpelamos, co ánimo de mellora, e vostede, á defensiva.

Tamén é innegable o traxecto percorrido pola lei desde que gobernan vostedes e que di moito de falta de transparencia, á que non se referiu, e das dificultades legais como consecuencia de abordar este tema. Desviar a atención, como fan vostedes habitualmente, en relación co dos trens e coas grandes cidades, pois resulta certamente sorprendente aínda que repetitivo.

Mire, señor conselleiro, a Área Metropolitana de Vigo cargárona vostedes. A Área Metropolitana de Vigo ten unha sentenza na que reconece a legalidade desa área metropolitana e vostedes, coa condición de impoñer o transporte metropolitano á cidade de Vigo, o único que pretendían era facer gastar ao Goberno da cidade de Vigo o que non lle corresponde. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Polo tanto, era mellor que esa referencia, e máis no día de hoxe, non a utilizase vostede.

Mire, se fala de cidades e fala do transporte, do mal que está en determinadas cidades nas que non gobernan vostedes, o certo é que, cando chegan eleccións municipais, perden unha tras outra; por algo será. E tamén teñen os seus grupos municipais para levar mocións e non servir de escusa aquí.

Mire, a nós o que realmente debe importarnos é se o transporte público en Galicia está a funcionar ben ou non, e, nese sentido —e mantémolo— as queixas delátanos a vostedes e as demandas dos usuarios son as que falan do funcionamento. Non quero esquecerme: o canon empezaron a pagalo desde que entraron os auditores, non por vontade deste goberno.

Pero voume referir ás demandas dos usuarios, dado que fala vostede do ben que o están a facer e as novas que teñen. Dicirlle en principio que, ao mellor, a máis usuarios, peor servizo. Co cal, antes de lanzar determinadas ofertas, deberían de pensar se poden brillar en condicións.



Miren, na provincia da Coruña a liña que maior problemática ten é a da Coruña-Ferrol-Pontevedra e Betanzos; ademais de non cumprir os horarios, outras das problemáticas que denuncian os concellos da comarca, non este grupo parlamentario, é a falta de prazas. En Ferrol sufriron perda de frecuencias e de liñas, ademais de falta de prazas, cambiando de roteiros, impuntualidades e buses avariados. Na provincia de Pontevedra denunciouse aquí a pasada lexislatura o incumprimento do contrato do Val Miñor, recollendo as queixas dos veciños de Baiona e A Guarda, queixas reiteradas desde decembro de 2020. E tamén destacan, por poñer algún exemplo, os problemas no servizo de bus entre Marín e Pontevedra.

A conclusión máis importante, conselleiro —e conclúo—, é que se debe mellorar o servizo, que de todo o que a vostedes lles parece fácil noutros ámbitos aquí rinse, e, aproveitando o novo Goberno, tomar decisións no ámbito organizativo que melloren o servizo, iso si, dentro da legalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche da interpelación, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** Grazas, presidente.

Señoría, a modo de introdución, ¿non?: o descontento está na rúa, veñen vostedes á defensiva, desvían a atención coas grandes cidades e os trens e despois falou dos resultados.

Mire, se vimos falar da mobilidade, do transporte público, loxicamente Vigo tamén é unha cidade na que poderían entrar o resto de autobuses, como o fan nas outras cidades. E di vostede que Vigo defendeu o seu, e vai e aplaude o da Coruña e o de Ourense, onde casualmente pagan. (*Aplausos.*) Eu non entendo nada, porque hai alcaldes do Partido Socialista que entraron, non teñen expresado ningunha queixa neste sentido e, ademais, están contentos co servizo que se dá, porque este non é un servizo ao alcalde, este é un servizo aos cidadáns, aos de Vigo e aos de toda a contorna. Polo tanto, non é unha cortina de fume, é algo que nos afecta a todos.

E, casualmente, falar hoxe, pois non sei a que se refire, ¿á reunión de onte? Pois paréceme ben, é o normal, e alégrome de que saia ben a reunión, pero ¿non podemos falar de que a área de transporte en Vigo non funciona?, ¿non podemos dicilo? Pois non o entendo, vostede saberá.

E, ¡home!, nós gobernamos en Ferrol con maioría absoluta, gañamos na Coruña, gañamos en Santiago —aínda que vostedes fixeron aí un paripé, que xa vemos estes días o que está a ocorrer—, gañamos en Lugo, e, en fin, cada un que se faga responsable dos seus resultados. Pero nós polo de agora imos bastante mellor que o Partido Socialista, (*Aplausos.*) así que por aí non vaia.

Pero, en fin, eu o que creo é que non se vén camuflar con datos. Di vostede que veño aquí dar datos; claro que veño aquí dar datos, porque cando nun mes de abril hai 3,7 millóns de



viaxes no sistema de transporte de Galicia, bastantes máis que o ano pasado, pois loxicamente é para estar orgullosos.

E claro que pode haber algúns problemas, en paradas, en liñas; díxenllo antes, hai 5.300 expedientes de modificación, e seguirá habendo, ¿por que? Porque as necesidades tamén van cambiando ao longo do tempo, e estamos abertos, e temos licitado, e temos construído nun sistema no que se pode modificar para seguir mellorando constantemente o servizo, e niso estamos. Pero non pode vostede vir aquí e dicir que todo está mal feito e que todo é ilegal, porque volveu dicilo. Creo que iso en vostede queda mal, pero ben, alá vostede.

O informe constata avances, melloras no transporte público de Galicia para promover o seu emprego e dar resposta ás necesidades, salienta que se efectuou unha modernización e renovación da frota e incide no mapa concesionario establecido, que supuxo ampliar zonas atendidas e incrementar os recursos.

Hai moitas máis liñas das que existían, hai moitísimas máis parada das que existían, e disto non se beneficiaron única e exclusivamente as cidades, beneficiouse todo o territorio, tamén o rural, ao que vostede facía referencia. E non sei cal é o obxectivo da súa intervención, se intentar desacreditar o sistema.

Di que veño á defensiva. Non. Veño explicar que o que vostede intenta trasladar non é certo, non é certo. Claro que seguen existindo queixas nalgunha liña, e estamos intentando solucións, e algunhas suprímense e outras póñense de novo, e nalgúns casos temos que chegar a acordo coa concesionaria para rescindir o contrato e volver sacalo a licitación, claro que si. Pero ese é un sistema moderno, áxil e que nos permite facer estas cousas cando as diferenzas son insalvables. E iso é no que estamos traballando.

Temos que seguir mellorando. Pero miren, facemos un investimento anual de 140 millóns de euros, pasamos de 900 a máis de 3.500 liñas operativas. Pero ¿como pode dicir que é peor? De 900 a 3.500 liñas. De 20.000 paradas a 56.000 paradas. ¿Vostede sabe o que significa iso? ¿Vostede é consciente da complicación que significa pasar de 20.000 a 56.000 paradas? E, seguramente, algunha está mal, porque non chega o bus a tempo ou porque foi mal deseñada. É verdade. E ¿cal é o problema? Pois tan pronto se ten coñecemento, axústase, corríxese para dar un mellor servizo; diso é do que se trata, e iso é o que estamos a facer.

Os vehículos teñen unha idade media de 5,7 anos, que supón a metade do que ten o parque de autobuses nacional, e o 91 por cento dos galegos teñen unha parada a case menos de quíntos metros da súa casa. ¿É que para vostedes isto non é importante? Estes datos, que vostede di que os traemos para unha cortina de fume, ¿non son importantes? Pois para nós si.

E melloramos o sistema tarifario, porque os menores de 21 non pagan. Fomos a primeira comunidade que o puxo enriba da mesa. E aos maiores de 65 agora tamén se lles bonifica un número de viaxes ao mes. ¿Non está de acordo en que estas medidas son boas e que foron quen de incrementar o número de usuarios do transporte por estrada público?, ¿non está de acordo? Pois eu creo que son medidas importantes, que nos viñeron ben a todos.



Pero, ¡joia!, esa mesma énfase a min gustaríame que a aplicase a outros sistemas de transporte, e non é unha cortina de fume. Hoxe pola mañá no tren da Coruña —non sei se algún dos deputados o utilizou—, o das 9 e o das 9 e media, houbo un problema grave (*Murmurios.*) —o das 8, ben, é que a min un usuario me dixo 9 e media—, porque Renfe decidiu —segundo os traballadores de Renfe da estación, non sei— hoxe que dos oito vagóns normais pasaban a catro, e quedou todo o mundo alí tirado na estación.

Pero ¿sabe que? Estes problemas levamos tres anos con eles, desde que acabou a pandemia.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso):** E ¿que fixeron vostedes —remato agora mesmo— durante todo este tempo? ¿Preocúpalles realmente este? Porque ese si que é un medio de transporte utilizado por traballadores, que teñen problemas para chegar ao seu traballo. ¿Fixeron algo? Non, ben, pois imos intentar entre todos solucionar os problemas e eu pídolle que apliquen ese mesmo interese noutros sistemas de transporte que non dependen da Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señor Calvo.

Continuamos coa seguinte interpelación.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Iria Carreira Pazos e D<sup>a</sup> María Cristina Fernández Davila, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o recoñecemento da diversidade e a política contra a discriminación nas aulas por razón da orientación sexual**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para a interpelación, e por tempo de dez minutos, ten a palabra dona Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidenta.

Moi bo día.

Moi bo día, conselleiro.

Hai un ano foi presentado o Informe, análise, datos e recomendacións para o recoñecemento da diversidade en Galiza, elaborado polo Foro de Identidades e Disidencias Sexuais no seo do Consello da Cultura Galega, informe que foi elaborado tendo en conta asociacións e colectivos tanto profesionais e sindicais como as propias organizacións LGBT, e que permite visualizar algunhas cuestións sobre as que o BNG xa alertamos no seu momento.

O 88 por cento das organizacións LGBT galegas non considera que os centros educativos do noso país sexan espazos seguros para as persoas LGBT. E ¿por que non son seguros? Pois o mesmo o informe recolle que o 65 por cento do alumnado de secundaria presenciou violencia homófoba nas clases de Educación Física. Como digo, isto é algo sobre o que o BNG temos



alertado en varias ocasións, temos trasladado a esta Cámara a necesidade de preocuparse pola LGTBfobia nos centros de ensino galego, pero batendo sempre co veto constante do Partido Popular, porque vostedes defenden que todo está ben, que xa están facendo todo o que se pode facer, pero esa non é a realidade que se vive nas aulas día tras día.

Porque o do Foro de Identidades e Disidencias Sexuais non é o único estudo que existe a este respecto. En marzo deste mesmo ano, Agareso tamén fixo público un estudo sobre a presenza de discursos de odio LGTBfóbicos no ensino secundario galego. Neste caso, en vez de escoitar só a voz de colectivos e expertos no tema, enquisouse tamén directamente alumnado e profesorado para coñecer de primeira man a súa realidade. ¿Cales son as conclusións? Novamente, que as aulas non son espazos seguros. O 81 por cento do alumnado LGBT que respondeu esta enquisa sufriu algún tipo de agresión. O 69 por cento do profesorado presenciou nalgún momento agresións contra a poboación LGBT. No caso de presenciaren unha agresión, e detectala como tal, só o 46 por cento do alumnado interviría para defender as súas compañeiras, pero un 5 por cento uniríase ás agresións verbais. E isto é gravísimo.

E ¿cal é o problema? Que isto é só unha aproximación á realidade. Porque estes informes ou o estudo feito polo Concello de Pontevedra hai uns anos teñen un alcance moi limitado, porque vostedes non investigan esta cuestión en profundidade. De feito, a Consellería de Educación acaba de facer público o Informe de diagnose da convivencia e hábitos sociais 2023 e, por suposto, presumir dos bos datos obtidos. E se ben aumentou a porcentaxe que considera que mellora o clima de convivencia, tamén é certo que medra a porcentaxe que considera que empeorou. Se no 2021 había só un 14 por cento do profesorado que percibía que a convivencia estaba a empeorar, agora esa visión negativa é do 27 por cento do profesorado.

E o mesmo sucede cos outros grupos. Temos un 20 por cento de familias cunha visión que considera que a situación empeora, fronte ao 12 por cento que había hai dous anos.

E a pesar de que a sociedade é diversa, isto non é visible no día a día dos centros de ensino, nin entre o alumnado nin entre o profesorado, porque máis da metade do profesorado mantén a súa identidade ou orientación sexual en segredo. De feito, só un 36 por cento do alumnado afirma sentirse libre á hora de expresarse sobre temas relacionados coa orientación sexual ou identidade de xénero nas aulas, por medo ás ameazas ao trato diferenciado ou ao acoso.

A exclusión e a discriminación de persoas LGBT nas institucións educativas poden ter efectos graves e duradeiros na saúde mental, no benestar emocional, no seu desenvolvemento futuro, e isto tradúcese en illamento social, en baixo rendemento académico, en abandono escolar, en violencia, acoso, discriminación e exclusión.

O estudo da Federación Estatal LGBT do 2019 *Jóvenes trans en el sistema educativo* sinala, nesta liña, que o abandono escolar por motivo de transfobia é un dos condicionantes que caracterizan a situación de exclusión do mundo laboral que presentan as persoas trans adultas, porque moitas non rematan a ESO, ata 17 puntos menos que a poboación xeral.

E, fronte a isto, ¿que está a facer a Consellería de Educación para evitar a violencia nas aulas, para garantir que os centros de ensino sexan espazos seguros? Ou pouco ou nada. (*Aplausos.*)



Recollo de novo o estudo realizado por Agareso, e cito literalmente: «O corpo docente apunta plans de estudos desactualizados, protocolos inexistentes ou atrasados, dificultades impostas desde as direccións para realizar actividades e falta de formación do profesorado para detectar a LGTBfobia nas aulas e nos materiais.» Por facer, vostedes nin sequera dan cumprimento á Lei do 2014, unha lei de mínimos, que urxe actualizar e ampliar pero que vostedes levan dez anos convertendo en papel mollado.

Porque é certo. Non a cumpre nin a Consellería de Educación nin o resto do Goberno galego. Hai cinco artigos que versan directamente sobre educación. Artigo 22, «Inclusión da realidade LGBT nos plans de estudos»; non está incluída. Artigo 23, «Prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios»; non hai ferramentas. Artigo 24, «Formación do persoal docente»; non hai formación regulamentada, transversal e obrigatoria para todo o profesorado, nin tampouco está incluída nos plans de estudos que recolle este artigo, como son as titulacións de Educación Social, Maxisterio, Pedagogía, Psicoloxía e Dereito. Artigo 25, «Divulgación da realidade LGBT entre as ANPA»; non hai nada. Artigo 26, «Combater o acoso e favorecer a visibilidade»; tampouco hai nada.

Por iso lle preguntamos, señor conselleiro, ¿que é o que están a facer para combater a LGTBfobia e a violencia nas aulas?, e pregunto, ademais, ¿por que o Partido Popular vota sistematicamente en contra de calquera proposta para introducir unha mellora nesta situación? Porque vemos a onda reaccionaria que se está a estender globalmente; vemos posicións de ultradereita que cada vez teñen máis oco nas redes sociais, nos medios de comunicación e, por suposto, tamén nas aulas e nas rúas; vemos posicións de ultradereita que cada vez ocupan máis sitios en parlamentos coma este, que se sentan en escanos como no que me sento eu ou como no que se senta vostede, que é máis grave; vemos posicións de ultradereita que atentan directamente contra os dereitos humanos, contra o que é cadaquén, contra a nosa propia identidade; vemos posicións de ultradereita que alentán e espallan discursos de odio que serven de amparo e de abrigo da violencia.

Hoxe esta interpelación versa sobre a violencia LGTBfóbica, pero non se confundan, se as aulas non son seguras para nós, non son seguras para ninguén, porque alí onde hai LGTBfobia, hai machismo, hai racismo, hai capacitismo e hai violencia. (Aplausos.)

Señor conselleiro, contra a ultradereita e contra a súa violencia, que ameaza diariamente as nosas vidas, só hai unha opción clara, e é combatela; combatela e non ir de ganchete para ter gobernos, como fai o Partido Popular por todo o Estado español; combatela e non retroceder nos avances que a loita social foi quen de conquistar, como está facendo o seu mesmo partido en concellos e gobernos autonómicos ou como fan vostedes ao eliminar a Secretaría Xeral de Igualdade; combatela e non deixala campar libremente nas aulas do noso país, cunha despreocupación absoluta, polo que están a sufrir o alumnado, o profesorado e as familias LGTB.

Por iso lle preguntamos hoxe, señor conselleiro, de xeito concreto, como máximo responsable da educación galega: ¿que é o que está a facer para que as aulas deixen de ser espazos non seguros para as persoas LGTB? Agradeceríamos unha resposta clara e honesta.

Grazas. (Aplausos.)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Grazas.

Para dar resposta ten a palabra o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Moitas grazas, presidenta.

Señorías, a defensa da igualdade e a loita contra calquera tipo de discriminación son unha prioridade para todo o Goberno galego. Dende a Xunta respondemos de xeito firme e unánime contra calquera conduta que signifique poñer en risco a liberdade e o respecto das persoas, de todas as persoas. Actuamos a través de accións concretas e non con palabras, e isto estase traducindo en importantes avances.

Sentímonos orgullosos —tan orgullosos como calquera membro deste Parlamento— da diversidade cultural e social que existe na rúa e tamén de ser os primeiros en elaborar e aprobar unha lei exclusiva contra a discriminación do colectivo LGTB no ano 2014. Este é un marco que significou un salto nas políticas de non discriminación e de normalización da diversidade; un marco que se centrou na prevención, na corrección e na eliminación de calquera tipo de discriminación por motivos de orientación sexual. Este goberno avanzou moito —queda moito por facer, por suposto— en materia de igualdade, cunha visión transversal, á que todos nos debemos sumar, aínda que quedan —como xa dixen— cousas por facer. Tamén fomos pioneiros no conxunto de España no ano 2016 co Protocolo educativo para garantir a liberdade de identidade de xénero, no que estivo moi presente o colectivo LGTB.

Parece evidente —é— que as políticas educativas cumpren un papel fundamental na formación en valores, como é o respecto ás persoas. A escola, xunto ás familias, exerce unha función social e socializadora na transmisión dos valores que todos compartimos. Ademais, proporciona unha formación integral que axuda a configurar a identidade persoal nun momento clave do desenvolvemento dos rapaces e das rapazas. Dende a Consellería de Educación traballamos cada día para que os centros educativos sexan espazos de respecto e de tolerancia para todas as persoas e, por suposto, para as persoas LGTB. Buscamos unha escola verdadeiramente inclusiva na que todo o mundo se poida expresar libremente sobre a súa orientación afectivo-sexual e a súa identidade (*Aplausos.*) e na que os rapaces e as rapazas aprendan que a diversidade é un valor positivo e unha oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe común. Avanzamos, en definitiva, para protexer os dereitos de todas as persoas e, por suposto, das persoas LGTB.

Unha vez máis, o BNG ofrece unha visión que non representa a realidade; prefiren non ver os avances de todos estes anos. Fronte a isto, temos un compromiso firme co coidado e coa mellora continua do clima de convivencia nos centros educativos. A escola galega —e así o din os informes máis significativos, como pode ser o Informe PISA— destaca en tolerancia. Os alumnos galegos son os alumnos máis tolerantes do conxunto de España en materia de igualdade de xénero.

A situación de convivencia nos centros presenta melloras constantes e sólidas; así o perciben os propios alumnos, as familias e o profesorado. Isto maniféstase nun informe, o Informe



de diagnose da convivencia do ano 2023, que, ao contrario que outras enquisas, ten carácter censual e procesou os últimos datos que vostede citou aquí: 43 millóns de datos para 172.000 persoas entre o colectivo de estudantes, de familias e de profesorado. ¿Que nos di este informe? Dinos que temos un bo sistema, no que máis do noventa por cento dos alumnos considera que o seu centro é un centro inclusivo, onde todo o mundo é benvido e respectado e no que a maioría da comunidade educativa amosa tolerancia cero coa discriminación e coa desigualdade. Ademais, estes datos censuais revelan que máis do oitenta por cento do sistema educativo, entre alumando, familias e profesorado, é receptivo á variedade e á diversidade de xénero nas aulas. *(Aplausos.)*

Isto non significa que estea todo feito e, por iso, para seguir mellorando a detección concreta dos casos de acoso ou ciberacoso, imos deseñar e implementar unha nova ferramenta que nos permitirá coñecer a situación de cada centro. Trátase dun instrumento de detección pioneiro no sistema educativo que poremos en marcha no próximo curso. Este instrumento estará dispoñible no cen por cento dos centros educativos co obxectivo de dotalos de ferramentas que permitan unha avaliación máis próxima ao alumnado, e contará tamén cun enfoque específico sobre LGTBfobia.

Señora portavoz, vostede foi —perdóeme a expresión— moi atrevida cando dixo que non se fai nada nos centros educativos de Galicia nesta materia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ogallá estas palabras cheguen a aquelas persoas que traballan todos os días nesta materia —que son moitísimas as persoas que traballan no sistema educativo— *(Aplausos.)* para que se vexa que unha cousa é o que se di, ou o que se quere dicir, e absolutamente outra cousa é a realidade.

Dende a Consellería... E os centros educativos son consellería, porque son administración educativa, ¿ou non son da Consellería? *(Murmurios.)* ¿Non? ¿Non son? *(Murmurios.)* ¿As ferramentas de xestión desta materia, ou doutras, acaso non teñen nada que ver coa Consellería? Supoño que non, segundo a súa visión. En todo caso, eu direille que no sistema educativo galego se traballa moito e ben —tamén recoñecendo que sempre hai que mellorar nesta materia— no ámbito da prevención, da detección e da intervención para fomentar o benestar de toda a comunidade educativa e para que exista tolerancia cero contra calquera tipo de discriminación.

Hai moitas propostas e moitas actuacións que se aplican nesta materia, e fanse cunha perspectiva integral. Faise formación curricular para o profesorado, fanse programas educativos específicos, fanse plans e recursos de mellora da convivencia e faise formación para as familias e para o profesorado. Todos os currículos educativos xa contemplan de xeito transversal a inclusión da realidade LGTB, o que permite, por suposto, normalizar e visibilizar a diversidade afectivo-sexual. Isto faise en todas as etapas educativas; en todas elas hai materias cun elementos curriculares que aluden a aspectos da diversidade sexual, tanto en materias comúns como nas optativas, e en todos os casos se recollen aspectos relacionados coa diversidade sexual do colectivo LGTB e coa perspectiva de xénero, que se adaptan, por suposto, ao propio desenvolvemento persoal do alumno.

Tamén se desenvolven programas —como os contratos programa— en máis de trescentos centros mediante os cales se desenvolven accións nas que interveñen ou se fomenta a coeducación,





ou coas que se fai prevención e tratamento da LGTBfobia. No Plan Proxecta+ hai iniciativas como «Quérote+», «Xente con Don», «Sementando coeducación» ou «Por 365 días de respecto e igualdade». Tamén hai os programas «EduReferentes», «Xénero con perspectiva» ou «Que non te lían»... En definitiva, hai moitísimas actividades que se fan nos centros educativos que van encamiñadas á cuestión sobre a que vostede di que non se fai nada. Os centros contan con recursos, protocolos e ferramentas que permiten unha avaliación e unha mellora continua. Todas elas están recollidas e todas parten da Estratexia galega de convivencia, aprobada por este goberno, que é unha folla de ruta que ten como obxectivo avanzar e garantir os principios de igualdade de todas as persoas, e facémolo baixo os principios de equidade, de inclusión e de perspectiva de xénero

Temos tamén un plan integral contra o acoso e o ciberacoso, que está centrado na tolerancia cero ante calquera tipo de conduta deste tipo —e doutras, por suposto—, co que procuramos que o alumno se sinta valorado sen importar a súa identidade de xénero ou a súa orientación sexual e co que favorecemos que todo o mundo poida crecer nun ambiente que respecte a diversidade. Dentro deste plan están tamén incluídas iniciativas como a Oficina de atención ás vítimas, que dá apoio social e psicolóxico a través de persoal especializado, e tamén os equipos de actuación contra o acoso escolar, que constituímos e formamos e traballan en cada centro nesta materia.

Non é certo, señoría, como vostede di —incluso por escrito—, que nos centros non contan cunha figura con responsabilidade na diversidade sexual e de xénero. Non é certo, e vostede dío por escrito. Todos os centros contan cun coordinador de benestar e de convivencia que ten entre as súas funcións a de promover todo tipo de iniciativas entre os membros do sistema educativo para o respecto da diversidade sexual.

Estamos tamén renovando o Plan de coeducación para reforzar a educación dende a igualdade. E fágolle un anuncio: estamos actualizando o protocolo de atención educativa á diversidade e á identidade de xénero. Este é un protocolo que —como dixen— foi pioneiro no conxunto de España no ano 2016 nesa liña de favorecer a inclusión no conxunto do sistema educativo.

En canto a formación para o profesorado, hai liñas específicas que están centradas na mellora da convivencia e na coeducación. Nesta liña, desenvolvéronse máis de tres mil actividades formativas dende a súa aprobación orientadas ao respecto á diversidade de xénero, e son aproximadamente oito mil docentes ao ano os que se forman nesta materia. Todo o novo profesorado —contrariamente ao que vostede dixó— ten unha formación inicial en igualdade co fin de dotalo das competencias necesarias. Finalmente —cosa que vostede tamén negou— tamén ofrecemos formación ás familias, principalmente a través das escolas de pais e nais.

En definitiva, queda claro, señorías, que a Xunta de Galicia en xeral, e en concreto a Consellería de Educación, ten en marcha unha importante batería de medidas de prevención, de detención e de intervención para que, neste caso concreto, os centros educativos sexan espazos totalmente seguros para as persoas LGTB; espazos nos que todo o mundo poida expresar con liberdade a súa orientación afectivo-sexual e a súa identidade de xénero.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Facémolo con propostas concretas, con propostas transversais, lonxe da retórica baleira, que resultaron ser eficaces na consecución dos seus obxectivos. Por suposto, non pechamos os ollos e sabemos que nos centros educativos, como en calquera espazo social, existen condutas desprezables e absolutamente criticables por algunhas persoas; pero de existir iso, non se pode levar á causa xeral e, dende logo, non se pode negar o esforzo que a Administración educativa e o conxunto do profesorado, coas diferentes ferramentas que a Consellería lle pon á súa disposición...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** ...están a facer para garantir o respecto á diversidade sexual de todas as persoas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica da señora Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Grazas, presidente.

Señor Rodríguez, preocúpame bastante a súa resposta por varias cuestións. Unha, pola falta de capacidade que ten demostrado este Goberno para facer autocrítica. É certo que non é algo que sexa exclusivo de vostede; en xeral, vostedes todo o fan ben, e non son capaces de ver a realidade nin cando llela poñen diante dos ollos. (*Aplausos.*) O importante é saír a dicir que a Xunta de Galiza o fai todo perfecto; o que pasa nas aulas é secundario.

Eu deille datos aquí, e non son datos que eu sacase da manga, son estudos que están publicados e son estudos nos que quen ten a voz principal é o colectivo LGBT, que reflicten —eses estudos— como se están a sentir nas aulas e reflicten como o colectivo discriminado se sente día tras día nos centros de ensino do noso país.

Se vostede non o ten, eu facilítollo, eu non teño ningún problema. Teño aquí o estudo publicado por Agareso, hame desculpar que o teño algo subliñado, pero non teño ningún problema en deixarllo á presidencia. Nese estudo recóllense algunhas afirmacións que fai o alumnado nas conversas que tiveron entre as investigadoras e este alumnado: «*Si fuera yo le daba una pastilla para que se le vaya la locura*». «*Si no eres hombre ni mujer, ¿qué eres?, ¿un electrodoméstico?*». «*Como esté de fiesta y me venga algún maricón, lo mato*». ¿Sabe que? Que nunha noite de festa houbo quen deu cun rapaz gai nas rúas da Coruña e bateron nel ata matalo. (*Aplausos.*) Hai tres anos que asasinaron a Samuel Luiz nas rúas da Coruña, mentres lle berraban «maricón de merda». Non esquecemos o asasinato de Samuel e imos seguir exixindo xustiza para Samuel e o combate firme da LGBTfobia.

Vostede afánase en dicir que eu traslado unha visión que non reflicte a realidade. Non son capaces nin de atender os organismos que ten a Xunta de Galiza creados, como pode ser o



Observatorio Galego de Discriminación LGBT, que xa lle di directamente ese observatorio que faltan datos oficiais sobre a LGBTfobia no ensino porque a Consellería non recada eses datos; que lle din que faltan ferramentas específicas; que lle din que o profesorado o que está a realizar é unha formación voluntaria e que aínda así a formación inicial é a que é obrigatoria, o resto é voluntaria, porque non teñen ferramentas suficientes para detectar a LGBTfobia nas aulas. O profesorado galego vese incapaz de combater a LGBTfobia con ferramentas suficientes.

A min preocúpame moito que vostede veña aquí simplemente presumir, botar balóns fóra e aínda por encima terxiversar o que eu dixen, porque eu non dixen que nos centros educativos non se fixese nada; nos centros educativos faise moito, a pesar da Consellería de Educación. *(Aplausos.)* Faise moito, con atrancos, con dificultades e, sobre todo, con vontade e con implicación por parte do profesorado e do persoal profundamente entregado.

Señor conselleiro, preocúpame moito a autocompracencia que ten este Goberno en xeral e preocúpame tamén a que ten vostede, neste caso, para combater a violencia. Linlle antes cinco artigos dunha lei mínima, mínima, na que non cumpriron nin o primeiro. Hai dúas opcións a respecto da LGBTfobia e vostede ten que escoller: ou seguen como están, mantendo os seus posicionamentos, indo de ganchete coa ultradereita, acubillando esas teses retrógradas que agriden diariamente o colectivo LGBT e que só buscan facernos retroceder e derrogar dereitos que foron conseguidos con moito traballo nas rúas e seguen manténdose de perfil mentres que a transfobia e a LGBTfobia avanza na nosa sociedade e tamén nas aulas do noso país, ou rectifican, fan unha emenda á totalidade ao que levan facendo no día de hoxe, posiciónanse co colectivo LGBT e apostan por garantir os dereitos do colectivo tamén nas aulas do noso país. Non hai medias tintas nesta cuestión.

Remato xa, señor presidente, despois do agre deste debate e da desfachatez que mostrou o señor conselleiro desexándolle un... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E que quere que lle diga? Home, se quere... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Home... *(Murmurios.)* Só un momentíño, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pola miña parte, ¿é agre? Claro que é agre, como persoa LGBT que se ve ameazada diariamente, ¿como quere que me poña? *(Aplausos.)* ¿Que ría? ¿Que ría cando existe a violencia día a día e o conselleiro a está negando? ¡Home, home, fai falta valor! *(Aplausos.)*

Quería rematar desexándolles un bo e combativo Día do Orgullo, lembrando que o primeiro Orgullo foi unha revolta contra o sistema que estaba imposto e lembrando que non hai Orgullo baixo un xenocidio e non hai *pinkwashing* que agoche o asasinato masivo do pobo palestino. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Peche da interpelación, o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Ben, «debate agre» e «desfachatez». Señorías, non era a miña intención. Eu utilizo argumentos políticos e a verdade, señorías, hai que ter un



pouquiño de máis encaixe, sobre todo cando un se equivoca, cando queda en evidencia (*Murmurios.*) e cando a contundencia dos datos desmontan toda súa liturxia política. (*Aplausos.*)

Eu pensei, señorías, que vostede facía esta interpelación dende a boa fe, pero cando empezou a falar da ultradereita, constantemente, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) a verdade é que ten outros intereses, ten absolutamente outros intereses que non teñen nada que ver co respecto ás persoas nin con respecto á diversidade sexual das persoas, señorías. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Falou vostede aquí de autocrítica, vostedes, que son os gañadores das últimas eleccións autonómicas e que están felizmente contentos de conseguir a tempo parcial un deputado nas últimas eleccións europeas, que vostedes falen de autocrítica en sede parlamentaria... (*Aplausos.*) Mire, nós somos os primeiros... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Nós somos os primeiros en recoñecer que existe unha problemática social profunda, que todas as persoas, con independencia do que pensen, con independencia da súa orientación sexual e con independencia de moitas outras circunstancias, merecen o máximo respecto das outras persoas. Iso non o pode dudar vostede nin un só segundo. (*Aplausos.*)

As persoas desta formación política somos tan dignas e tan democráticas como as desta de aquí. Entendo que vostedes non negarán esa situación, entendo que non, porque se vostede demanda respecto, saiba que o respecto ten que ser sempre mutuo. Non hai en ningún momento... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** ...ningunha afirmación que poida dicir que esta formación política ou o Goberno non ten o máximo respecto pola diversidade sexual de todas as persoas. (*Aplausos.*)

Vostede fixo aquí unha serie de afirmacións, que case dá a sensación de que nos acusa de algo en concreto respecto a un feito absolutamente desprezable, que é fatídico e é condenable, que sucedeu na cidade da Coruña. Pola súa forma de dirixirse a esta bancada deu esa sensación. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Co cal, non sei se vostede...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio...

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** ...nos acusa de algo ou non.

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!



**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Non o sei. Realmente, cando se fan afirmacións como as que vostede fixo aquí, hai que ter un pouco máis de respecto cara a todas as persoas que as están oíndo. *(Aplausos.)*

Despois, hai unha certa contradición ou unha moi forte contradición cando vostede di: non, o Goberno non fai nada; a Xunta non fai nada; a Administración autonómica non fai nada; pero nos centros si, faise moito e ben. Vostede díxoo. Aquí hai unha gran contradición, porque nos centros educativos, ¿quen diseña os programas de intervención?, ¿quen diseña as ferramentas de xestión?, ¿quen diseña a formación do profesorado?, ¿quen aprobou a Estratexia de convivencia? Supoño que será, pois, non sei..., pois o Espírito Santo, non o sei. Realmente, se vostede cuestiona o traballo da Consellería e, por outra parte, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* di que nos centros educativos se fai un gran traballo, eu encantado; eu cómprome ese discurso. Vostede fale ben dos centros educativos, fale ben do profesorado e fale mal da Consellería, fale mal do conselleiro e fale mal do Partido Popular, pero fale ben dos profesores porque o merecen, porque traballan e fan moi ben o seu traballo. Co cal, eu xa me dou absolutamente por contento. *(Aplausos.)*

En todo caso, creo que xa lle dixen na anterior vez —para dalgún xeito sacar esa idea de que non se fai nada— e xa lle dei os diferentes plans, as diferentes estratexias, o Plan contra o acoso, o protocolo, o Plan de coeducación, a actualización do Protocolo de atención educativa... Xa llo dixemos, xa llo dixen antes e repítollo agora, para que vexa que si hai cousas que se están facendo. ¿Que hai que facer máis? Por suposto. ¿Estamos moi preocupados por que exista un só caso de acoso sexual ou de acoso por razón de xénero a unha persoa? Por suposto.

Somos tan sensibles como calquera persoa das que vostede está dicindo. Temos a mesma sensibilidade que calquera persoa de calquera formación política cando se detecta, se ve ou se observa un caso de acoso ou de maltrato por cuestión de xénero. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede non pode dicir —nin vostede nin ninguén— que por ser dunha formación política se ten máis preocupación por unha temática ou por outra. Iso é simplemente unha falta de respecto absoluta, neste caso, a este Goberno. *(Aplausos.)*

En definitiva, nós —dixémolo na anterior quenda— apostamos por que non haxa ningún caso de discriminación. ¿Que os hai? Si. ¿Hai que detectalos? Si. ¿Hai que corrixilos? Si. ¿Hai que encauzalos? Por suposto. ¿Que respectamos a igualdade de xénero e respectamos que todas as persoas con independencia do seu xénero teñen os mesmos dereitos? Si, por suposto. ¿Que damos ferramentas de formación ao conxunto da comunidade educativa? Por suposto. ¿Que intentamos trasladar cunha perspectiva curricular integral a formación ao profesorado? Por suposto. ¿Que temos un enfoque transversal para divulgar a realidade e a diversidade que existe na sociedade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** ...e acadar a plena normalidade, fóra de calquera tipo de



estereotipo, fóra de imaxes preconcebidas e co máximo respecto a todas as persoas? Pode estar absolutamente segura de que si, señoría.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Rodríguez González):** Este Goberno e esta formación política teñen, polo menos, o mesmo respecto polas persoas LGBTI que ten calquera outra formación política.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Suspendemos a sesión ata as 16.30.

*Suspéndese a sesión ás dúas e dous minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Retomamos a sesión. (*Murmurios.*)

Silencio, por favor.

**Interpelación de D. Brais Ruanova Vilas-Boas e tres deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as políticas de apoio aos sectores industriais galegos inmersos nos grandes procesos de cambio de paradigma enerxético ou tecnolóxico**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para defendela, e por tempo de dez minutos, ten a palabra don Brais Ruanova.

**O señor RUANOVA VILAS-BOAS:** Moitas grazas, presidenta.

Unha das cousas máis importantes que me ensinou o meu pai foi entender que cada traballo require a ferramenta axeitada. Para el, que é caldeireiro de profesión, probablemente a mellor ferramenta sexa unha máquina de soldar ou unha radial; a min durante moitos anos acompañoume unha libreta, un bolígrafo e unha calculadora. E eu preguntolle a vostede, conselleira: ¿cal diría que a súa mellor ferramenta? ¿Cal é o seu mellor activo para a función que desempeña? Porque eu estou convencido de que o fundamental para vostede, o fundamental para min e o fundamental para todos e todas os que estamos aquí é a palabra. As palabras permítennos opinar, decidir, tomar decisións e dar voz a quen non a ten e, sobre todo, permítennos dialogar. E, aínda que lle pareza estraño, conselleira, ás veces a industria tamén vai diso, de diálogo.

Interpelámola no día de hoxe para falar de automoción, porque estamos a vivir un momento histórico en moitos aspectos; un momento de transformacións profundas a nivel tecnolóxico, a nivel enerxético e tamén a nivel da mobilidade; estamos ante un panorama que será unha revolución como nunca antes visto no que o conxunto de actividades humanas teñen que aprender a relacionarse mellor co seu medio. Como xa mencionei, un dos sectores que máis afección está a ter neste novo paradigma de transición enerxética, de transformación tecno-



lóxica, é a mobilidade —os vehículos, ¡vamos!— e, por suposto, o sector industrial que os fabrica: a automoción. Galiza é un polo de automoción, recoñecido incluso polo seu goberno como un dos seis sectores estratéxicos para os cales está deseñando, en principio, plans directores; un sector que dá traballo directo a preto de 25.000 persoas en Galiza, que representa case o 15 por cento do emprego industrial do país e case o 25 por cento das exportacións; un sector que pivota arredor desa empresa matriz —antiga Citroën, agora Stellantis— e da que dependen só —ou principalmente— preto de 150 empresas do sector; un sector vital para a maior cidade do país e, por extensión, para Galiza enteira; un sector que leva berrando por axuda durante máis dunha década e que tivo un goberno diante que lle virou as costas; simplificado en que infelizmente haxa que remontarse a 2008 para poder celebrar a instalación dunha factoría de automoción en Vigo, en que o Goberno galego é no día de hoxe o único goberno do mundo que, tendo un sector da automoción tan importante na súa economía, nunca moveu un dedo para traer unha fábrica de compoñentes do coche eléctrico a Galiza (*Aplausos.*) ou en que a maior aposta económica da Xunta de Galiza para Vigo sexa o monocultivo do Xacobeo. E, afortunadamente, hoxe podemos falar disto aquí; podemos falar de que a automoción existe e resiste en Galiza, pero non foi grazas ao Goberno galego, foi a pesar del.

Este sector, como digo, está nun momento crítico que xa se viña anunciando dende hai anos e no que nós entendemos que hai tres cuestións que son chave; tres cuestións clave que simplifican esta situación: houbo —e hai— unha falta de planificación e de aposta pública certa e decidida para adaptar o sector a este novo paradigma do que falamos de transformación tecnolóxica; hai unha forte dependencia do conxunto do sector da industria da empresa matriz Stellantis, que non está a cumprir a súa función de tracción do sector; e a deslocalización constante de actividades cara aos denominados países *low cost* é xa insostíbel.

Todo isto causa o que para o BNG consideramos o maior problema de todos, que é a perda de emprego de calidade, porque para o BNG, señora conselleira, o principal é isto: nós entendemos que a nosa responsabilidade está e estará sempre en velar por que calquera actividade económica que se desenvolva en Galiza cumpra ese obxectivo máximo, que é o de garantir o desenvolvemento das galegas e dos galegos. (*Aplausos.*)

Principiamos pola primeira das cuestións que lle traemos hoxe, que é o tema da deslocalización, que é un problema que non é novo. Xa aló polo 2010 comezaba a abordarse dun xeito relativamente específico a través de diferentes estudos dos que participou a propia Xunta de Galiza coa Universidade de Vigo e o Ministerio de Industria daquel momento. Comezaba a abordarse tamén e a demandarse por parte dos sindicatos que se artellasen medidas específicas para paliar este problema, pero o que pasou foi que non cristalizou ningunha medida por parte do Goberno galego para paliar a deslocalización, senón máis ben todo o contrario. (*Aplausos.*) Estamos vendo que a deslocalización aumenta e que a deslocalización tamén se adapta. Porque hoxe en día xa non falamos de que unha fábrica se mova dun país A a un país B. Hoxe en día estamos a falar de que se deslocalizan moitísimas actividades: deslocalízanse os pedidos, como está a facer Stellantis cos compoñentes da nova plataforma do vehículo eléctrico; deslocalízanse proxectos, como a aposta do CTAC por desenvolver o coñecemento en tecnoloxía de baterías en Portugal; e deslocalizáronse investimentos e perda de oportunidades, como a fábrica de baterías da China BYD, ou a aposta de Stellantis de 500 millóns de euros para Marrocos, mentres en Vigo quere depender de axudas públicas.



De aquí que lle preguntemos: ¿que medidas vai desenvolver o Goberno galego? Continuamos falando de adaptarnos. ¿Como se vai adaptar este sector, o conxunto do sector, aos novos retos de futuro, aos retos da transición enerxética, de dixitalización, de cambios nos xeitos de traballar e de contratar? Porque, mentres, noutras coordenadas como Alemaña, como Portugal, como Holanda ou como China, si hai estudos do impacto que vai ter este novo paradigma tanto a nivel de industria como a nivel de emprego, pero en Galiza non coñecemos, polo menos de xeito público, nada. Así que, ¿que medidas vai desprezar o Goberno galego para adaptar o sector a este novo paradigma?

E, por último, destas tres cuestións, hai que falar da enorme dependencia que teñen moitas empresas do sector da empresa matriz Stellantis, que, obviamente, non ten por que supoñer un problema. Nós entendemos que se unha empresa tracciona, adiante, pero o problema é que Stellantis está xogando en contra das empresas da automoción en Galicia, non está cumprindo o seu papel de tracción e está creando un clima de poxa competitiva no que constantemente as empresas galegas saen perdendo. Porque esta situación, que incluso foi censurada pola propia patronal do metal, Asime, recibe como única medida da súa consellería o anuncio dun paquete de axudas de 18 millóns de euros; e repito o de anuncio, porque é algo que se anunciou hai meses e do que hoxe en día aínda non hai nada materializado.

E créame, conselleira, cando lle digo que dende o BNG atopamos positivo que o Goberno galego se decate de que hai unha industria auxiliar que pide axuda, pero o que é certo é que, lonxe de anuncios estériles e de instantáneas, precisamos dunha vizosa intervención pública que vaia para alén de dar cartos a fondo perdido e que non teñan ningún tipo de control, porque, en palabras súas, «81 millóns en dez anos a Stellantis» —pecho comiñas— non serviron nin para xerar emprego de calidade, nin de longa duración, nin para atraer novas investimentos, nin para evitar deslocalizacións de actividades, porque para evitar ter que ver noticias como esta constantemente, para non ter que ver como os cartos públicos soamente serven para financiar a precariedade e a deslocalización, temos que artellar mecanismos que eviten esa dependencia da empresa matriz.

Como lle dixen ao comezo, conselleira, a industria tamén vai de diálogo, e dende o grupo do BNG temos claro que é preciso ese foro para o sector que sirva para ese diálogo; un foro que funcione como unha mesa. Por iso lle preguntamos por que non se creou ese foro e se ten pensado o Goberno galego crear ese foro. Unha mesa na que participen, por suposto, a administración competente e os distintos actores que forman parte do sector; un foro que planifique, que avalíe e que propoña solucións aos problemas que acabamos de describir, entre outros moitos, por suposto. Un foro de diálogo que teña en conta non só os axentes económicos importantes, non só os axentes económicos, senón tamén os sociais, os tecnolóxicos e a investigación e a formación.

Pola nosa banda, conselleira, nós usamos a palabra —entendemos— para preguntarlle sobre cuestións que cremos que son chave para o futuro da automoción galega. Agardamos, pois, que vostede use a súa quenda para responder, pero tendo clara unha cuestión vital, e é que seguro que detrás desa enorme lista de datos económicos a favor da automoción, detrás de





cada número, detrás de cada dato, hai persoas, e detrás de cada decisión e de cada palabra da súa consellería está o futuro dos traballadores e das traballadoras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Para darlles resposta, ten a palabra a conselleira de Economía e Industria, dona María Jesús Lorenzana.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Moi ben, moitas grazas, señoría e boas tardes.

Eu si vou dar cifras, porque creo que as teño que dar. Hai persoas —25.000 persoas en concreto— detrás do sector da automoción. Eu creo que podo dar cifras, igual que vostede acaba de dalas aquí. E iso é o que converte, precisamente, a automoción nun sector estratéxico, que así se declarou, efectivamente, polo Consello da Xunta o 6 de febreiro, como un sector estratéxico. E o sector da automoción e as cifras que vostede deu, efectivamente, están contribuíndo a un quince por cento do emprego industrial da nosa comunidade, e un trece por cento do PIB industrial está subindo constantemente, tanto as cifras de facturación como as cifras de exportación. Todas esas cifras que vostede moi ben deu, ¿cre que se poden dar nun territorio sen o apoio do Goberno dos últimos dez ou quince anos? ¿Vostede cre que iso é posible? (*Aplausos.*)

Vostede fala do ano 2008, pero para que Galicia se convertese nunha rexión de automoción dentro de Europa tiveron que pasar moitas outras cousas, por exemplo, a creación dun centro tecnolóxico da automoción, que, se non estou confundida, se creou a principios do ano 2000 e que agora mesmo conta con 1.200 enxeñeiros. A creación de Galicia como rexión de automoción implica tamén políticas públicas ao longo de moitísimos anos de goberno do Partido Popular apoiando dende todos os puntos de vista, e tamén eses oitenta e tantos millóns cos que se apoiou non soamente a Stellantis, senón a formación —e agora lle direi— de todas as persoas, desas 25.000 persoas, porque en Stellantis traballan pouco máis de 6.000 persoas; as restantes traballan en todas as empresas de compoñentes auxiliares do sector da automoción.

Nós definimos moi claramente a estratexia industrial da Xunta de Galicia na Lei de medidas a través dunha modificación do texto refundido de política industrial. Engadiuse un capítulo II ao título II, e aí creáronse eses plans directores dos que vostede falaba.

Vostede fala de que non se creou a Mesa. É que non sei se é que teño que poñerlle o nome de «mesa» para que, efectivamente, exista un diálogo do Plan director da automoción, como está existindo. O Plan director da automoción está para presentar o diálogo social —a semana que vén ímolo presentar—. Este plan traballouse con absolutamente todas as empresas que forman parte do clúster, que son 200 empresas, e tamén co CTAC. A maiores de todas as empresas que traballaron no seu momento xa no Plan estratéxico co clúster —que creo que vostede coñece—, enviouse solicitude a outras 67 empresas.



Creo que é importante reflectir que neste plan estratéxico no que estamos traballando se traballa todo iso do que vostede está falando; é dicir, na competitividade, na internacionalización, na necesidade de apoio á innovación e na necesidade de formación e retención de talento coas empresas e, por suposto, tamén cos traballadores. Por esa razón vaise presentar o diálogo social a semana que vén. E xa sei o que me vai dicir: que no diálogo social non está determinado sindicato... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, claro!, pero é que, se le a lei, verá que o suxeitamos a un informe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A lei di que o suxeitamos a un informe, que é o do Consello de Economía e Competitividade, do que forman parte os tres sindicatos. Co cal, como o diálogo social para vostedes non é válido, porque non está o seu sindicato de cabeceira, non se preocupen, que vai emitir informe no Consello de Economía e Competitividade. Co cal, eu preguntolles a vostedes —aínda que sei que non lles gusta isto—: ¿isto é unha mesa?, ¿isto é diálogo? ¿ou teño que constituír formalmente unha mesa e sentar as 200 empresas, o Centro Tecnolóxico e os 1.200 traballadores? Porque ou vostedes non leron a lei ou realmente, na diagnose, coincido coa súa. Evidentemente que agora mesmo Europa ten un problema coa normativa de electrificación do automóbil, coa dixitalización, temos un problema coa competencia das economías emerxentes, porque son moito máis laxas dende o punto de vista laboral, medioambiental, e están competindo para mal en prezos.

¿Cal é o labor que ten que facer o Goberno da Xunta? O que estamos facendo. Pero o problema é que vostede non identifica unha administración moi importante en toda esta cuestión, que é a Administración xeral do Estado... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si. Cando se define o PERTE da automoción —e vostedes sábeno, porque preguntou por esta cuestión o seu deputado en Madrid—, en ningún momento se pon como requisito a compra en territorio, a baixa emisión de CO<sub>2</sub>, o feito de que cando se dan esas axudas a Stellantis —e vostede acábao de dicir— non se acaben deslocalizando as compras ¿Que está facendo a Xunta de Galicia? É moi claro, dentro deste plan director, está identificando as necesidades. Témoloo definido. Non se preocupe, que en moi poucos días vai ver vostede aprobado polo Consello da Xunta —e publicado no *DOG*— ese plan de axudas de 18 millóns de euros (*Aplausos.*) precisamente para apoiar os investimentos que teñan que facer as empresas auxiliares e, polo tanto, que poidan rebaixar os prezos e competir con esas economías emerxentes, porque detectamos o problema, e é a razón pola cal sacamos esa liña de axudas, falada co sector, pactada co sector e pensando, precisamente, en garantir eses 25.000 empregos para que as nosas empresas auxiliares poidan ser competitivas con todas esas empresas emerxentes.

A clave —volvo dicirlle— é que —vostede o sabe e repítooo continuamente— os PERTE industriais son 33.500 millóns e hai un cincuenta por cento sen convocar. ¿Por que razón non se emprega, ou non se transfere, ese diñeiro para as industrias que son estratéxicas en cada territorio? Porque o problema dos PERTE é unha mala xestión —transfírao ás comunidades autónomas, que son as máis áxiles na tramitación, e iso está demostrado— e un mal dimensionamento dos programas porque non se está obrigando as empresas e non se dirixen á industria de compoñentes, que sería unha solución —e é o que estamos facendo na Xunta—, ou se dirixe á empresa matriz, pero de xeito que soamente poida contratar en local. Esa é a solución.



E a segunda cuestión clave neste asunto, e na cal estamos traballando e na cal levamos traballando dende o ano 2022, é que se declarou como sector prioritario a automoción, sendo eu conselleira de Emprego. E naquel momento declarouse sector prioritario para poder facer un convenio co clúster. ¿Sabe cantas persoas se formaron, en consecuencia, dende o ano 2022? Máis de catro mil persoas, (*Aplausos.*) pensando, precisamente, en que había que vincular e dar formación na electrificación de que vostede fala. Isto foi a maiores, por suposto, de toda a formación que se deu para outro tipo de clústeres, en que tamén poden traballar ou que son de materias relativas. Despois, se quere, dou datos concretos. Son unidades formativas en empresas. Creo que foron máis de cinco mil persoas en total, dende o ano 2021, que se formaron exclusivamente pensando na necesidade de retención do talento que tiñamos.

Polo tanto, coincidimos completamente na análise da cuestión; a análise é clara: en Europa, e non só en Galicia, en todas as rexións da automoción en Europa teñen esta problemática. Coñecémola perfectamente. Sabemos perfectamente que para acadar ese 20 por cento de aporte ao PIB da industria —estamos nun 16,2 por cento agora—, necesitamos automoción e sabémolo perfectamente.

Estamos crecendo moitísimo —sei que non lle gustan os datos— no índice de produción industrial; temos un crecemento interanual dun dezasete por cento, é dicir, catro puntos por riba da media nacional. Precisamos moitísimo das industrias estratéxicas clásicas que hai en Galicia, e —como o sabemos—, por esa razón, declaráronse seis sectores, sendo os primeiros, automoción e naval, declarados pola razón que vostede está dicindo.

Temos completamente analizado ese problema e estamos traballando cos cartos que ten a Xunta de Galicia. Estamos xa reprogramando o programa operativo Feder para poder traballar, cara ao ano 2025 e no marco deste plan director, en apoios nesta liña e nas matrices, pero dentro do punto de vista que vostede di da non-deslocalización, poñendo estes requisitos nas bases en que se poidan poñer. Polo tanto, eu o que lle pido é que con esa análise en que coincidimos, sigan insistindo e deixen de pactar cos socialistas (*Aplausos.*) porque son, precisamente, os que están facendo que a automoción realice esas deslocalizacións.

Entón, por favor, enfoque non soamente o problema —que o ten perfectamente enfocado—, senón que enfoque tamén quen pode poñer a solución.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Rolda de réplica do señor Ruanova.

**O señor RUANOVA VILAS-BOAS:** Moitas grazas, presidenta.

Conselleira, eu se quere que falemos dos PERTE —non sei— ...Entendemos que isto é unha interpelación; deberíamos falar sobre as axudas que a Xunta de Galiza presta ao sector.



Como xa lle dixen, no BNG non criticamos que se dean axudas ao sector. Realmente estamos de acordo con que, de súpeto, entendamos que a industria auxiliar si merece que se lle dean axudas; o que dicimos é que esas axudas teñen que blindar que non se deslocalicen e que non se precaricen as cousas.

Eu non sei se vostede cre nas coincidencias, pero xusto hoxe en Vigo as traballadoras e os traballadores da automoción estaban concentrándose na praza do Concello; e estaban concentrándose e demandando que as administracións, como a Xunta de Galiza, o Concello de Vigo e o Estado, fagan o seu traballo como administracións competentes e poñan solucións reais ás cuestións do sector.

Xusto, no día de hoxe, vostede subiu aquí, unha vez máis, para facer de altofalante das demandas de Stellantis e da Ceaga, (*Aplausos.*) isto é, das demandas de axudas de Stellantis e da Ceaga, e nós subimos aquí, outra vez, para servir de altofalante das traballadoras e dos traballadores (*Aplausos.*) porque ese plan director que anunciou como un compromiso para os cen días de goberno... —eu non sei, pero creo que levan gobernando quince anos— debería ter chegado antes. Como lle digo, dende o ano 2010 estase articulando a preocupación no tema concreto da deslocalización, e levan sen facer nada dende o 2010 con respecto á deslocalización. (*Aplausos.*)

O Plan director que anunciaron peca do mesmo do que traemos nesta interpelación. Ese plan director, nas súas propias palabras «vai na liña do Plan de competitividade e estratexia da Ceaga», do PCAM 2020-2030 da Ceaga; un plan, no cal podemos coincidir e no cal pode haber consenso en temas como a investigación, en temas como a electrificación, en temas como a innovación, pero no cal non pode haber consenso en que se desregularice a xornada laboral con base nos ERTE; non pode haber consenso en que se utilice un centro de traballo especial como unha ETT para a empresa matriz; (*Aplausos.*) e non pode haber consenso en que a competitividade —de que tanto fala— das empresas estea baseada en custos laborais. Porque o que non pode ser —e vostede criticouno— é que países *low-cost* teñan peores condicións laborais. Correcto. O que está facendo a Ceaga neste momento é exportar as pésimas condicións de Stellantis a toda a industria auxiliar do sector. (*Aplausos.*)

Coincidimos en que os datos macro que nos presentou son datos positivos: aumentan as exportacións, aumenta a facturación..., pero realmente aquí non vimos falar de se o señor Tabares gaña 100 millóns máis ou 100 millóns menos; aquí do que vimos falar é dos problemas que están vivindo as traballadoras e os traballadores do sector, que é o importante para nós.

Deu vostede datos. Eu voulle dar outros datos tamén; datos avalados polo CES, que son que a automoción perdeu cinco puntos de emprego estable dende o 2008, que se destruíron 28.000 empregos industriais nos últimos quince anos, e que tamén a temporalidade no sector da automoción aumentou un 25 por cento. Todo isto regado coas axudas de que vostede falou, pero tamén hai que lembrar que o Goberno galego deixou de gastar, no ano 2023, en economía e en industria, 130 millóns de euros. Así que, señora conselleira, con eses cartos seguramente se podería ter axudado moito —moito— máis o sector. (*Aplausos.*)



Precisamos, conselleira, que faga aquilo para o que foi elixida, isto é, para gobernar; precisamos que abandonen a súa política de anuncios, de anuncios e de anuncios que sempre chegan tarde, porque estamos nunha situación insostible. A súa política de brazos caídos xa non nos serve, e deixe de virar as, costas e comece a artellar solucións. Precisamos que, ante estes grandes cambios, articule grandes políticas; precisamos que o Goberno galego e a súa consellería entendan, dunha vez por todas, que a política industrial se basea en diálogo e en consenso e que a política industrial non se pode facer con base en golpe de fotografía e en golpe de notas de prensa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para dar resposta ten novamente a palabra a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza):** Moitas grazas, presidenta.

Señor Ruanova, o diálogo para o BNG é clarísimo sempre; é soamente cos representantes dos traballadores. Todo o diálogo que levamos facendo dende o mes de febreiro, cando se declarou estratéxico o sector, non é válido; o diálogo con duascenas empresas que están dentro do clúster non é válido. Este hai que facelo soamente cos representantes dos traballadores; é máis, probablemente o diálogo social que imos facer o próximo luns, exhibindo o Plan director da automoción, tampouco será válido para vostedes porque non está determinado o sindicato. *(Murmurios.)* Soamente vai ser válido —¡si, si, si!— cando chegue a ese consello onde está o sindicato.

Ben, a min o que non me quedou claro, de todas maneiras, é, exactamente, cal é a súa proposta. O que está claro é que non lle vai a planificación da Xunta de Galicia —¡non!— porque están as empresas —¡mal!—, porque a propoñen as empresas —¡mal!—... Debe ser que os empregos non os xeran as empresas, entón nós temos que facer o plan soamente cos traballadores.

O que lle digo é que facer un plan no cal se denomine ou non o órgano onde se está deliberando, Mesa, eu creo que calquera pode entender que iso non aporta nada. E o que lle podo garantir é que en Ceaga está máis do oitenta por cento das empresas de automoción, é dicir, o oitenta por cento deses 25.000 empregos, e, polo tanto esas empresas están falando de como poden seguir creando emprego industrial e emprego de calidade nos próximos anos. *(Aplausos.)*

A nosa opinión, e como estamos configurando o plan, é que entendemos que o sector industrial sabe o que está pasando e sabe como podemos axudalo; e por iso falamos coas empresas. Claramente lle digo que esa é a opinión do Goberno e, por suposto, que vou falar cos traballadores, como fago sempre, pero tamén vou falar coas empresas. Creo que ten que quedar claro: eu non concibo un Plan director da automoción, sen a automoción. Ao mellor, vostede si; eu, dende logo, non —dende logo, non—. *(Aplausos.)*

¿Que eu fago aquí de altofalante das demandas de Stellantis e de Ceaga? ¡Si!, de Ceaga, é dicir, do oitenta por cento das empresas da automoción. ¡Si, claro que fago de altofalante!;



jé que son a conselleira de Industria! ¡É que soamente faltaría! ¡Home, claro!, (*Murmurios.*) jé que resulta que fago de altofalante das industrias galegas! (*Murmurios.*) Vén sendo isto, ¿non?; (*Murmurios.*) Ah, vale, vale. Ademais, ¡resulta que soamente fago de altofalante de Stellantis! Por iso, esa primeira liña que sae no marco do Plan director, é dicir, 18 millóns de euros de fondos propios de todos os galegos, non van para Stellantis; van para todas as restantes empresas —pequenas, medianas e grandes tamén—, os fabricantes de compoñentes e os auxiliares da automoción, para proxectos de innovación para maior competitividade —como vostede dicía—. Son para equipamentos, para a compra de maquinaria, para a reforma das naves, para os gastos mesmo de consultoría, para axudalos niso; son tamén para reformas ou melloras vinculadas á eficiencia enerxética —como lle dixen antes— para facilitar que poidan baixar os custos.

¿Sabe por que vostede veu preguntar aquí? Porque resulta que o Partido Socialista en Madrid non lle respondeu. Vostedes fixeron unha pregunta, coa que me preguntaron a min porque vin falar dos PERTE. Son vostedes os que están abrindo isto, dado que moitos fondos quedaron sen executar, preguntaron vostedes en Madrid: «¿Non considera probado que se debería optar por unha xestión descentralizada, transferindo os fondos ás comunidades autónomas para que os adapten aos seus modelos produtivos, ás necesidades industriais (*O señor Ruanova Vilas-Boas pronuncia palabras que non se perciben.*) e ás características propias?». ¿E sabe o que fixo o Goberno? Obviar a súa pregunta. ¡Non lle respondeu! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) — ¡non lle respondeu! —; pero vostede sabe de sobra onde está a raíz do problema. (*Aplausos.*) ¡Iso si, iso si! ¿Sabe o que lle respondeu cando lle preguntaron polo PERTE do vehículo electro-eco conectado ao de Stellantis? En lugar de contestarlle sobre a planta de Stellantis-Vigo, contestáronlle sobre a fábrica situada nas instalacións de Figueruelas. ¡Iso é todo o que vostedes conseguiron sacar no Congreso dos Deputados, do Partido Socialista! (*Aplausos.*) Por iso me tiveron que vir preguntar a min... — ¡ah, claro! —. ¿E eu fállolle dos PERTE? ¡Non, mire, non, non...!

En canto á formación, xa que «hai que ter en conta aos traballadores», nas unidades formativas en empresas, entre o 2021 e o 2022, foron 148 accións formativas de automoción, con 2.205 estudantes; no ano 2023, houbo 623 alumnos, con 44 cursos; houbo 61 accións formativas neste ano 2024, con 593 persoas formadas; houbo 43 accións formativas para persoas desempregadas, no ámbito da automoción, tamén entre os anos 2021 e 2023, con 600 alumnos que obtiveron certificado de profesionalidade. Co Convenio, que refería antes, para a cualificación e a recualificación en sectores estratéxicos, do ano 2022 ao 2024, só para automoción houbo 466 accións formativas, con 4.192 persoas formadas. Con outros clústeres, por exemplo, coa Asociación Galega do Hidróxeno [...], en especialidades de automoción, houbo 203 persoas formadas entre o 2023 e o 2024. En canto ao Acordo entre Emprego e Educación para a formación profesional, vinculada tamén á automoción, houbo 854 alumnos dende o ano 2021.

Ben, creo que o que está facendo a Xunta de Galicia está claro en datos; e eses datos macroeconómicos de que vostede falaba e que compartimos —cos que estamos de acordo—, son froito do moitísimo traballo das empresas de Galicia —sen lugar a ningunha dúbida—, pero tamén dunha política industrial que a Xunta de Galicia leva facendo durante anos; unha política industrial que engloba políticas de emprego, que engloba políticas económicas e que está dando lugar a estes resultados.



¿Que existe un problema? Claro que existe, en toda Europa, para as rexións da automoción. ¿E que temos que remar todos xuntos? Por suposto, pero non soamente a Comunidade Autónoma.

Hai que utilizar eses fondos Next Generation para transformar a industria da automoción, deixando as compras en local. E teñen que seguir reclamando iso, e nós farémolo, ao Ministerio de Industria.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Avanzamos coas preguntas ao Goberno.

**Pregunta de D. Julio Ernesto Abalde Alonso e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa adquisición de terreos no parque natural das Fragas do Eume**

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para darlle resposta xa está a conselleira.

Ten agora a súa quenda de intervención, por un tempo de tres minutos, o señor Abalde Alonso.

**O señor ABALDE ALONSO:** Boas tardes, conselleira.

As Fragas do Eume son unha área excepcional de riqueza natural e de biodiversidade. Este espazo natural protexido esténdese ao redor de nove mil cento vinte e cinco hectáreas, principalmente ao longo do río Eume e entre os concellos de Pontedeume, Cabanas, As Pontes, A Capela e Monfero. As Fragas do Eume son un exemplo clásico de bosque atlántico —eu que son biólogo teño que dicir isto—, e é un dos máis importantes e mellor conservados de Europa. Nel atópanse os mosteiros de Caaveiro e de Monfero, que subliñan a profunda conexión entre a paisaxe e a cultura. En definitiva, trátase dun auténtico tesouro natural que temos aquí na nosa comunidade.

No ano 1996, a Xunta de Galicia decretou o Plan de ordenación dos recursos naturais e o 12 de agosto de 1997 publicouse a creación do parque natural das Fragas do Eume. A Lei galega de 2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, establece que debe elaborarse un plan reitor de uso da xestión, o PRUX. Este foi publicado no ano 2023, é dicir, 26 anos despois da constitución do parque, e determina a protección total ou parcial de máis de tres mil oitocentas hectáreas da superficie total do parque.

Dende a súa creación, as terras que ocupa o parque son privadas e os seus propietarios viron limitadas as actividades que poden realizar parcial ou totalmente, e sen recibir unha compensación económica por iso. Porén, sería perfectamente asumible para o Goberno de Galicia establecer un programa de adquisición das terras. De feito, xa está recollido e presupostado no PRUX. Os propietarios e as propietarias dos terreos do parque —neste momento preto do noventa por cento da superficie está en mans de pequenos propietarios, que ademais foron os que se encargaron da



conservación da vexetación natural que neste momento dispón as condicións adecuadas para ser considerado este parque— non rexeitan a declaración de parque natural, pero entenden que teñen dereito a compensacións e a indemnizacións polas súas propiedades.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia quere facerlle dúas preguntas á señora conselleira. A primeira: ¿cales son as previsións da adquisición dos terreos do parque natural das Fragas do Eume por parte da Xunta de Galicia? A segunda: ¿considera axustados os dereitos dos propietarios ás compensacións establecidas no PRUX do parque natural das Fragas do Eume?

Moitas grazas, conselleira. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Para darlle resposta ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):**

Moitas grazas, presidenta.

Señor Abalde, concordamos nunha cousa vostede e mais eu, e é que é necesario reforzar a conservación do noso importante patrimonio natural, e creo que tamén concordamos en que se temos esta Galicia fantástica é grazas a todos os galegos e as galegas. E iso é precisamente o que está facendo a Xunta de Galicia, reforzar; e ese reforzo tradúcese en lexislación. Temos aprobados para os sete parques, os seis naturais e o nacional, o Plan reitor de usos e xestións. Isto supón un aporte económico que está establecido en setenta millóns de euros en investimento.

No caso das Fragas do Eume, son 8,5 millóns de euros, e isto que temos enriba da mesa contrasta bastante coa actitude que nos últimos meses levaron a cabo os socialistas da comarca. Vostedes teñen o foco posto nos inconvenientes para os propietarios, cando, en realidade, o que consegue o PRUX é ese equilibrio entre preservar e restaurar pero que tamén se poidan realizar actividades dentro do parque. Polo tanto, é bo informar, pero non é ético enganar os propietarios. Estas son unhas medidas que, ademais, teñen como principal obxectivo protexer os espazos, pero tamén a convivencia neses espazos.

En canto á pregunta, é certo que chega vostede un pouco tarde, pero non pasa nada, porque si que é certo que eu estou aquí para darlle cumprida información sobre o orzamento que temos dispoñible para poder mercar parte deses terreos, que ou ben teñen unhas cotas sobre as que é imposible agora mesmo poder traballar, ou simplemente están dentro das fragas e, polo tanto, é necesaria unha restauración. Para iso, o orzamento que temos dispoñible é de 1,1 millóns de euros. Impulsamos, polo tanto, un proxecto que é de restauración, pero tamén un proceso de adquisición. Imos adquirir aproximadamente duascenas hectáreas, xa temos localizadas catrocentas parcelas de dimensións moi variadas e a previsión que se manexa no día de hoxe é a de adquirir, nun período de tempo moi breve, cento vinte e cinco hectáreas. ¿Onde o imos facer? Na maior parte, ímolo facer en zonas de reserva e de uso limitado.





Xa mercamos un primeiro lote de cinco hectáreas e nos próximos días, en concreto o próximo venres, adquiriremos un segundo lote de trece hectáreas por 82.200 euros. Estamos comezando a tramitación dun terceiro lote, son outras corenta hectáreas, e imos investir nel 251.000 euros. Está moi avanzada a selección de parcelas que compoñerán o cuarto lote, que serán aproximadamente outras sesenta hectáreas.

Neste punto, teño que agradecer o traballo dos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, posto que este proxecto pioneiro require unha inxente tramitación e hai que ter en conta que teñen que revisar detalladamente cada unha das parcelas...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten quince segundos.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):** ...e, a partir de aí, facer todo o trámite necesario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

Ten novamente a palabra o señor Abalde Alonso.

**O señor ABALDE ALONSO:** Moitas grazas, conselleira.

Presidenta, este tempo tan flexible...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Quince segundos. Se quere, dígollo a todos os que se pasan.

**O señor ABALDE ALONSO:** Pouco, pouco... Non, espero que me recorte aí. Como a min me sobra o tempo non hai problema.

Conselleira, eu non estou falando aquí en nome dos concellos, que podería falar, ou dos grupos socialistas deses concellos; estou falando en nome dos propietarios e das propietarias, que son os que din que esta valoración que fai a Consellería do prezo, do custo de cada unha das hectáreas, é realmente moi baixo. Entre tres mil e sete mil euros por hectárea; iso é do que estamos falando. Nun parque natural de tres mil e pico hectáreas, que fagan vostedes agora un plantexamento de comprar 125 hectáreas, pois non é unha proposta moi ambiciosa.

Eu creo que do que se trata, e na anterior interpelación falouse, é de diálogo, de falar e de acordar cos veciños e coas veciñas, cos propietarios e coas propietarias do parque natural, cales son as indemnizacións que eles consideran, ou que se poden considerar ao chegar a un acordo, que son adecuadas. Porque, precisamente, un dos grandes problemas que ten en ocasións o sistema de conservación da natureza —e vostede e mais eu falamos longamente desta cuestión noutras institucións—, é, moitas veces, a situación dos propietarios desas zonas que se queren protexer. Polo tanto, temos que garantir desde á comunidade



autónoma, desde a administración correspondente, que eses propietarios vexan resarcidas as perdas que nalgúns casos lles supón tanto de beneficios que poden obter desas terras como do patrimonio que perden —porque esas terras son declaradas zonas de protección de distinto tipo— e, polo tanto, temos que garantir que teñan unhas compensacións adecuadas e xustas. Polo tanto, animo a Consellería a que inicie ese proceso de debate e de diálogo cos propietarios... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —non estou falando doutras instancias— ...das Fragas do Eume. ¿Para que? Para que consigamos o que todos pretendemos, que é que ese espazo único en Galicia e único en Europa sexa protexido adecuadamente. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):**

Moitas grazas, señora presidenta.

É bo que fale vostede no nome dos propietarios, aínda que cos propietarios teño múltiples xuntanzas; é máis, algún que quere vender incluso se agocha porque ten medo ás represalias deses alcaldes, aos que vostede lles tería que dicir que deixen de enganar. Pero, ao mesmo tempo, debería de mandarlles algún recado, e póñolle dous exemplos. O primeiro, o de Monfero; é bo que para ter un espazo do cal poidamos presumir, non haxa un alcalde que de repente converta un punto limpo nun gran basureiro, que ata que lle mandamos unha sanción de 200.000 euros non foi capaz de retirar todos os residuos alí acumulados. É bo que lle diga a outro alcalde, como pode ser o das Pontes, que faga aportes, por exemplo, para arranxar a pista que leva a Caaveiro, porque a única administración que aportou, que non era propietaria, foi a Xunta de Galicia e foi a única que arranxou esa pista. Alegan que non teñen orzamento, pero si que teñen orzamento despois para poñer autobuses para que eses manifestantes vaian dun lado a outro aínda que a interventora lles está dicindo que non é a súa competencia. *(Aplausos.)*

Independentemente de todo isto, si que lle teño que dicir que no PRUX hai zonas de maior protección, porque son ecosistemas que temos que conservar e preservar; e son xusto esas catrocentas parcelas as que temos agora controladas. Ademais, estase facendo a verificación pertinente para chegar a esas duascenas hectáreas que imos adquirir, para que despois a Administración faga a restauración equilibrada e, polo tanto, que eses propietarios reciban o custo que establece a lei. Porque non me dirá vostede que eu, de repente, podo facer como se fose unha tratante e con cartos públicos decidir se pago máis ou menos. Hai un prezo de referencia catastral e ese prezo de referencia contrástase tamén co prezo da zona, á parte doutros que hai que pasar por Intervención. Ademais, ten que ser único para todos e é en función do tipo de matorral que teñan, se é matogueira ou se son árbores, ou en función da densidade ou do desnivel que teñan esas fincas. É dicir, aí si que xa nós non nos podemos meter. O que nunca deberían facer vostedes, sobre todo, é dicirlles que podemos pagar moito máis por iso, cando temos unha Intervención que nos está controlando e ademais sabemos os máximos a onde podemos chegar.



Polo tanto, a partir de aquí temos que seguir traballando nese espazo natural, igual que estamos traballando no resto. Adquiriremos parcelas e farémolo por un prezo xusto.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Vázquez Mejuto):**

Creo que ten que dicir aos seus alcaldes que deixen de enganar e de intoxicar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Silvia Longueira Castro e D<sup>a</sup> María Elena Espinosa Mangana, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política que desenvolve a Xunta de Galicia para loitar contra os comportamentos de odio cara á comunidade LGBTI**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Silvia Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Tal e como enunciámos na nosa pregunta sobre cal é a política deseñada pola Xunta de Galicia para loitar contra os comportamentos de odio cara á comunidade LGTBI, a urxencia vén dada —como xa se dixo hoxe aquí pola mañá— pola conmemoración dos disturbios de Stonewall, un bar do barrio do Village de Nova York que no ano 1969 marcou o inicio do que foi o movemento de liberación homosexual.

Ben, 55 anos despois, contando con leis —que mesmo neste Parlamento se teñen acadado por maioría de todos os grupos que o conforman— para dar cobertura á defensa dos dereitos das persoas LGTBI, os ataques do odio continúan a acontecer, desgraciadamente. O último tivo lugar en Vigo hai aproximadamente algo máis dun mes nun local aberto polo colectivo Avante, que o pasado 4 de maio rexistrou pintadas transfobas ao mesmo tempo que algúns desperfectos no seu local. E o que aínda está á espera e é moito máis cruel, o crime homófono ocorrido na Coruña hai tres anos na figura de Samuel Luiz, tal e como se dixo aquí, aos gritos de «maricón».

A realidade é que a Lei, do 14 de abril de 2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais, converteuse nunha lei enunciativa; precisa urxentemente dun desenvolvemento regulamentario e dunha revisión que aborde os problemas, como os delitos de odio, que teña políticas eficaces e que constitúa unha especie de área de seguridade, con programas sensibilizadores e executivos nos ámbitos educativos, de emprego, da sanidade ou do deporte —como xa se anunciou tamén aquí nesta Cámara—.



No PSdeG afirmamos que é máis que necesario que a Xunta de Galicia se comprometa coa separación das políticas de dereitos LGTBI, dotándoas de estrutura administrativa propia —hoxe é case imposible encontrala nunha páxina web—, que se comprometa a un incremento orzamentario na liña doutros gobernos autonómicos, como o de Asturias, por exemplo, e que desenvolva e amplíe regulamentariamente a Lei LGTBI de Galicia, e que todos os partidos políticos do Parlamento de Galicia se comprometan a unha rúbrica do I Pacto galego para a garantía dos dereitos LGTBI.

Hai eivas importantes que fan que os espazos educativos, que é o máis salientable —digamos— en todo isto, os espazos laborables ou deportivos sexan lugares inseguros para as persoas LGTBI. En colexios e en centros educativos —como xa dixemos aquí pola mañá—, en xeral, non se conta coa formación que o profesorado necesitaría para afrontar estes problemas, que adoitan agromar de xeito oculto, nas máis das veces. Mesmo na Administración o persoal non ten ningunha formación ao respecto e no eido sanitario ocorre o mesmo.

Non se trata só de promulgar unha lei —xa o vimos dicindo de xeito constante—; trátase de evitar que morran persoas —basicamente de que morran persoas—, de que poidan traballar sen ter que informar a súa tendencia sexual, ou de que poidan facer deporte sen ser humillados, ou de ser atendidos nunha administración sen sentirse coaccionados.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, presidenta.

Deputados.

Señora Longueira.

Moi boas tardes.

Este venres conmemórase o Día Internacional do Orgullo LGTBI; unha causa na cal Galicia é referente e tamén é pioneira coa aprobación —como vostede dicía—, no ano 2014, da primeira Lei autonómica contra a discriminación das persoas homosexuais, transexuais, bisexuais e tamén intersexuais.

Dende entón, o compromiso da Xunta de Galicia con esta causa non fixo máis que intensificarse. E proba disto é que, para este ano 2024, duplicamos o orzamento para apoiar todo o movemento asociativo LGTBI e tamén a atención aos seus usuarios; ademais de aprobar, a finais do ano pasado, a Lei de igualdade, que é ese espazo que necesitan e que merecen as mulleres lesbianas, bisexuais e transexuais; e tamén puxemos en marcha o servizo 028 Arco



da Vella, é dicir, un teléfono de información, de asesoramento xurídico e tamén de atención psicosocial especializada. Toda esta aposta da Xunta de Galicia estase a consolidar tamén no ocio nocturno, coa aplicación dese Protocolo contra as agresións sexuais e LGTBIfóbicas.

Máis de medio cento de profesionais do sector xa recibiron nestes momentos toda esa formación necesaria para previr, para detectar e tamén para responder ante posibles agresións; pero tamén —como non— para poder ofrecer a todas as vítimas esa asistencia que necesitan, evitando, desta forma, a súa revitimización. Neste sentido, no Festival O Son do Camiño puxéronse un punto lila e un punto arco iris á disposición de todos os asistentes, con actividades para a promoción da igualdade, pero tamén con esa atención especializada da man de psicólogas ou de sexólogas para a prevención e tamén para a actuación fronte a posibles agresións. Pois ben, tras a boa acollida no Son do Camiño, eu anuncio hoxe que a Xunta de Galicia seguirá estando presente, ao longo de todo o verán, nos principais festivais galegos, coa instalación de puntos lila e de puntos arco iris no Festival PortAmérica, no Festival de Ortigueira, no Atlantic Fest, no Morriña Fest, no Verbena e tamén no Caudal Fest.

Señora Longueira, queda claro que aínda queda moitísimo por facer —e iso ninguén o dubida—, pero, por iso, no Goberno galego traballamos e seguiremos traballando sempre polos dereitos das persoas LGTBI, e tamén apoiando esa loita contra calquera tipo de discriminación; e farémolo con máis investimento, con máis protección legal, con máis sensibilización e tamén, por suposto, con máis sensibilidade e visibilidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica da señora Longueira.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** Grazas.

Conselleira, agradézolle moitísimo o ton, sobre todo porque o seu compañeiro de Educación, hoxe pola mañá —creo—, perdeu os papeis; (*Murmurios.*) agradézolle moitísimo o ton —repito— porque o seu compañeiro esta mañá, o señor Román, incrivelmente —porque é unha persoa correcta—, perdeu os papeis nunha resposta, precisamente cunha persoa do colectivo LGTBI desta Cámara. E a min gustaríame que este tratamento fose tal e como vostede acaba de dicir; pero a realidade é que a lei o aguanta todo e que o papel o aguanta todo.

Temos nesta Cámara leis aprobadas que son incumpridas —volvo repetir— como a lei Paz-Andrade, como a da lingua galega, e esta é unha delas. É unha lei basicamente enunciativa; é unha lei que, no día de hoxe, ten eivas que —como estamos vendo— non están atallando temas, como é o odio á comunidade LGTBI, ou non se están desenvolvendo os programas educativos de que tanto se faláron e que tanto se mencionaron. Basicamente, estámonos apoiando nas vontades dos docentes do sistema público, que teñen moito máis que facer e que teñen, aínda a maiores, isto engadido.

Ademais, hai enquisas. Hai unha enquisa en Galicia que refire que os institutos non son espazos seguros e que o 81 por cento das persoas LGTBI foron agredidas. As enquisas fainas



Agareso —como se dixo hoxe pola mañá—. A metade dos participantes do estudo dixo que non faría nada ou non sabería que facer no caso de presenciar un ataque homófobo; algo que, a todas luces, todos nos preguntamos, evidentemente, como poderíamos atallalo, como poderíamos afrontar un caso deste tipo. E as ONG tamén nos refiren que eses rapaces teñen unha problemática bastante importante e bastante ruda, á hora de ter que enfrontarse ao *mobbing* que sofren e que, en moitas ocasións, son temas que veñen sendo ocultados e que translocen nunha aula e nada máis que quedan alí; pero aos rapaces téñennos a sufrir.

Por iso pedimos nese pacto, que —creo— debemos facer, que esa lei deixe de ser enunciativa e que teña unha vontade de legislar realmente, e que se dean as ferramentas que tanto se piden na educación...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando.

**A señora LONGUEIRA CASTRO:** ...—remato xa. Grazas—, na sanidade, no deporte ou na Administración.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, a señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez):** Grazas, presidenta.

Señora Longueira, voulle dar outro dato que corrobora a aposta do Executivo galego polos dereitos das persoas LGTBI. Dende o ano 2009 a Xunta de Galicia multiplicou por catro o orzamento destinado a igualdade, que é precisamente ese marco financeiro necesario de políticas contra a discriminación das persoas homosexuais, transexuais, bisexuais e intersexuais. Cos 54 millóns de euros que investimos nestes momentos en igualdade, seguimos impulsando o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero; asinamos tamén convenios específicos con moitas das entidades que forman parte precisamente deste organismo; e sumamos recursos para reforzar a atención ás persoas LGTBI a través dos CIM, que son os centros de información á muller. Tamén con estes 54 millóns de euros que investimos en igualdade, señora Longueira, estaremos presentes —como dicía— nos principais festivais do verán a través dos puntos lila e dos puntos arco iris, con actividades específicas de promoción da igualdade, pero tamén con esa necesaria atención psicolóxica especializada para previr posibles agresións e para actuar contra elas.

Ninguén dubida —repito— que aínda queda moito por facer, pero —creo— é evidente tamén que a aposta da Xunta de Galicia para avanzar no camiño da igualdade e na loita contra a discriminación é indiscutible.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de don Roberto Rodríguez Martínez.

**Pregunta de D. Roberto Rodríguez Martínez e dez deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre determinadas declaracións realizadas por responsables do Goberno central no que atinxe aos custos do rescate e da gratuidade da autoestrada AP-9**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta ten a palabra don Roberto Rodríguez Martínez.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas.

Boa tarde a todos.

Boa tarde, conselleira.

En Galicia aspiramos lexitimamente a xestionar a nosa autoestrada, a AP-9, e por iso exiximos ao Goberno de España que cumpra co acordado no mes de maio neste Parlamento e no Congreso dos Deputados, hai dúas semanas, en idéntico sentido; é dicir, que inicie a tramitación para anular a prórroga da concesión, que suprima as peaxes e que transfira a AP-9 a Galicia.

Con todo, crece a desconfianza sobre a posibilidade de que estes acordos sexan unha realidade a curto prazo, debido á falta de vontade do Goberno de Pedro Sánchez e dos seus socios, e debido ás recentes declaracións que aseguran que isto non é economicamente viable. Foi o propio ministro de Transportes o que afirmou que o rescate da AP-9 é inasumible, cifrando o custo total en 6.000 millóns de euros, dos cales, entre 1.260 e 2.600 millóns de euros son do custo da transferencia e 4.000 millóns de euros é o que se valorou no rescate da concesión. Á marxe de mesturar indebidamente o custo da transferencia co rescate da concesión e coa eliminación do pagamento da peaxe, o certo é que o Goberno ofrece cifras, que se moven máis que os prezos, e que, no día de hoxe, descoñecemos se existen estudos que avalen esas cifras e esas conclusións expresadas por boca do ministro. E por iso, pese ao avance que supuxo a toma en consideración polo Congreso da Proposición de lei impulsada polo Partido Popular de Galicia e aprobada por unanimidade neste Parlamento, xorden dúbidas máis que razoables sobre a vontade real de acadar unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta.

Exiximos rigor e unidade. Rigor na elaboración por parte do Goberno de España dun estudo serio e, de ser posible, minucioso sobre o custo que suporían o rescate e a gratuidade da AP-9. E unidade para que se cumpra a que foi unha demanda unánime de todas as forzas políticas galegas. Exiximos tamén o cumprimento dos compromisos adquiridos polo Partido Socialista durante a campaña electoral, na cal o seu candidato, o señor Besteiro, prometeu a gratuidade das peaxes da AP-9 e da AP-53, toda vez que co posible cumprimento dos pactos de investidura asinados co BNG, ninguén conta.

Os galegos non pedimos ser máis, pero non imos aceptar ser menos que ninguén; e Galicia nin pide máis nin pode aceptar menos do que lexitimamente lle corresponde.



Por todo o exposto, formulamos, señora conselleira, a seguinte pregunta: ¿que valoración fai o Goberno galego sobre as declaracións contraditorias dos responsables do Goberno de España en relación co custo que suporía o rescate e a gratuidade da AP-9?

Grazas.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra a conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, dona María Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señora presidenta.

Señor deputado.

Levamos semanas falando de prórroga, de rescate, de transferencia, tanto nesta Cámara como nos medios de comunicación, escoitando do ministro de Transportes un baile de cifras no cal mestura o custo da transferencia co custo do rescate, lanzando xerras de auga fría sobre o noso dereito a acadar unha AP-9 galega e libre de cargas, e deixando —se me permiten—, aos pés dos cabalos, o señor Besteiro e as súas promesas.

¿Que valoración pode facer o Goberno galego destas declaracións? Pois que son dantescas. É dantesco ter que escoitar as afirmacións do señor Puente, cando despacha a solicitude unánime de todas as forzas políticas desta Cámara, cunha soa palabra, «irrealizable», asegurando que o Goberno non ten eses 6.000 millóns de euros que di que custa a transferencia; pero, ¿de onde sacou a cifra o señor Puente? Ninguén o sabe e dubido que o saiba o propio ministro e, moito menos, o señor Besteiro presente o día en que o ministro nin sequera foi quen de dar unha cifra única do custo desa transferencia. Isto non é serio, como tampouco é serio ver como o Goberno central libera as peaxes doutros territorios sen importar o seu custo, pero para Galicia nin sequera ten vontade de analízalo.

Señorías, evidentemente que temos que coñecer o custo da transferencia e do rescate desta infraestrutura fundamental para Galicia; e por iso exixiremos que o Goberno central faga un estudo serio, transparente e rigoroso do custo real, tanto da transferencia como da xestión, como do rescate da concesión e como do pagamento das peaxes, e no cal se analicen os termos e as condicións económicas da concesionaria Audasa, que levamos tempo denunciando como vantaxosas e economicamente lesivas para os intereses dos galegos. É o mínimo que debería facer o Goberno.

E ¡claro! que pola nosa parte tamén imos facer o noso estudo, aínda que sexa coa pouca información de que dispoñemos, porque non podemos confiar nun Goberno que, sen sentar sequera a falar, desbota a posibilidade de acadar esa transferencia, incumprindo así unha promesa electoral e tirando ao lixo as diferentes iniciativas parlamentarias aprobadas neste sentido.

Pero non nos fagamos trampas ao solitario, a transferencia da AP-9 a Galicia é unha cuestión simplemente de vontade política, e está a chocar coa incongruencia do Grupo Socialista, que





apoia a demanda nesta Cámara, pero se abstén en Madrid, e aínda máis, pois fala de *teatrillo*. Teatro é o que fai o señor Puente cando vén a Galicia, teatro e promesas baleiras que este Goberno no vai seguir tolerando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Grazas.

Réplica do proponente.

**O señor RODRÍGUEZ MARTÍNEZ:** Grazas, señora presidenta.

Grazas, señora conselleira, pola súa contestación e grazas por reiterar novamente o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa transferencia da AP-9 a Galicia e coa súa gratuidade.

Tal e como acaba de sinalar, as recentes declaracións do ministro Puente, que dinamitan as promesas electorais dos socialistas galegos, deixa ás claras a necesidade de exixir aínda con máis forza o que xa hai tanto tempo que levamos reclamando: transparencia, rigor e un trato xusto.

Transparencia porque o Goberno de Sánchez segue a denegarlles aos galegos a información á que teñen dereito. Por iso é imprescindible que o Goberno do Estado dea explicacións, sexa transparente e informe sobre a situación actual da concesión e dos expedientes abertos en Bruxelas en relación coas prórrogas da AP-9.

Rigor nas contas, nas de hoxe e nas de mañá. Nas de hoxe, porque urxe revisar os acordos coa concesionaria e adoptar medidas ante o excesivo enriquecemento desta, mentres os galegos padecen subas nas tarifas ano tras ano. E nas de mañá, porque é imprescindible un estudo serio e rigoroso sobre o custo do rescate da concesión, que, por certo e pese ás limitacións —como ben di—, a Xunta xa está a elaborar.

E, por último, un trato xusto porque hai apenas un mes o Goberno de Sánchez anunciou a liberalización da AP-7 en Alacante, pese a contar cunha alternativa sen peaxes. Pero a Galicia e á AP-9 o Goberno central dilles rotunda e reiteradamente «non».

Polo tanto, confiamos en que na súa réplica, señora conselleira, poida confirmarnos que o Goberno galego seguirá a exixir e a traballar por unha AP-9 cen por cento galega e cen por cento gratuíta, porque ese, e non outro, é o compromiso adquirido con Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS (Martínez Allegue):** Señoría, non dubide de que o que temos ben claro é a posición deste Goberno e que seguiremos a reclamar o que é de xustiza para os galegos; aí atoparannos sempre.



Falouse de bloqueos, de responsabilidades pasadas, de responsabilidades compartidas. Falamos do que é realmente importante, de que o Goberno central segue condenando a pagar os galegos o que non nos corresponde; de que as competencias de xestión do litoral se transfiren ao Goberno vasco, pero néganse á Xunta de Galicia, ata que o habilita o Tribunal Constitucional; de que a titularidade doutras autoestradas e autovías doutros territorios se transfiren a outras comunidades autónomas pero torpedéanse en Galicia.

Dende o Goberno demandamos un trato xusto e un trato equitativo para Galicia e que o Goberno do Estado remate xa con esa arbitrariedade, esa falta de interese que afronta cos asuntos de Galicia. Porque, señorías, estamos no Goberno central da arbitrariedade, onde as cousas suceden ou non segundo lle conveña ao Goberno. E resulta evidente que non teñen ningún interese na transferencia da AP-9 galega e que queren que nos conformemos coas bonificacións, cando o compromiso electoral acadado foi a gratuidade da AP-9 e da AP-53.

Pola nosa parte, teña por seguro que defenderemos e seguiremos a defender sempre os intereses lexítimos dos galegos, demandando a titularidade da AP-9 para Galicia e que, por suposto, veña acompañada tanto dos recursos necesarios para a súa correcta explotación como dos investimentos precisos para levar a cabo as obras pendentes. Como tamén seguiremos a reivindicar diante do Goberno central a liberación da peaxe da AP-53, de forma que se iguale o percorrido Santiago-Lalín co percorrido Lalín-Ourense, que a Xunta mantén con carácter gratuíto.

Abonda xa, señoría, de desleixo, de escusas e de agravios comparativos e de tratar os galegos como cidadáns de segunda. Abonda xa de que o Goberno central siga facendo de menos a Galicia. Porque preocúpanos e moito que se preste un bo servizo aos usuarios. Preocúpanos o que os galegos teñen ou non teñen que pagar, pero sobre todo preocúpanos a falta de transparencia do Goberno central sobre esta autoestrada.

Por iso, garantímoslle que non cederemos no noso empeño para acadar unha AP-9 galega e que non nos conformamos con bonificacións nin consentiremos que se despache esta reclamación cunha cifra e unha frase sacada de contexto ou sacada da manga, que non sabemos moi ben a que se debe, e que seguiremos a exixir que se cumpran os compromisos adquiridos polo Partido Socialista e polo Bloque Nacionalista Galego desa gratuidade da AP-9 e da AP-53.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.

**Pregunta de D. Daniel Castro García e D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia en relación coa dotación médica do Centro de Saúde do Valadouro**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Para formular a pregunta, e por un tempo de tres minutos, ten a palabra don Daniel Castro.



**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas, presidenta.

Boa tarde, señor conselleiro.

Mire, (*O señor Castro García amosa unha fotografía.*) aquí están as xentes do Valadouro o pasado abril, porque basicamente non tiñan médico nin médica no centro de saúde, así tal cal un centro de saúde sen médicos nin médicas. E isto débese a que ao Partido Popular lle dá por non cubrir nin as xubilacións nin as baixas nin as vacacións.

E, ademais, ¿como foi o caso? Recordemos: o Centro de Saúde de Valadouro ten dotadas, porque así o di o propio Sergas, dúas prazas de médicos e de médicas. Pois hai xa máis dun ano xubíbase con setenta anos — algo impensable, algo que non se podía programar, non se esperaba— un dos dous doutores que había no propio centro.

Así, a partir de marzo e abril, as xentes do Valadouro acudían ao seu centro de saúde e atopábanse a maioría dos días sen ningún médico no seu centro de saúde. ¿Por que? Porque o outro dos dous médicos tamén se xubilara; algo tamén que fala moi ben da xestión e de como o programa o propio Sergas.

Aquí, posteriormente, o Sergas deu unha solución bastante clara, que dixo que o ía cubrir inmediatamente e ía volver á situación de normalidade. Díxoo «casualmente», porque sempre o Sergas é moi de casualidades, xusto o día anterior á propia concentración, pero pasaron as semanas e a única realidade que temos enriba da mesa é que acode unha médica unhas cantas horas á semana a pasar consulta.

Entón, aquí hai dúas opcións. É certo que non se lle pode achacar evidentemente a vostede todo o que herdou da Consellería que agora leva. Pero a normalidade da que vostedes falaban é que nun concello onde hai mil novecentas persoas se atenda soamente no seu centro de saúde unhas cantas horas á semana, ¿ou isto foi un pouco para ir tirando a ver se non saía ben a concentración e balóns para arriba e seguimos xogando?

A realidade que está ocorrendo agora no Valadouro é que moitos dos seus habitantes xa están pasando directamente a cartilla ao concello veciño de Alfoz. E isto é un pouco o efecto dominó: do Valadouro para Alfoz e de Alfoz para Burela, e conxestión absoluta en todos lados.

Entón a pregunta é clara: ¿que van facer?, ¿van seguir tirando o balón para arriba?, ¿van intentar seguir mentindo un pouco á xente?, ¿ou directamente vanlle dicir que se teñen que acostumar? Xa nos dixeron que nos tiñamos que acostumar a que non houbera pediatra en todos os concellos de Galiza, pois teranlle que dicir á xente que se acostume a que non haxa médicos e médicas no seu centro de saúde.

¿Van facer como en Ribadeo, como en Foz, como en Trabada, como en Viveiro, como no Vicedo, como en Cervo, como en Muras, como na Pontenova, soamente na Mariña, que cando non hai médico de familia, cando non hai pediatra, pois que nos teñamos que acostumar e xa chegará un milagre? ¿Van seguir botando balóns fóra cando teñen as



competencias exclusivas? ¿Ou ao mellor é que no Valadouro tamén o feito de que non teñan nin médicos nin médicas é culpa de Cataluña?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Para dar resposta ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Caamaño.

**O señor CONSELLEIRO de SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidenta do Parlamento, señorías.

O primeiro que deberían facer vostedes é falar con propiedade, porque a linguaxe importa e non todo vale. E coido que non é propio dun representante público dicir cousas como as que vostedes din en relación coa atención primaria, porque, ademais de non responder á realidade, son unha irresponsabilidade.

Para falar con propiedade, sen demagoxias nin partidismos, o primeiro que deberían facer vostedes é recoñecer que en Galicia e en España hai un problema común e xeneralizado de falta de médicos. E iso, señorías, é responsabilidade do Goberno de España. Si, do Goberno de España, que vostedes sustentan. Porque explícollelo por se non o teñen claro: as comunidades temos competencia na planificación e contratación de efectivos para o noso sistema de saúde público, pero é o Goberno de España o responsable de facilitar que haxa médicos e tamén o responsable de dotar o marco xurídico necesario que permita que poidamos facelo.

Na Xunta estamos desexando contratar médicos, pero o problema é que non os hai. E o que é peor, pese ás solicitudes reiteradas que lle temos feito ao Ministerio de que modifique o sistema de elección de prazas MIR ou que flexibilice os criterios de acreditación de centros e unidades docentes, non o fai.

Señoría, ¿por que non lles din isto tamén aos veciños do Valadouro?, ¿por que non lles explican que os problemas que están a padecer veñen derivados dun problema de raíz que é responsabilidade do Goberno estatal?

O Centro de Saúde do Valadouro ten unha dotación de dous médicos de familia e unha enfermeira. Vostedes aluden á xubilación dos dous médicos. Certo, un xubilouse no verán do ano pasado, ao cumprir setenta anos; o outro o pasado mes de maio. Pero o que vostedes non lles din aos veciños do Valadouro é que se o Goberno España atendese as demandas da Xunta e se modificase o Estatuto marco para elevar ata os 72 anos a idade máxima para o exercicio da profesión, pois igual non teríamos a situación que hoxe temos no Centro de Saúde do Valadouro.

En todo caso, señoría, asegúrolle que na Xunta non quedamos de brazos cruzados e estamos a facer todo o posible para cubrir os dispositivos asistenciais.

Señoría, na miña segunda intervención dareille todos os detalles, pero xa lle adianto (*Murmurios.*) que os veciños do Valadouro disporán este verán de dous facultativos, dous facul-



tativos que cubrirán as dúas prazas do centro de saúde do municipio, tendo garantida a asistencia sanitaria tamén na época estival.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica do señor Castro.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Grazas de novo, presidenta.

Ben, conselleiro, eu o que sei que van facer na época estival é pechar trinta e oito camas no Hospital de Burela. Non sei como se atenderá así nese hospital, xusto nunha comarca que aumenta a súa poboación moitísimo entre xullo, agosto e mediados de setembro, que é ata cando o van facer.

Pero moi ben, «prazas MIR», chegou o titular, a escusa de prazas MIR. Prazas MIR deste ano en Burela cubertas, unha de seis. Prazas MIR de Burela do ano pasado cubertas, cero de seis. Sempre digo o mesmo: será que na Mariña se vive fatal, será que da Mariña queren fuxir, pero eu creo que non, que se viven ben na Mariña, que temos todo para ter unha calidade de vida marabillosa. Pois, non, os servizos sanitarios non tanto, nin as comunicacións nin as infraestruturas. *(Aplausos.)*

Pero é que a escusa cae rápido. Vostede díxonos aquí que van estar cubertas. ¡Oxalá!, asinamos isto pero inmediatamente, é o que queremos e para iso o traemos aquí. Pero é que a realidade se está impondo, e o normal é que ocorra o que pasa coas prazas MIR. Porque se imos, por exemplo, a Viveiro, normal que a xente non queira vir para a Mariña cando vai ter que facer sesenta citas ao día, cando está un médico soamente nun centro de saúde para dezaseis mil habitantes. Ao mellor, iso ten que ver e, ao mellor, as condicións laborais teñen que ver para poder cubrir as prazas, e por iso no Centro de Saúde do Valadouro non hai ninguén.

O Centro de Saúde do Valadouro tamén, que ademais compartía ata hai dez anos —porque isto xa vén de hai tempo— o servizo de Pediatría co concello de Alfoz. E quitáronllo. Logo, quererán que a xente tamén viva no medio rural.

Se é así como vostede di, dígolle eu que pola miña parte e por parte do BNG que encantados que así sexa, ata agora a hemeroteca di o contrario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, o señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Señoría, escoitando as súas palabras parece que é vostede alleo á realidade e que descoñece totalmente o traballo que estamos a realizar na Xunta para garantir a mellor asistencia sanitaria aos galegos no verán.



Señoría, hai unhas semanas activamos o Plan de cobertura e reforzos de atención primaria en toda Galicia, ao que imos destinar 12,5 millóns de euros. Ese plan recolle un conxunto de medidas ordinarias e catro medidas extraordinarias para cubrir o verán. Vostedes ese traballo de planificación que temos realizado na Xunta para a cobertura de verán prefiren obviar, non teñen o máis mínimo reparo en colgarlle á Xunta a responsabilidade da falta de médicos, cando saben que non é así, que é a competencia do Goberno do Estado que vostedes sustentan.

Señoría —xa llo dixen—, pese á escaseza de médicos que estamos a padecer e pese á inacción e a falta de adopción de medidas por parte do Executivo estatal, imos cubrir con dous facultativos as vacantes no Centro de Saúde do Valadouro, garantindo a asistencia no verán.

En canto á xubilación dos dous médicos de familia do Valadouro, explícolle os detalles. A primeira xubilación foi o pasado ano, unha praza que se foi cubrindo en función da dispoñibilidade de profesionais que tiñamos en cada momento. Unha vez que quedou vacante transformámola en praza de facultativo especialista en Atención Primaria. Isto permitiunos incluíla nas prazas de difícil cobertura na convocatoria que imos facer neste ano. Unha medida da Xunta, por certo, señoría, á que vostedes votaron en contra en dúas ocasións neste Parlamento.

O outro médico xubilouse no pasado mes de maio. Desde a xubilación deste facultativo sempre se cubriu a praza, agás tres días puntuais, e neses tres días a asistencia aos veciños quedou garantida a través do 061 e tamén do Centro de Saúde de Alfoz, que se atopa a catro quilómetros de distancia, ademais do propio Servizo de Atención Primaria de Burela, que é o centro de referencia.

Polo tanto, fixemos un grande esforzo para manter estas coberturas, e así o seguimos a facer. Consequimos incorporar un médico de familia a tempo completo nunha das prazas, un médico de familia que se incorporará nos primeiros días do mes de xullo ao Centro de Saúde do Valadouro. A maiores desta incorporación, un dos médicos residentes de familia —unha desas ocorrencias— axudará no verán cubrindo a segunda praza do Centro de Saúde de Valadouro. Ademais, seguimos traballando fundamentalmente con enfermería no Programa de atención a pacientes crónicos para mellorar a súa asistencia dunha forma proactiva e no seu propio domicilio.

Polo tanto, a Xunta traballa e pon enriba da mesa solucións, co obxectivo de garantir a mellor atención sanitaria posible aos veciños do Valadouro, que este verán disporán de dous facultativos, —insisto— dous facultativos para atender as súas necesidades de asistencia sanitaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Imos coa última pregunta.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a continuidade do Centro de Saúde de Doiras, no concello de Cervantes**



**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra dona Olalla Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Boa tarde.

Eu tamén vou ser directa, conselleiro: ¿van pechar o consultorio de Doiras, no concello de Cervantes? Pregúntollo porque as persoas que viven neste lugar deste concello da montaña de Lugo están sen médica desde o 21 de xuño, despois de que a persoa titular, exercendo os seus dereitos laborais, marchase a outro lugar e despois de que o Sergas lle dixese á enfermeira que fose cubrir as vacacións durante os meses de verán ao Centro de Saúde de San Román.

Agora, 238 persoas vense obrigadas a percorrer máis de vinte quilómetros para ver un médico. É xente que na súa maior parte ten máis de 65 anos, que carece ademais de transporte público, e dependen do seu propio vehículo, se conducen e o teñen, ou da vontade dun familiar ou dun veciño.

¿Onde queda aí a accesibilidade e a proximidade que debe presidir o acceso á sanidade pública? ¿É consciente a Xunta de Galiza, o Goberno do Partido Popular e vostede mesmo, do enorme prexuízo que supón para a veciñanza de Doiras pechar o consultorio?

Nós traemos hoxe esta pregunta aquí despois de que nos chamase a veciñanza de Doiras amosando unha enorme preocupación, que compartimos desde o BNG, e despois ademais de ver como o Partido Popular en Cervantes case que daba por feito o peche do consultorio, ademais asegurando ou baseándose ou intentando xustificar a decisión apelando a uns datos do Sergas que lle daba a Xerencia da área sanitaria, que dicía que o Consultorio de Doiras tiña unha carga asistencial —e cito literalmente— «moi baixa», tendo unha media de doce pacientes por semana. E eu, claro, pregúntome: para o Partido Popular, ¿canto hai que enfermar á semana para que te atendan no teu centro de saúde? (*Aplausos.*)

Porque vostedes trasladan unha idea que é moi preocupante e perversa, crea galegas de primeira e galegas de segunda, en función de onde vivas. Vostedes cren no Partido Popular que hai unha parte do territorio e da poboación que vive nel ao que non lle sae a renda prestarlle servizos públicos. Son poucas doce persoas; que vaian a outro lado ao médico ou que marchen directamente de alí.

Pero resulta que detrás desas cifras e deses números hai xente, hai persoas de carne e óso. (*Aplausos.*) É o caso de Asunción e Manuel, de San Martiño, que teñen máis de sesenta anos os dous e que non conducen, ou de Toño, do Pando, que está na mesma situación. E estas persoas teñen que facer máis de corenta minutos para ir ao médico.

Volvo preguntarlle o mesmo: ¿vai deixar o Goberno do Partido Popular a toda esta xente sen asistencia no Consultorio de Doiras?

Máis nada. (*Aplausos.*)



**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Para dar resposta ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO de SANIDADE (Gómez Caamaño):** Presidenta do Parlamento.

Señorías.

A sanidade pública da nosa comunidade conta neste ano cun orzamento máis alto da súa historia, cinco mil millóns de euros, consignados á protección da saúde dos galegos, e ten tamén o maior número de persoas traballando: 43.700 profesionais contratados. Señoría, a sanidade pública medra en recursos, medra en profesionais e medra en prestacións. Os recortes son unha mera fantasía da oposición, que non ten respaldo nin na realidade nin nos datos. *(Aplausos.)*

Nos últimos anos, a Xunta conseguiu ou reformou cento trinta e cinco infraestruturas de atención primaria, moitas da provincia de Lugo. Levantamos o primeiro centro integral de saúde de Galicia, o CIS de Lugo, construímos o novo centro de saúde de Escairón e estamos a impulsar os proxectos de Antas de Ulla, Pantón, Ribadeo ou Outeiro de Rei, entre outros. Pronto comezará a reforma do centro de saúde da Milagrosa, tamén en Lugo, e esta mesma semana o Consello da Xunta aprobou o acordo de aceptación dos terreos para o novo centro de saúde de Becerreá.

O que está a facer este Goberno coa sanidade pública é exactamente o contrario do que lle gustaría ao BNG: a Xunta do Partido Popular aumenta o orzamento sanitario, contrata máis profesionais e constrúe novos centros de saúde. Agardo que non se sintan decepcionados.

Galicia, como todas as comunidades, padece as consecuencias dun problema xeral de déficit de profesionais sanitarios, especialmente especialistas de Atención Primaria, e debido a ese problema cando os médicos exercen os seus dereitos a xubilarse, a trasladarse, a coller unha baixa ou a desfrutar das súas vacacións, hai dificultades para substituílos. E iso pasa en Doiras e no Pireneo catalán. Pero para o BNG só pasa en Galicia, e a culpa é da Xunta do PP, e se pasa en Cataluña é mala sorte.

Pero a maioría dos gobernos autonómicos cremos que, como se trata dun problema común, precisamos dunha resposta común. Por iso pedímoslle ao Ministerio de Sanidade modificar o sistema MIR, axilizar a homologación de títulos de médicos estranxeiros, ampliar ata os 62 anos a idade para que os médicos que o desexan poidan traballar. O Ministerio de Sanidade fai oídos xordos. E o BNG, lamentablemente, entre apoiar as demandas da Xunta para garantir a asistencia sanitaria e apoiar o Goberno de Pedro Sánchez, o BNG sempre elixe o segundo. ¡Alá vostedes!

Nós poñemos por diante aos galegos e buscamos solucións. Por iso, os 238 veciños de Doiras teñen este verán garantida a súa asistencia sanitaria, e ata finais de mes contan con atención de enfermería en Doiras, e a partir do 1 de xullo, como nos anteriores veráns, terán atención médica e de enfermería no seu concello de Cervantes, no Centro de Saúde de San Román.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*





**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Réplica da señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Conselleiro, estívome falando de toda a provincia menos dos Ancares; eu xa pensei que non chegamos alí arriba. *(Aplausos.)* Non sei, se quere que lle pregunte polo Pireneo catalán, pero eu estou bastante aterrizada aquí en Galiza, e preocúpame como queda unha comarca da alta montaña.

Voume máis preocupada do que cheguei, porque eu pensei que me ían dicir que ían convocar a praza vacante no mes de setembro, e o que me acaba de dicir vostede é que, a partir do mes de xullo deste ano, a xente de Doiras, 238 persoas, van ter que facer máis de vinte quilómetros para ir recibir asistencia sanitaria ao Centro de Saúde de San Román.

Eu vólvolles dicir que detrás desas cifras o que están provocando vostedes é que xente que ten máis de 65 anos, que non conduce e que depende directamente da vontade dun familiar ou dun veciño teña que andar corenta minutos en coche, en coche de alguén, para que o vexa o seu médico de cabeceira.

A min o que me aterroriza —xúrolllo de verdade— é a situación na que están deixando vostedes a sanidade pública deste país. Nunca tantos recursos houbo, nunca tantos profesionais houbo e nunca tanta xente estivo sen médico e sen pediatra, *(Aplausos.)* ¡sen médico e sen pediatra!

E dime vostede —acabamos de oílo e repíteno até a saciedade— que a solución é que se convoquen máis praces MIR. ¿Para que?, ¿para que queden máis prazas vacantes? *(Aplausos.)* Os últimos anos, só os últimos dous anos, quedaron oitenta e dúas prazas de médicos de Familia, de médicos de Atención Primaria sen cubrir. ¿Queren máis prazas MIR para deixar máis prazas baleiras?

O problema, señor conselleiro, é que a xente escapa coma se viñese o demo detrás das condicións de traballo que se atopan nos centros de saúde. *(Aplausos.)* E o que me preocupa a min e ao Bloque Nacionalista Galego, señor conselleiro, é que vostede veu aquí dicirme que si, que efectivamente á pregunta que eu lle facía ao comezo é que van pechar o Consultorio de Doiras, que lles deixan medio mes unha enfermeira e que o resto do tempo a partir de agora van ter que percorrer máis de vinte quilómetros na alta montaña de Lugo. Eu creo que vostede nunca pisou aquela parte do país; vaia vostede de verdade, porque non son vinte quilómetros en liña recta. Van deixar toda esa poboación, duascentas trinta e oito persoas, aos pés dos cabalos. É triste, lamentable e vergoñento, e ímololo parar pola vía que sexa, se hai que facer mobilizacións faranse.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Réplica do Goberno, o señor conselleiro.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño):** Señoría, agradézolle a súa preocupación polas dificultades da prestación sanitaria na montaña de Lugo e noutras zonas do rural. Quero pensar que esta inqueda do BNG supón que o seu grupo vai empezar a apoiar as medidas coas que desde a Xunta estamos a combater o problema de falta de médicos, porque se a súa preocupación pola sanidade pública é real, vostedes teñen que facer algo distinto.

Señoría, poden empezar por recoñecer o problema de verdade. O problema non é a Xunta nin é o PP, o problema é que faltan médicos en toda España, e o Ministerio de Sanidade non fai nada para solucionalo.

Pídolle ao BNG que demostre que lle importa a sanidade pública, e a próxima vez que traíamos a esta Cámara medidas extraordinarias para combater a falta de médicos non volvan votar en contra. Vostedes votaron en contra da contratación de médicos para o rural.

¿Non lle parece unha postura algo hipócrita vir aquí a estas alturas lamentarse de que faltan médicos na montaña de Lugo? A Xunta leva tempo traballando e poñendo sobre a mesa solucións fronte a este problema, e o BNG tan preocupado pola sanidade pública, ao final, pon as siglas por diante e vota en contra. Pero poden cambiar, pídolles que o fagan: apoiem o plan especial para a cobertura do verán dotado con 12,5 millóns de euros, para garantir a asistencia sanitaria neste período de vacacións.

Recoñezan o esforzo do Goberno galego para incrementar a formación de especialistas coa oferta de prazas máis ampla da nosa historia, seiscentas cincuenta e sete prazas MIR e o cen por cento das prazas de Atención Primaria convocadas, e únanse á Xunta para reclamarlle ao Goberno de España que active as medidas para que haxa máis médicos cos que poidamos contar na nosa sanidade pública. Iso é traballar de verdade pola asistencia sanitaria dos veciños de Doiras, dos concellos da montaña de Lugo e de toda Galicia.

A praza do médico dese consultorio acaba de quedar vacante, pero reitérolle unha vez máis: os douscentos trinta e oito veciños de Doiras teñen totalmente garantida a asistencia sanitaria no seu concello de Cervantes. Teñen a asistencia de enfermería durante esta semana no consultorio, e a partir do día 1 de xuño, como todos os veráns, terán a asistencia médica e de enfermería no Centro de Saúde de San Román, na capital do municipio.

Coñecemos a dispersión territorial, por iso imos reforzar neste municipio os programas de atención á cronicidade, levando os coidados de forma proactiva aos domicilios dos pacientes. Son programas nos que reforzamos o papel de enfermería e que van achegar valor engadido á asistencia sanitaria aos veciños de Cervantes. A ver se desta volta contamos co seu apoio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Esta era a última pregunta da sesión de hoxe, polo que rematamos e deséxolles boa tarde a todos.


*Remata a sesión ás cinco horas e cincuenta e nove minutos da tarde.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Abalde Alonso, Julio Ernesto	S	39. Mouzo Mas, Paula	P
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P	40. Ojea Bouzo, Armando	M
3. Arias Rodríguez, Raquel	P	41. Pazos Couñago, José Alberto	P
4. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	42. Pérez Fernández, Rosana	BNG
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	43. Pérez López, José Daniel	BNG
6. Barreiro Sánchez, Enrique	P	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pomar Tojo, Carmen María	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
9. Candia López, María Elena	P	47. Prado Cores, María Montserrat	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado del Río, Paula	P
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Prieto Perille, Pablo Javier	P
13. Castro Rey, Paloma	S	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Deza Martínez, María	P	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Espinosa Mangana, María Elena	S	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Fernández Alfonso, Ramón Tomás	BNG	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Davila, María Cristina	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Fernández, Secundino	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández González, Ariadna	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández Rosende, Jesús María	P	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Ferro Iglesias, José Luis	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. García Comesaña, Julio	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García González, Patricia	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Gómez Besteiro, José Ramón	S	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. González Iglesias, Carmela	BNG	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. Grueira Fernández, Nicole	P	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Iglesias Rey, Patricia	S	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Insua Lema, Óscar	BNG	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Longueira Castro, Silvia	S	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. López Font, Carlos	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. Lorenzo Gómez, Rubén	P	73. Vereza Fraiz, Borja	P
36. Marnotes Fernández, Argimiro	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Mato Díaz, José Manuel	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Méndez López, Lara	S		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

